Este articulo pretende, a través de la descripción de algunas piezas selectas, sobre todo cerámicas, encontradas durante las intervenciones arqueológicas en el mercado municipal de Pontedeume y posteriormente utilizadas para una breve exposición temporal en el torreón de los Andrade, adyacente el mismo mercado, evidenciar la importancia de contextualizar, cuando sea posible, eventos expositivos en lugares que históricamente pertenecen a la misma época del material expuesto, y al mismo tiempo la fundamental importancia de su divulgación con proyecto didácticos ad hoc.

Palabras crave
exposición, escavación arqueolóxica, cerámica, contextualización, divulgación.

Palabras clave
exposición, excavación arqueológica, cerámica, contextualización, divulgación.

1. INTRODUCIÓN

a) Obxectivo: a importancia de expoñer restos arqueolóxicos *in situ*

Con este breve estudo, que relata unha exposición que se organizou, no marzo do 2016 (de o 19 ao 27, contando logo cunha prorroga dunha semana), propoñemos destacar a importancia de expor restos arqueolóxicos *in situ*. A relación está entre o contido da mesma exposición e o espazo onde se desenvolve.

En segundo lugar quérese evidenciar a significación de organizar unha pequena mostra temporal, como foi "Anacos dunha vila medieval", nunha estrutura non creada para eventos deste tipo, o Torreón dos Andrade, sito no corazón da vila de Pontedeume. Compre subliñar que aínda así, a estrutura adaptouse axilmente a unha exposición que lle pertencía totalmente, dende un punto de vista histórico. Tratouse dunha presentación pública duns poucos fragmentos, sobre todo cerámica, atopados durante a campaña de escavacións efectuada en Pontedeume durante o xullo do 2014, nunha zona adxacente ao mesmo Torreón e pertencente ao mesmo complexo arquitectónico do cal o Torreón era o elemento defensivo e sen dúbida máis representativo do Pazo dos Andrade.

Ultimo elemento que habería que destacar é o feito de que a proposta didáctica que se ofreceu aos colexios e aos institutos da vila de Pontedeume tivo un éxito moi satisfactorio, os alumnos do I. E. S. Breamo (*fig. 1*), CPR Luís Vives, CPR San José GOA,

Figura 1. 1º da E.S.O. del I.E.S. Breamo, Pontedeume en visita a exposición

aínda sendo de idades moi diferentes, gozaron e participaron das visitas guiadas que se lles ofreceu. Hai que, de feito, destacar a importancia de brindar a oportunidade, aos mais novos veciños dun pobo rico de historia, como no caso de Pontedeume de coñecer parte dos acontecementos da súa vila a través de elementos tanxibles, cales, neste caso os fragmentos de utensilios, vestixios da vida do lugar durante os séculos XV-XVI ("*a todolos nenos que teñen a sorte de poder ademizar a belezados seus moimentos,para que os comprendan, os quieran e os respeiten, xa que forman parte moi importante da sua mesma historia*"[1]).

b) Metodoloxía, estrutura do traballo para exposición

As pautas que se tiveron que seguir para a realización deste evento foron :

– Solicitar ao almacén correspondente do material en cuestión (o museo arqueolóxico do Castelo de San Antón en Coruña) de poder seleccionar as pezas que podían interesar para a realización da exposición.
– Cubrir unha solicitude de préstamo temporal con descrición das pezas, das condicións climática do lugar de exposición, unha planta do mesmo cos seus acceso e a súa iluminación, o sistema de transporte e un seguro que cubría todo o tempo do préstamo, todo asinado polo alcalde e a organizadora.
– Enviar a solicitude en dobre copia ao museo del Castelo de San Antón e a delegación da consellería de Educación e Cultura a Santiago de Compostela, e despois esperar que todo o trámite administrativo autorizase o préstamo temporal das pezas.
– Unha vez obtido o permiso, houbo que ir á sede da Xunta de Galicia en Santiago buscar a autorización e con ela recoller as pezas do castelo de San Antón onde, cunha acta de saída das mesmas a técnica do museo autorizou levalas .
– A continuación levouse unha vitrina, que o circulo filatélico de Pontedeume doara ao Concello, na planta baixa do Torreón (*figg. 2, 2 bis*), limpouse, encheuse coas pezas acompañadas algunhas con deseños reconstrutivos, para que o visitante puidese ter unha idea de como podía ser a forma orixinal das vasillas (*fig. 3*).

Estas foron as accións que se efectuaron para levar acabo a idea desta exposición, aínda que nun secundo momento, unha vez acabado o prazo do préstamo, xurdiu a posibilidade de involucrar os colexios da vila pedindo unha prorroga do mesmo que foi rapidamente concedida, ofrecendo así a oportunidade explicar aos nenos e rapaces de Pontedeume un pequeno tramo da historia do lugar onde residen, a través de fragmentos de vida cotiá.

1. Dosil Felipez, Ignacio, *Pontedeume –conxunto monumental adicado os nenos,* A Coruña, 1982, depósito legal C-996-1982.



Figura 2. Plano da planta baixa do Torreón e sección



Figura 2bis. Plano da planta baixa do Torreón e sección

Figura 3. Vitrina coas pezas da exposición

2. Breve introdución á historia de Pontedeume e ao pazo dos Andrade

Segundo Couceiro Freijomil[2], a historia de Pontedeume non comenza ata o ano 1270, data na que por *"virtude dunha representación que ó rei Alfonso X fixeran os veciños dunhas trinta parroquias queixándose das tropelías que con eles cometían os cabaleiros, escudeiros, e outros omes malfechores, que lles tomaban o deles contra da súa vontade, outorgándolles privilexio, expedido o 30 de decembro dese ano, para que poboasen o lugar que chamaban Ponte do Eume e fixesen vila nel e gardasen alí o seu pan e o seu viño, concedéndolles un mercado mensual e o foro de Benavente para se xulgar"*.

Os privilexios mencionados foron confirmados posteriormente por Don Juan II no ano 1434, a través de carta real que se conserva na Casa do Concello, e por Don Enrique IV no ano 1464, demostrando o progresivo melloramento da vila.

Pero a evolución histórica de Pontedeume está ligada á Casa de Andrade. Enrique de Trastámara concede a Don Fernán Pérez de Andrade no ano 1371 os señoríos de Pontedeume e Ferrol. Será o descendente Don Nuño Freire de Andrade coa súa despótica forma de goberno, situación por outra parte xeral en toda Galicia, o que provocará un dos episodios máis importantes da historia galega, a revolta irmandiña. A Casa de Andrade exercerá o señorío ata a súa abolición o século pasado, pero emparentado coa Casa de Lemos a partir do século XVI, sendo esta casa a que recibirá títulos e dereitos, que pasarán finalmente á Casa de Alba.

A vila de Pontedeume estaba amurallada, accedéndose por tres portas principais: Porta da Ponte, tirada no ano 1905, Porta da Vila situada na entrada da praza da Angustia, e a Porta do Porto ou de San Miguel, a carón dunha capela da que quedaban restos das paredes no ano 1912. A vila cerraba polo oeste có Pazo dos Andrade, e polo leste, có desaparecido convento de Santo Agostiño (*fig. 4*).

Documéntanse outras tres portas, tamén desaparecidas: A Porta da Carnicería situada onde está a actual rúa dos Ferreiros, a Porta da Salga, inmediata ó Torreón dos Andrade, e a Porta do Postigo, na que se desemboca dende a rúa Fonte Nova.

O casco da antiga vila medieval limitaba polo sur coas rúas actuais da Carreira das Virtudes, a Atafona e o Postigo; polo oeste có pazo dos Andrade; polo norte coa rúa da Ribeira, que daba directamente á ría; e polo leste có convento dos Agostiños.

O monumento mellor conservado da vila é o Torreón dos Andrade que conserva na fachada o escudo familiar. Débese destacar tamén o edificio do concello que conserva a torre do reloxo do século XVII, a igrexa de Santiago có sepulcro de Fernando de Andrade do século XVI e as torres barrocas, a Casa do Arcebispo Rajoi, do século XVIII, a Cátedra de Latinidad do século XVI rehabilitada como biblioteca municipal, e a actual Casa da Cultura antigo Convento de San Agustín, renacentista.

1. Couceiro Freijomil, Antonio, *Historida de Pontedeume y su comarca,* ISBN 10: 9202860459, Ed. MENÉNDEZ LORENZO, Aida,1971.



Figura 4. A antiga muralla

O Torreón dos Andrade é o conservado na actualidade do pazo que os Andrade tiñan na vila de Pontedeume e que foi demolido no ano 1935, a pesar de ter sido declarado Monumento Histórico Artístico con anterioridade. O Torreón é obra do seculo XIV e foi mandado facer por Fernán Pérez de Andrade, O Boo.

Non é ata o ano 1951, cando se empeza a restauración do Torreón, monumento que levaba esquecido anos por parte do Concello. Con data 13 de decembre deste ano o arquitecto Antonio Tenreiro firma el "Proxecto de restauración para Museo comarcal de la Torre del Palacio Andrade de Pontedeume", que constitúe a primeira rehabilitación do Torreón, non sendo hasta 1974 el Proxecto definitivo[3].

3. As escavacións

No proxecto de remodelación do mercado de Pontedeume, segundo o establecido pola Lei do Patrimonio Cultural de Galicia (D 199/1997, que regula a actividade arqueo-

3. Tembrás Guimarey, Alba. "Rehabilitación de Casa de la Parroquia para Casa de Acogida De Mujeres", Traballo fin de grao (UDC.EUAT). Arquitectura técnica. Curso 2014/2015, 2015, p 11. http://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/14208/TembrasGuimarey_Alba_TFG_2014_01de03.pdf?sequence=2(consultado 20-28/3/2017)

lóxica na Comunidade Autónoma de Galicia), fixéronse sóndeos estratigráficos para valorar arqueolóxicamente o subsolo do espazo investigado có obxectivo de caracterizalo e ver o seu estado de conservación, si se documentan niveis arqueolóxicos.

A actuación comprendeu a realización de sondaxes en diferentes puntos do espazo a investigar có obxectivo de valorar seu potencial patrimonial, e documentar, si hai restos, as fases da súa historia. A finalidade de ese proxecto foi recoller información suficiente e representativa do espazo de traballo, denantes os traballos do proxecto técnico de execución.

Nesta fase valorativa, finalmente expúxose a realización de sondaxes distribuídas ao longo da rúa San Miguel, lugar onde se crearía un novo espazo público e no Mercado, na zona de cimentación para comprobar si se conservan restos da cimentación do Palacio dos Andrade.

Consideráronse obxectivos fundamentais do proxecto arqueolóxico:

a) Valoración arqueolóxica do subsolo.

b) Coa recuperación de restos ergolóxicos ou estruturais, caracterizar o posible xacemento arqueolóxico, súa adscrición cultural.

c) A obtención de cortes estratigráficos, resultado dos sóndeos, e a recuperación do material arqueolóxico, permitirá acadar datacións cronolóxicas.

Utilízase a cartografía do proxecto técnico básico e de execución.

A rúa S. Miguel dispón no seu subsolo a cimentación dos muros da Capela San Miguel, o muro de peche do pazo polo sueste e os muros das cortes e a Casa do Labrador; evidentemente son restos parciais de construción delimitados pola superficie das catas, e correspondese coas derradeiras fiadas no substrato, porén teñen o valor documental suficiente para situar os restos nunha planimetría actualizada.

A actuación foi realizada con medios manuais, escavación horizontal por capas –en extensión–, seguindo o andamiento natural dos niveis, localizando e descubrindo os indicios de estruturas, solos e pavimentos.

4. Os resultados

As escavacións que se levaron a cabo no xullo do 2014 foron efectuadas en a rúa S. Miguel (dúas catas), detrás do Mercado Municipal zona, que pertencía con seguridade á parte de servidume do mesmo pazo. Nestas escavacións foron atopados restos arqueolóxicos, sobre todo material cerámico testemuño da vida da vila nos séculos XV-XVI.

A cerámica é o material arqueolóxico máis común e representado dentro do conxunto recuperado durante a escavación no xacemento obxecto da intervención, documentándose ao carón de elementos metálicos, líticos, óseos, documentados en menor porcentaxe. Asemade, é un dos materiais que permiten unha maior posibilidade de realizar secuencias e datacións relativas, debido a que elementos arqueolóxicos como cravos ou

tellas non indican con tanta claridade aspectos cronolóxicos, pola supervivencia de tipos e morfoloxías durante amplos abanos de tempo.

O utensilio cerámico constitúe unha das manifestacións artesanais e industriais máis antigas e características da especie humana, e, un obxecto que por si mesmo, pode proporcionar información moi diversa: técnicas de elaboración, a composición das pastas e a selección de arxilas; a forma e a decoración falan das necesidades funcionais e estéticas, a situación económica, o nivel cultural e o desenvolvemento tecnolóxico das xentes á que pertenceu, así como do uso ao que se destinaba.

4.1 Estudio histórico artístico das pezas da exposición

As principais formas atopadas e utilizadas para a exposición son:

a) Cerámica común rexional

Estamos a falar dunha produción cunha ampla supervivencia que se pode situar nos tempos medievais e que influirá nas producións de épocas posteriores, entroncando coa denominada olaría tradicional[4]:

– Ola de borde de pestana. Quizais é o tipo máis coñecido, e probabelmente o que presenta maior variedade morfolóxica, recibindo múltiples denominacións (borde triangular, en T, en bisel, en pestana) debido á súa longa supervivencia cronolóxica. Esta forma en T irá evolucionando cara tipos de bordes realzados sen prolongación inferior. O colo é sinuoso, o corpo globular e a base plana ou lixeiramente concada ao interior. A pasta coincide co segundo tipo exposto anteriormente. Pasta fina, desengraxantes finos compostos por micas e seixos. En termos xerais é de aspecto laminado e a súa estampa é moi compacta. O exterior da peza soe ser algo máis escuro que o núcleo. O rematado das superficies limítase a un sucinto afinado na zona superior. Non se conservan fragmentos considerabelmente grandes, o que xunto coa forma de fracturar as pezas, nos leva a pensar en que poida ser realizadas en torneta, e que polo tanto fracturan pola unión dos rolos cerámicos. Sendo un modelo claramente medieval, a súa maior presenza constátase nas producións modernas, con pastas finas, paredes delgadas e abundantes decoracións impre-sas dixitais nos beizos (*fig. 5*)[5].

– Ola de borde esvasado sinxelo. Caracterízase polo seu corpo globular, om-breiro moi arqueado, dando lugar a un perfil sinuoso e borde exvasado horizontal ou oblicuo, máis ou menos recto e que remata nun beizo redondeado ou plano. A

4. Bonilla Rodríguez,Andrés y Vila, Mario Cesar *Excavación arqueológica en área en el solar de la antigua capilla y lazaretomedieval de S. Lázaro (Santiago de Compostela, A Coruña)* "Gallaecia", 2005 – dialnet.unirioja.es, ISSN 0211-8653, pp 221-226. https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1271883(consultado 20-28/3/2017).

5. del Camino Fuertes Santos, Maria, *La evolución de la cerámica medieval de Cercadilla, Córdoba. Estado de la cuestión*, "Anales de Arqueología cordobesa", ISSN 1130-9741, 2000,n.11, 217-232, http://helvia.uco.es/xmlui/bitstream/handle/10396/2849/11.10.pdf?sequence=1(consultado 20-28/3/2017).

Figura 5. Cerámica común rexional.

Figura 6. Cerámica común rexional, tapadeira

miúdo presenta un moi leve concavamento na zona interior do borde para asentar a tapadeira (*fig. 6*). Este tipo realízase coa pasta fina, presentando paredes de espesores considerabelmente estreitos, aínda que non é raro que presenten desengraxantes mal calibrados que afloran á superficie.

b) Cerámica de pastas alaranxadas/vermellas

Ao carón da produción de cerámica rexional de tradición baixomedieval, atopamos unha produción de cerámicas de pastas vermellas/alaranxadas[6], escasamente documentada neste caso. Caracterízase pola cor viva das súas pastas recipientes principalmente destinados ao servizo de mesa e de almacenaxe (*figg. 7, 8*).

Figuras 7 e 8. Cerámica de pastas alaranxadas/vermellas

c) Anforetas de indias

Documentouse a presenza de pezas cerámicas concernentes ás denominadas "Anforetas de Indias" –aínda que dun xeito moi testemuñal–, comunmente relacionadas coa colonización por parte da Coroa de Castela de América (*fig. 9*).

d) Produción esmaltadas (Louza)

Dentro deste epígrafe incluímos unha serie de produción que como principal característica presenta o recubrimento de unha ou das súas dúas superficies por medio dun esmalte estannífero. Destínanse principalmente ao servizo de mesa, As produción clásicas destas vaixelas de luxo (en fronte á cerámica común destinada ao servizo de cociña e almacenaxe, de produción local) terán un grande desenvolvemento e coñeceran

6. Prieto Martinez, María Pila; Lantes Suarez, Oscar; Vázquez Liz, Pablo y Martín Cortizas, Antonio. *La ceramica de dos tumulos de Roza Das Aveas (Outeiro do rei, Lugo)*, 2010, "BSAA Arqueología", ISSN-e1888-976X, n.76, 2010, pp: 27-62.,https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3827644 (consultado 20-28/3/2017).

Figura 9. Anforetas de India

Figura 10. Louza branca

Figura 11. Louza branca (con apéndices verdes)

unha ampla distribución debido ao comercio das mesmas, o acceso a este tipo de bens quedou limitado aos grupos sociais con maior poder adquisitivo (dentro do ámbito señorial e alta burguesía).

e) Louza branca (Columbia Plain)

Esta produción cerámica é o tipo de louza máis representativo e abundante da época baixomedieval, caracterizada por un revestimento de verniz ou esmalte de cor branco leitoso ou brillante (*fig. 10*), segundo o caso, de estaño aplicado a toda a peza, ou en casos, soamente no interior. Asociada a esta produción, teríamos por un lado a louza branca de apéndices verdes que presentan a mesma cronoloxía que as louzas brancas sevillanas, representada nos dous fragmentos de escudelas atopados (*fig. 11*).



Figura 12. Louza decorada en azul e morado



Figura 13. Louza en verde

f) Louza decorada en azul e morado

Ten a súa orixe nas olarías do sur peninsular, concretamente nas olarías de Sevilla, a fins do século XV, como copia de producións levantinas en azul e dourado, con continuidade no século seguinte, corresponderíanse con producións tardías (fig. 12), encadrábeis a finais do século XV e comezos do século XVI, documéntase a forma prato, con decoración bícroma no interior, a base de círculos concéntricos (alternando azul e morado) e motivos curvos en morado e azul, así como a forma de xarra ou tarro, decorado na zona exterior con círculos en horizontal en azul e morado e motivos en ondulados ou zigue-zague verticais tamén alternados.

g) Louza en verde

É a louza que recibe un baño de esmalte en verde. Trátase tamén dunha produción de clara cronoloxía baixomedieval que manterá a súa supervivencia ben entrada a Idade Moderna como acontece coas producións anteriores. aparece peor representada que as producións anteriores, sen definir tipos concretos, semellando responder a un servizo de almacenaxe máis que a un de mesa, documentándose grandes recipientes contedores (*fig. 13*).

h) Louza de tipo talaveriano

A louza decorada en azul é unha das producións máis numerosas debido a que o azul é a cor cerámica por excelencia, o que máis se aplicou nas louzas e porcelanas chinas como nas europeas dos distintos estados e épocas. O cobalto é un óxido que no Medievo se exportaba de Irán, primeiramente a través do mundo musulmán, e posteriormente por medio dos venecianos. Non era un produto sinxelo de conseguir, nin barato, pero tivo grande éxito entre os oleiros debido a que con pouca cantidade se podían decorar



Figura 14. Louza de tipo talaverano

numerosas pezas e amais proporcionaba trazos limpos, de grande impacto e forza visual (*figg. 14, 15*).

i) Cerámica vidriada/olaría tradicional e porcelana

A súa produción nas olarías galegas a partir do século XVI-XVII, cando comezan a configurarse os principais centros produtores de olaría tradicional galega. Por exemplo, en Buño acredítase a actividade oleira desde o século XVI (*figg. 16, 17*)[7].



Figura 15. Louza de tipo talaverano

Figuras 16 y 17. Cerámica vidrada/olaría tradicional e porcelana

7. Rosselló, Guillem. *Algunas consideraciones sobre la cerámica en verde y manganeso,* "Cuadernos de Madinat al-Zahra" ISSN1139-9996, n. 1, 1987(Ejemplar dedicado a: I Jornadas sobre Madinat al-Zahra), pp. 125- 137. https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4172806. (consultado 20-28/3/2017)

j) Cerámica enchinada

Coñecese por enchinados as pezas de cerámica que se decoran con inclusións de seixo ou barita no seu exterior, formando debuxos, os motivos decorativos inclúen a formación de motivos xeométricos (triángulos, círculos, liñas) coa incrustación das pedras de seixo, liñas incisas e círculos impresos (*fig. 18*).

k) Cerámica de construcción (Azulexería)

Atribúese ao sistema de cubrición dos edificios (as tellas, curvas ou planas). Realízanse coa axuda dun molde de madeira co motivo tallado en negativo. Este presionábase sobre o barro fresco producindo un relevo que, despois de biscoitar a peza, permitía distribuír os óxidos cromáticos nas concas resultantes e cocer por segunda vez. O carácter mecánico desta labora permitiu prescindir de mestres pintores, aumentar o



Figuras 18. Cerámica enchinada | Figura19. Cerámica de construción (azuxelería)

volume de produción e abaratalos custes. Tradicionalmente considerouse este xénero como expresión da cultura mudéxar. Os exemplares de azulexos expostos presentan fondo branco e decoración realizada mediante a técnica da arista para que non se mesturen as cores dos diferentes vedros. Os motivos decorativos (en cores como o azul -cobalto-, verde, amarelo –melado– e o morado –manganeso–) responden a temas xeométricos coñecidos como de lazo formando estrelas de 8 e eslavóns ou deseños radiais con motivos vexetais (*fig. 19*).

l) Cerámica de construcción (Tegulae)

Como sinalamos con anterioridade, documentouse un fragmento moi rodado do que podería ser unha tegulae con pestana ou engarce lateral. Aparece moi rodada e desgastada, o que suxire que non aparece nun contexto primario, e que debe responder a aportes realizados durante a ocupación da superficie onde se realizou a actuación arqueolóxica[8] (*fig. 20*).

Figura 20. Cerámica de construción (tegulae)

Desde unha perspectiva xeral, as producións do que denominamos Cerámica común rexional son as máis abondosas, feito motivado por pertencer á etapa na que se desenvolve a principal ocupación e que presenta unha ampla supervivencia –tanto na súa etapa baixomedieval como nos séculos da Idade Moderna–. Non sempre é posíbel determinar claramente cambios ou variacións na industria cerámica que se corresponden con trocos en épocas culturais ou cronolóxicas. Así, de exemplo, o troco entre Plena Idade Media e Baixa Idade Media, que xa é de por si difuso cronoloxicamente, non permite contemplar un cambio drástico nas diferentes épocas, do mesmo xeito que entre o paso da Baixa Idade Media e a Idade Moderna, a cabalo do séculos XV e XVI, non se representa por un troco definitivo ou significativo nos xeitos de elaboración das cerámicas. Por iso, o que denominaremos cerámica común rexional de tradición baixomedieval tratase dun amplo conxunto que responde a criterios morfolóxicos e técnicos propiamente baixomedievais e que supervivirá e evolucionará durante os séculos XVI e XVII, polo que non se producirá unha fractura clara coa olaría anterior.

Despois desta produción, destaca a presenza da coñecida como Columbia plain na bibliografía anglosaxona, que podemos identificar como Louza branca. Esta produción caracterízase por presentar un esmalte superficial a base de estaño (esmalte estannífera) de cor branco (sobre o cal se pode deixar a peza lisa ou decorada con pinturas a base de óxido de minerais, dando lugar a outras series cerámicas ben coñecidas, como a azul e morado). Esta louza branca, que pode presentar en ocasións os apéndices decorados en verde (ou mesmo a metade da peza), representa do mesmo xeito que a cerámica común rexional de pastas grises ou negras, unha ponte entre os séculos do Baixomedievo e a

8. AA.VV., *Análise dos materiais céramicos recuperados na actuación arqueolóxica no mercado de San Miguel* (Pontedeume, A Coruña), 2014, pp. 6-26.

Idade Moderna, sen que o cambio de etapa supoña o abandono completo da fabricación desta produción. Así, sendo unha produción moi característica dos séculos XIV e XV da olaría sevillana, manterase durante o século XVI, pasando a ser realizada tamén en olarías meseteñas. Ao carón desta louza branca, temos tamén algún fragmento pertencente á coñecida como Isabella Polychrome, ou louza decorada en azul e morado. Tamén presenta unha procedencia orixinal das olarías sevillanas, sendo unha copia e imitación das producións en azul e reflexo dourado levantinas.

A súa cronoloxía tamén reflicte o mesmo que o caso da louza branca, sendo característica do século XV, mais con supervivencia no séculos XVI e XVII sendo fabricada en outros centros oleiros meseteños despois do declive dos centros oleiros sevillanos. Ao carón aparece tamén louza esmaltada en verde, aínda que dun xeito máis testemuñal.

As anteriores producións cerámicas son as mellor representadas, documentándose dun xeito máis homoxéneo, polo que será nelas nas que irá baseando o criterio no momento da datación de los niveis estratigráficos.

Por outro lado, tamén temos a presenza de anforetas de Indias –nunha porcentaxe case testemuñal e sen elementos morfolóxicos destacábeis-, destinadas ao almacenaxe e relacionadas co transporte marítimo. Herdeiras da tradición clásica, as anforetas coñeceran unha grande produción a partir do século XVI con motivo da apertura das rutas comerciais coas Indias occidentais.

En xeral, podemos sinalar que estamos ante un conxunto ceramolóxico que se centra principalmente en torno aos séculos XV e XVI (cerámica común rexional, cerámica de pastas vermellas alaranxadas, louza de tradición mudéxar –branca, verde, azul e morada– e anforetas de Indias), con mostras de louza e cerámicas comúns de época moderna –séculos XVI a XVIII– (louza de estilo talaverano, cerámica común de época moderna), entroncando coa porcelana e a cerámica vidrada da olaría popular xa de séculos contemporáneos.

4.2 Confrontacións con casos parecidos

a) Cerámica de pastas alaranxadas/vermellas

A procedencia deste tipo de produción debémola situar ben en terras portuguesas/extremeñas, ou meseteñas (Zamora ou Valladolid), cunha cronoloxía situada entre os séculos XVI e XVII.

b) Anforetas de indias

Hai moi poucas referencias sobre este tipo cerámica, tendo que remitir en moitos casos a referencias ou estudos anglosaxóns que se centran en xacementos ingleses ou americanos, relacionados coas actividades mercantís coa península, e centrándose cronoloxicamente a partir do século XV-XVI. Deste feito, en Inglaterra teñen documentado

anforetas procedentes do comercio coa península en contextos anteriores a 1500: 1470-1500, en xacementos de Plymouth.

No ano 1992, Riu Martín[9] publicou os resultados dunhas intervencións arqueolóxicas nas bóvedas de igrexas góticas barcelonesas do século XIV onde aparecen anforetas, o que sinala a súa existencia en época baixomedieval.

Estes recipientes de cerámica son herdeiros da tradición oleira do Mediterráneo, con orixe na Antigüidade Clásica, con formas indicadas para a estiba e transporte en augas axitadas. Esas formas permitían maximizar a integridade estrutural do contedor, en canto a pequena abertura que posuían permitían un feche máis sinxelo cun mínimo de cámara de aire no interior. Estes recipientes eran produtos utilitarios, o que se amosa na deficiente calidade de fabricación, xa que debido ao inxente comercio coas Indias americanas, a cantidade destes recipientes tivo que ser necesaria dabondo.

c) Producións esmaltadas (Louza)

A súa chegada sinala un uso fundamental do transporte marítimo, expoñente da auxe acontecida entre os séculos XIII e XIV que dá lugar á aparición de portos tanto de pequeno tamaño como de carácter internacional, permitindo que Galiza se configurase como un punto clave do mercado internacional dentro da grande Ruta de Poñente e como paso obrigado co comercio mediterráneo.

A presenza de louza mudéxar na Galiza constátase xa cara finais do século XIV –aínda que hai precedentes de cerámicas de luxo de procedencia norteeuropea, especialmente do sur de Inglaterra e do noroeste de Francia-, expresadas basicamente por producións levantinas, con louzas decoradas en azul e as primeiras en reflexo dourado. Mais será no século XV cando se acade o apoxeo da presenza deste tipo de louza, estendéndose polo século XVI. Dentro desta produción, aparecen tamén motivos decorativos de inspiración musulmá, propia de comezos de século XV, así como do estilo ourive, de finais. En canto ás producións sevillanas, constátanse producións que son copias de producións levantinas e malagueñas, aínda que finalmente a olaría sevillana constituirase nun centro produtor importante e con producións cerámicas singulares.

d) Louza branca (ou Sevillana)

Atópanse as raizames desta produción na actividade dos centros produtores malagueños, que a introduciran na península pouco antes da creación do Reino Granadino. O uso desta louza branca xeneralizase nos séculos XIII-XIV, e desde estas datas se empregará como fondo para toda a louza decorada. É un tipo de louza moi difundido, Posteriormente, coa decadencia dos alfares sevillanos, serán os aragoneses os grandes produtores deste tipo de louza.

9. Riu Martín, Maria del Carmen. *Las piezas de ceramica halladas en las boveda de las iglesias barcelonesas del siglo XIV* "Acta Medievalia", 13, 1992, pp375-424.
http://www.raco.cat/index.php/AnnalsGironins/article/viewFile/54279/63701?iframe=true&width=80%&height=80% (consultado 20-28/3/2017).

e) Louza decorada en azul e morado

Os conxuntos máis coñecidos están no Museo de Cerámica de Barcelona e no Instituto Valencia de San Juan (Madrid), amais de dous magníficos exemplares no Museo Británico. Durante moitos anos, considerábanse procedentes de alfares de Calatayud, mais hoxe en día, sábese con total certeza que son procedentes de centros produtores do barrio de Triana, Sevilla –foron atopados restos de produción a medio cocer en fornos de Triana, outros troceados e embutidos en monumentos.

f) Louza de estilo talaverano

Sen lugar a dúbidas, é o Reino de Valencia o primeiro reino cristián en producir este tipo de louza, se ben posteriormente, se imitará en Aragón, Cataluña e Sevilla. Os comezos da súa produción en Valencia deben seguir os mesmos pasos que a louza dourada, configurando o Estilo malagueño, mesturando na mesma peza o azul cobalto e o reflexo dourado. Polo tanto, os comezos das producións levantinas en azul cobalto datan de principio do século XIV, e perdurarán até os nosos días. Estas louzas pretenden imitar as producións de porcelana chinesa que chegan a Europa, aínda que non o consigan por incapacidade técnica e adaptando os motivos decorativos aos gustos europeos. Por iso que o color máis empregado será o azul, dando lugar a unha serie de producións ou series.

g) Cerámica enchinada

Actualmente pódese denominar ou considerar como un produto de olaría tradicional ou popular, concentrándose nunha pequena zona de Portugal (pobo de Nisa) e Cáceres (pobo de Ceclavín) en Extremadura.

h) Cerámica de construcción (Azulexería)

Un dos fenómenos máis exclamativo deste tipo de azulexos é o da súa expansión terrestre e marítima, aproveitando o comercio que se desenvolvía no porto de Sevilla no caso das producións sevillanas, documentándose en Xénova, no norte de África, Países Baixos e Inglaterra. A fabricación destes azulexos de arista en Aragón tamén tivo unha grande expansión, feito motivado pola conquista de Granada e a influencia da Alhambra nos nobres e eclesiásticos que seguiron a Fernando o Católico, así como ao apoxeo económico que coñeceu Zaragoza a partir de 1500 (a cal se lanzou a unha renovación arquitectónica).

5. Conclusións: A importancia da contestualización desta mostra temporal (e porque non permanente?)

Como xa se falou o lugar expositivo é parte dunha estrutura que non nace como aloxamento de exposicións, pero si é verdade que o Torreón dos Andrade é o emblema,

xunto á ponte de pedra, desta fermosa vila. Por iso nos anos 70 levouse a cabo a rehabilitación da estrutura que consistiu exteriormente na limpeza e restauración dos muros do Torreón medieval así como na dotación de gárgolas de cobre para a recollida das pluviais da cuberta, interiormente consistiu a dotación de todos os elementos museísticos para crear o centro de interpretación, como son paneis expositivos, mobiliario, iluminación.

Desta maneira o Torreón reúne as características necesarias para a exposición de pezas antigas , neste caso pretendeuse dar a coñecer ao publico pezas que, aínda que fosen principalmente fragmento de vasillas, puidesen dar a sensación da continuidade da actividade cotián da vida do pobo de Pontedeume.

Este pequeno proxecto museolóxico pretendeu expor unha pequena e seleccionada mostra dos restos atopados durante as escavacións do mercado municipal da vila co fin de "comunicar mais que mostrar", porque a valorización e divulgación do patrimonio implica o coñecemento non só da arte, senón da historia, a sociedade, o tempo no que foi creado, por iso entendeuse esta exposición como un acto de comunicación[10] (*fig. 21*).

Figura 21. Cartel da exposición

10. MARTÍN VAQUERO, Rosa María. Universidade da Coruña "Arquitectura y contenido. El proyecto didáctico en la creación de exposiciones: «Rosa Escogida» (Zamora), «Plata en el Museo» (Vitoria y A Coruña)", en: José Luis HERNÁNDEZ (Ed). Sic Vos Non Vobis. Colección de estudios en honor de Florián Ferrero.Zamora, 2015, pp. 651-673. http://www2.uned.es/ca-zamora/libros/2015_Sic_vos_non_vobis.pdf (consultado 20-28/3/2017).

6. BIBLIOGRAFÍA

AA.VV, *Análise dos materiais céramicos recuperados na actuación arqueolóxica no mercado de San Miguel, Memoria das escavacións* (Pontedeume, A Coruña), 2014, pp. 6-26.

BONILLA RODRIGUEZ, Andrés y VILA, Mario Cesar. "Excavación arqueológica en área en el solar de la antigua capilla y lazaretomedieval de S. Lázaro (Santiago de Compostela, A Coruña)" Gallaecia, 2005 – dialnet.unirioja.es, ISSN 0211-8653,, pp 221-226.
https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1271883
(consultado 20-28/3/2017)

DOSIL FELIPEZ Ignacio, *Pontedeume –conxunto monumental adicado os nenos,* A Coruña, 1982, deposito legal C-996-1982.

COUCEIRO FREIJOMIl, Antonio, *Historia de Pontedeume y su comarca,* ISBN10:9202860459Ed., MENÉNDEZ LORENZO, Aida,1971.

DEL CAMINO FUERTES SANTOS, Maria, *La evolución de la cerámica medieval de Cercadilla, Córdoba. Estado de la cuestión*, "Anales de Arqueología cordobesa", ISSN 1130-9741, 2000, n. 11, 217-232,
http://helvia.uco.es/xmlui/bitstream/handle/10396/2849/11.10.pdf?sequence=1
(consultado20-28/3/2017)

MARTIN VAQUERO, Rosa Maria, "Arquitectura y contenido. El proyecto didáctico en la creación de exposiciones: «Rosa Escogida» (Zamora), «Plata en el Museo» (Vitoria y A Coruña)", en: José Luis Hernández (Ed). Sic Vos Non Vobis. Colección de estudios en honor de Florián Ferrero. Zamora, 2015, pp. 651-673.
http://www2.uned.es/ca-zamora/libros/2015_Sic_vos_non_vobis.pdf (consultado 20-28/3/2017)

PRIETO MARTINEZ, Maria Pila; LANTES SUAREZ Oscar; VÁZQUEZ LIZ, Pablo y CORTIZAS Antonio Martín Cortizas, *La ceramica de dos tumulos de Roza Das Aveas (Outeiro do rei, Lugo)*, "BSAA Arqueología", ISSN-e1888-976X, n.76, 2010, pp. 27-62.,
https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3827644 (consultado 20-28/3/2017)

RIU MARTIN, Maria del Carmen, *Las piezas de ceramica halladas en las boveda de las iglesias barcelonesas del siglo XIV*, "Acta Medievalia", n. 13, 1992, pp375-424.
http://www.raco.cat/index.php/AnnalsGironins/article/viewFile/54279/63701?iframe=true&width=80%&height=80% (consultado 20-28/3/2017).

ROSSELLÓ, Guillem, *Algunas consideraciones sobre la cerámica en verde y manganeso*, "Cuadernos de Madinat al-Zahra", ISSN1139-9996, n. 1, 1987(Ejemplar dedicado a: I Jornadas sobre Madinat al-Zahra), 125- 137.
https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4172806
(consultado 20-28/3/2017).

TEMBRÁS GUIMAREY, Alba, "Rehabilitación de Casa de la Parroquia para Casa de Acogida De Mujeres", Traballo fin de grao (UDC.EUAT). Arquitectura técnica. Curso 2014/2015, 2015, p 11. http://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/14208/TembrasGuimarey_Alba_TFG_2014_01de03.pdf?sequence=2 (consultado 20-28/3/2017).

LAS PEIXEIRAS DE ABELARDO MIGUEL, LA DIGNIFICACIÓN DE LA MUJER MARINERA EN LA PINTURA

María Fidalgo Casares
Doctora en Historia del Arte y especialista en Abelardo Miguel

In memoriam. Adolfo Rey Seijo

Abelardo Miguel (1919-1991) fue uno de los grandes pintores gallegos de todos los tiempos[1].

Nacido en Pontedeume, su trayectoria pictórica esta unida indefectiblemente a un compromiso profundo con su estirpe de mareantes, con la tierra que le vio nacer y con su epidérmica identidad gallega, y constituye uno de los mejores intérpretes del colectivo marinero de la Historia de la pintura.

Aunque fue versátil en los géneros, y alcanzó altas cotas de calidad en todos ellos, fue en la temática marinera en la que el artista eumés alcanzaría mayor difusión, tanto es así que llegó a responder al sobrenombre de *"o pintor de mariñeiros"* .

En este género no sólo se vislumbra su personalísimo estilo, sino que pone en evidencia una realidad etnográfica y antropológica de la Galicia de su tiempo. Abelardo logró con eficacia descriptiva articular la compleja dialéctica de lo individual, lo que distingue a cada persona como ser único e irrepetible, con un prisma genérico que buscaba en el retratado el ser portaestandarte de una colectividad, en este caso, la marinera.

Pero es más. Su consideración pictórica de la mujer dedicada a la pesca le singulariza dentro del conjunto de los pintores de Galicia que abordaron el tema. En 2012, el Congreso sobre la Historia Mujeres de la Universidad de la Coruña consideró a Abelardo Miguel "una excepción dignificadora en el panorama del arte gallego"[2].

1. En la Revista Cátedra en la última década hemos ido ofreciendo exhaustivos estudios que pueden consultarse para ahondar en el conocimiento de la vida y obra del artista.

2. Ponencia "Mujer y trabajo en la pintura gallega del siglo XX1" la investigadora. Mª Dolores Villaverde Solar.

Por ello, el subgénero de las *Peixeiras*, que por su importancia, relumbre e imbricación en la trayectoria del pintor ya podría considerarse que alcanza una dimensión individual como género, trasciende la historia del arte para entrar con letras de oro en lo que hoy se llama "Historia de las mujeres".

El énfasis de Abelardo en unir la condición humana con el entorno y establecer todo un repertorio de relaciones de reciprocidad, lo relaciona directamente con el sempiterno *Terra-Pobo* de los hombres del Rexurdimento. Para ellos, el tandem marinero-labrego fue prototipo del hombre gallego auténtico, preservador de valores y señas de identidad ancestrales. Como ejemplo, la insistencia de Risco en la raza de los marineros "*La Galicia verdadera es la de los labriegos y marineros porque son los que guardan la esencia de la raza"*[3].

3. CASARES, C., *Vicente Risco.* Vigo Galaxia 1981.

Galicia, a Terra Nai, tiene como emblema una mujer grande y rotunda, una mujer con las características de las peixeiras de Abelardo, lo que redundaría en ese concepto epidérmico de identidad que trasluce en toda su obra. De hecho Abelardo construye el arquetipo fundiendo el concepto de la madre Tierra con la madre real.

1. Las peixeiras y el género marinero

Abelardo mostró desde niño una gran predilección por la temática marinera. Fue su género primigenio y el que asumió como propio: *"Pintar marineros es lo que más me gusta porque lo vivo intensamente"*[4]. Las pocas veces que expresó su deseo de trascendencia afirmó *"Me gustaría ser recordado como el pintor de los mariñeiros*"[5].

La querencia por estas representaciones viene marcada por sus raíces familiares. Descendiente de una antigua familia de mareantes que se pierde en la noche de los tiempos, su herencia sanguínea surgió con efervescencia en sus pinceles desde su primera exposición, y le siguió acompañando durante toda su trayectoria hasta su muerte.

Su primera gran obra *"Marineros de Leis"*, incluía una *peixeira*, al igual que la pintura que dejó inconclusa cuando le sobrevino la muerte. Ambas muy similares en concepto a las que pintaba siendo un niño, fueron todo un testamento vital de lo innato de su vocación, de su compromiso con el colectivo marinero y su genio creador.

Abelardo 1936 y su obra inconclusa 1991

4. Barcon C., *Al público ferrolano le presento lo mejor: mis mariñeiros. Mi vida es la pintura y a ella me dedico a todas horas.* "El Ideal Gallego" 14 de Marzo de 1977.

5. Ibíd,, *Al público ferrolano le presento lo mejor: mis mariñeiros. Mi vida es la pintura y a ella me dedico a todas horas.* "El Ideal Gallego" 14 de Marzo de 1977.

2. Pontedeume y Abelardo

Abelardo extraerá del Pontedeume de su infancia toda la iconografía que será el leitmotiv de su obra.

Cuando nace, Pontedeume era una villa marinera como tantas otras de la costa gallega, con la estructura socioeconómica propia del XIX y principios del XX en la que convivían la emigración a ultramar y la mayoritaria dedicación a la pesca con actividades agropecuarias complementarias[6].

Su padre, Secundino López, era marinero de profesión y dada la precaria situación económica, el jornal que ganaba en el mar era insuficiente para el mantenimiento del hogar. La madre del pintor, Efigenia Leira era *peixeira* y debía contribuir al sostén de la familia, con tareas subsidiarias relacionadas con la pesca, cayendo también sobre sus hombros, como era habitual entonces, las tareas del hogar y la educación de su numerosa prole[7].

Sociológicamente los cuadros de Abelardo, aún centrados en las mujeres eumesas, son totalmente reivindicativos del papel de las mujeres en la sociedad gallega, en este caso en el mundo marinero[8].

Estas mujeres, consideradas seres inferiores, resignadas por ley al género masculino debido su doble rol reproductivo y productivo, desconocían el ocio o el descanso. Abelardo testimonia el papel fundamental que representaban en el proceso de marisqueo, distribución del pescado, mantenimiento del utillaje y aparejos, labores imprescindibles en esta actividad económico y social. Resulta un adelantado en lo que hoy llamamos dificultad de conciliación familiar ya que en sus cuadros de *peixeiras* es habitual que aparezcan en mitad de las faenas dando de mamar a sus hijos.

En todos estos lienzos, se rastrea el profundo amor que sentía por su madre Efigenia a la homenajeará toda su vida a través de la representación de sus emblemáticas *peixeiras, c*omo él denominará genéricamente a todas estas representaciones pictóricas.

3. Efigenia Leira

Efigenia, eumesa menuda y vigorosa, de fuerte personalidad y profético nombre griego, *(ifi geneius,* mujer valiente identificada a menudo con Artemisa), será la mujer más importante en la vida de Abelardo.

6. Couceiro Freijomil: *Historia de Pontedeume*. Ed López Torre Pontedeume, 1956.

7. Abelardo era el quinto de once hermanos.

8. Aún hoy en día en el mar sigue habiendo trabajos casi "exclusivos" de mujeres, como rederas, mariscadoras, pescantinas…tareas que al mencionarlas es casi inevitable pensar en mujeres. Injustamente, suele olvidarse que la mujer que trabaja el mar o el campo también debe ocuparse de la casa, encontrándose así con una doble tarea y encima, no remunerada, hecho que enfatiza la desigual posición de hombre y mujer.

Singular y autodidacta, fue la principal artífice de que Abelardo pudiera seguir su camino artístico. Aficionada a la lectura, había desarrollado desde la infancia una curiosa pasión por los objetos antiguos. Es a ella a la que Abelardo todo debe en el mundo del arte. El pintor nunca se casará y permanecerá a su lado hasta su muerte.

Además Efigenia estará presente en muchos de sus lienzos de otras temáticas, a través de un objeto fetiche que aparecerá con recurrencia. Una caracola de su propiedad protagonizará una larga serie de bodegones marineros y llegará a estar profundamente imbricada en la intrahistoria de Pontedeume. Desconocemos como llegó la caracola a las manos de Efigenia. Procedente de los mares del Sur, sorprendió por su belleza, su gran tamaño, y sobre todo por su sonido, potente e inconfundible como ninguno se hubiera oído en la villa.

El sonido de las caracolas era utilizado para pregonar a las gentes la llegada de los barcos pesqueros a puerto y también por las *peixeiras* para anunciar la venta del pescado por las calles de la villa y aldeas de la comarca. Testimonios orales corroboran que esta caracola de la que hablamos, no sólo la utilizaba la madre del pintor, sino que también la prestaba a los patrones de los barcos cuando llegaban grandes cargamentos de pescado.

"Abelardo siente en sus lienzos la emoción lúcida, la llamada de sirena en el antiguo resonar de las caracolas"[9].

9. Crítica "Pintura de Abelardo Miguel " La Voz de Galicia, 10 de Octubre de 1972.

4. El género como pintura social

Las mujeres que trabajan en el campo o el mar se convirtieron en el arte gallego, casi en un género pictórico, por la cantidad de obras existentes. En Galicia pintores costumbristas como Sobrino o Juan Luis se habían acercado al tema marinero, pero comparados con Abelardo, resultan un tanto artificiales. La prensa portuguesa remarcaba este hecho en 1962. *"Tiene el cuño de la verdad, fácilmente reconocible por quien sabe ver y sentir"*.

Pictóricamente el eumés nunca cae en folklorismos impostados del género costumbrista, no hay mensajes ni resabios literarios. Los tipos y las costumbres no quieren decir más de lo que son en sí mismos. Tampoco entra en su concepción del tema paternalismo alguno.

Abelardo sigue los principios de la pintura pura, el arte por el arte, de ahí su alejamiento también de los primitivistas gallegos que buscan un estilo genuinamente gallego. Lo que en Abelardo se percibe como natural, en ellos como experimentos de un aséptico lenguaje de vanguardia. Es el caso de Seoane, Maside, Torres o Pesqueira.

Estilísticamente los primitivistas aportan una nueva dimensión artística al género, pero frente a los cuadros de Abelardo resultan fríos porque no hay sentimiento ni veracidad. El artista experimenta ante las escenas una emoción intensa que su habilidad transmite a la tela. "*Doy lo mejor* de *mí, mis marineros*"[10]. Y a través de esta fuerte descarga emocional, convierte las escenas no sólo en un relato cotidiano de absoluta autenticidad, sino también un mundo onírico y poético.

El gran éxito comercial de estas pinturas radicaba en el propio instinto creativo del pintor que supo otorgar a sus pinturas de *mariñeiros* un sentido de sencillez y popularidad que conectó perfectamente con el público de su tiempo. Un público formado por gente de todo tipo y condición y no sólo los habituales compradores de arte. *"Sus figuras son expresión del pueblo mismo"*[11] . Y fue esta sensibilidad en su esencia más pura, reducida a veces a la extrema simplicidad de una anciana acompañada de un rapaz, de dos *peixeiriñas* que charlan a la orilla de su ría, la que emocionaba y conmovía al público. El halo que desprendían los objetos, o el respeto con que trataba a sus criaturas para destacar las cosas humildes, era un mensaje captado por un público que escapaba de hermetismos artísticos o complejidades formales y disfrutaba de la naturalidad.

10. Barcon C., *Al público ferrolano le presento lo mejor: mis mariñeiros. Mi vida es la pintura y a ella me dedico a todas horas. "*El Ideal Gallego" 14 de Marzo de 1977.

11. FM., *Óleos de Abelardo Miguel* "El Correo Gallego", 15 de Diciembre de 1966.

Peixeiras en el arte gallego: Sobrino, Maside, Torres, Seoane, Díaz Pardo, Colmeiro y Jesús Díaz

El Catedrático de Salamanca Alcalá Laínez definió una de las exposiciones *Xentes da Mar* de Abelardo: *"En sus marineros hay contenido y emoción. Ambiente, mar, cielo, atmósfera, los seres galaicos están captados por una retina aguda y plasmados por un espíritu sensible, que al sentir el motivo, lo recoge con fidelidad","una realidad hondamente sentida"*[12].

Su realismo está también desprovisto de intención moralizadora. Sus personajes en ningún caso son dignos de lástima o conmiseración, sino todo lo contrario. Aunque en los hombres trata de evitar la retórica del heroísmo, no es así en las mujeres, donde el duro trabajo cotidiano las dignifica y enaltece*"*[13]. En ellas hay un rotundo carácter épico con un empaque comparable a las heroínas clásicas.

Abelardo reconvierte a escala antropomorfa a estas diosas de las riberas de Galicia y recrea un paralelismo arquetípico entre las moradoras del Olimpo y las *peixeiras* que pisan la marea, transformadas en heroínas a por sus acciones meritorias[14]. Siempre subyace un marcado sentido poético de la antigüedad clásica, y Abelardo se convierte por su reivindicación, en casi un visionario en su tiempo.

12. Almar L., *Pinturas de de Abelardo Miguel.* "El Ideal Gallego" 14 de Marzo de 1977.

13. Ibíd..

En marzo de 1939 desenvólvense os chamados sucesos de Cartagena, unha confusa situación na cal un golpe de estado republicano, dentro do golpe de estado fascista, súmase á irregular situación do goberno. O golpe constituíu un dos últimos actos da Guerra Civil, o encabezaba o coronel Casado, xefe do Exército do Centro, e foi apoiado por todas as forzas políticas da zona republicana que avogaban por poñer fin á guerra, xa que a consideraban completamente perdida, e entre as que se atopaban os socialistas "antinegrinistas" encabezados en Madrid por Julián Besteiro, así como os anarquistas e os republicanos de esquerda.

O golpe triunfou tras desencadearse en Madrid unha guerra civil dentro da guerra civil entre as forzas casadistas e os comunistas, que eran os únicos que apoiaban xa, xunto cun pequeno sector do PSOE, a política de resistencia de Negrín. Formouse entón un Consello Nacional de Defensa que iniciou as conversacións co bando sublevado, pero Franco, como xa tiña reiterado en numerosas ocasións, só aceptou a rendición incondicional do Exército Popular Republicano. As tropas franquistas deseguido ocuparon Madrid, Valencia e toda a zona Centro-Sur, o último territorio español baixo a autoridade da Segunda República, sen atopar apenas resistencia. Foi o final de tres anos de guerra.

O 5 de marzo de 1939 trala sublevación na cidade, o *Libertad* partiu de Cartagena xunto co groso da escuadra republicana con rumbo a Bizerta, onde chegou o 11 de marzo. Ao día seguinte os tripulantes solicitaron asilo político e a dotación foi conducida a un campo de internamiento na localidade de Meheri Zabbens.

TRALA CONTIENDA

A flota republicana abandonou Cartagena e con ela perdéronse todas as posibilidades de fuxida para os miles de persoas que estaban abandoadas no derradeiro bastión republicano. Estes últimos días deixaron en Cartagena, Alicante e noutras ciudades, nos pobos, nas aldeas, no campo e sobre todo no mar, esceas terribles, mortes, asasinatos e suicidios de persoas que non tiñan xa ningunha opción para salvarse. Xente que se tiraba ao mar a morrer. Toda a tropa republicana fondeada en Cartagena abandonou España, unha manobra controvertida e moi criticada, pois deixou no porto, e sen barcos para saír ao exilio, aos miles de españois que acabaran nese pequeno reducto que lle quedaba ao goberno republicano, unha pequena cidade rodeada por toda a vinganza do mundo.

A armada republicana fondea en Túnes, onde a tropa foi internada nun campo de concentración e entregada deseguido ás autoridades nacionais. Aos militares léselles un telegrama de Franco no que se di que, aqueles que non tivesen as mans manchadas de sangue podían volver a España sen temor ás represalias. Así o fixeron moitos, pero non foi así: esperáballes o campo de concentración primeiro e logo o cárcere.

Á súa volta a España, o *Libertad* foi rebautizado co nome de *Galicia*, sufrindo unha remodelación nos anos 40. O *Libertad* continuou en activo ata xaneiro de 1970, cando foi dado de baixa e comezouse o expediente para o seu desguace.

O XUÍZO

Rodrigo Piñeiro chega co resto da armada ao porto de Bizerta en Túnes, onde son todos internados no campo de concentración de Makassany; alí estiveron uns poucos días pois pronto foron devoltos á España nacional. Para iso xa o 31 de marzo de 1939, o último día da guerra civil, chegou a Bizerta, a bordo do Mallorca e do Marqués de Comillas, o persoal que debería facerse cargo dos buques internados. Foi así como a tropa republicana rematou entregada ás autoridades nacionais.

Aos militares léselles o telegrama de Franco que daba esperanzas de que non habería represalias para aqueles que non tivesen as mans manchadas de sangue. Así pensaron moitos, pero a realidade foi outra. Así pensou Rodrigo Piñeiro, que non loitara durante a contenda, que se limitou a exercer o seu oficio de fogoneiro na sala de máquinas e que non fixera uso do fusil que se lle entregou nos primeiros días da revolta, cando ían de Ferrol ao estreito. A sangre nas mans: outra lenda verdadeira.

Rodrigo Piñeiro é presentado ás autoridades nacionais en marzo, e tras distintos avatares durante catro anos de xuicio, é condenado na causa nº 311/41, con sentenza firme do 15 de decembro de 1943. Nesa devandita data é dado de baixa no exército ata o 9 de xullo de 1944, cando é retirado definitivamente, pois esa é a data de publicación no BOE do decreto que fixa devandito día como de liquidación do período da guerra de liberación e como data de retiro do persoal. Durante moitos anos non puido vivir coa sua familia[7].

Do 16 de maio do 39, uns días despois do fin da Guerra Civil, temos o interrogatorio a Rodrigo Piñeiro na súa primeira declaración informativa ao ser internado no Campo de Concentración de Rota en Cádiz:

> *Partidos a que ha estado afiliado antes del MOVIMIENTO NACIONAL?, ninguno*
> *Organizaciones sindicales a que ha estado afiliado antes del Movimiento Nacional, ninguno*
> *Partidos a que ha estado afiliado después del Movimiento Nacional, ninguno*
> *Organizaciones sindicales a que ha estado afiliado después del Movimiento Nacional, ninguno*
> *Unidad a que ha pertenecido y destino que ha tenido: Crucero Libertad, Destructor Lazaga y Petrolero El Cano como fogonero preferente y cabo fogonero.*
> *Declaración:*
> *El 18 de julio le sorprendió el movimiento en el crucero "Libertad" con ocasión de que estaba navegando a la altura de Portugal. Que pidió permiso al maquinista para salir de calderas, y al hacerlo se presentó el cabo radio Fernández, quien le dijo que cogiera un fusil, lo que tuvo que hacer ante sus amenazas, yendo a cubierta en donde estuvo hasta que pudo escapar y bajar a su destino que lo era la cámara de calderas. Antes de detener a los oficiales ya se había ido de cubierta. Hace constar que está de acuerdo con la declaración de expediente a excepción en lo que se refiere que el declarante figuraba en el comité, pues hace constar que él nunca perteneció, así como que nunca se metió en nada. Que el 29 de junio del 37 fue llamado por el comisario del crucero Libertad que lo era Emilio Araújo, quien le dijo si quería tomar parte de la dotación del petrolero "El Cano" para hacer un viaje al Norte, y para lo cual se ofreció voluntario el*

7. Co meu pai na cárcere estivemos moi mal. Miña nai traballaba i eu tamén traballaba; ía coa miña irmá Mercedes a Vilar, onde os curmáns de Campolongo. Dábannos aceite, xabón, patacas, verdura, unto. Se non gañaban comíase pan con manteiga. Leite nunca nos faltou. Ademais a familia de avó tiña un forno, e sempre tivemos pan. Avoa pedía na guerra a Dona Pura Vila, dos de Prego e a Carlos Villanueva. Aos venres ían os pobres as casas e dábanlles unha esmola: había cola nesas casas, por exemplo, a de José Luis Prego. Moita xente rica ganou moito prestando cartos. Cando os pobres ían pagar as deudas eles negábanselles na casa. Entón todo quedaba para os ricos

declarante en unión de otros varios del Libertad para hacer el citado viaje, y en el que llevaba el buque petróleo para los destructores José L. Diaz y el Ciscar, que se encontraban en el norte. Que estando en el Musel el buque sufrió graves averías a consecuencia de una bomba de la aviación nacional. Al poco tiempo fue evacuado en Ribadesella por un buque mercante inglés, fue a raíz de ser liberado Santander que fueron llevados a Francia y de donde pasó a la zona roja. Que participó en el hecho de guerra que motivó la pérdida del Baleares. Que durante el tiempo que ha estado embarcado o en este buque no ocurrió hecho alguno digno de mención, que lo ha sido hasta la salida de la flota de Cartagena el 5 de marzo de 1939, llegando a Bizerta"

¿Quiénes formaron el mando del buque y formaron parte de los comités?

Igual que lo declarado en el expediente no 58. Hace constar que él nunca formó parte del comité, como así se le menciona en la citada declaración no 58.

¿Ha estado detenido en alguna cárcel o campo de concentración antes de entrar en la Zona Nacional?

Zebbeus-Maknassy. Que votó en el escrutinio quedarse en el campo, cambiando de parecer cuando le leyeron el telegrama de amnistía, que decidió entonces venir a España, efectuándolo a bordo del Marqués de Comillas.

Campo de concentración de Rota, dieciseis de mayo de 1939

Documento anejo de avales:

Don Jacinto Ponte Vázquez, Don lndalecio Vázquez Leira, Don Nicolás Camino Regueiro, comerciantes de Puentedeume. D. Pío Rosado Fajardo, secretario del Pósito marítimo Terrestre.

Don Jacinto Ponte Vázquez, Don lndaledo Vázquez Leira, Don Nicolás Camino Regueiro, avalan y garantizan a Rodrigo Piñeiro como persona de excelente conducta, ha sido siempre persona de orden no perteneciendo a ningún partido, ignorando su actuación a partir del 18 de julio

D.Gerónimo Barro Lage, jefe local de la FET y de las JONS de Pontedeume certifica que los camaradas firmantes en este aval pertenecen a esta organización en calidad de militantes, siendo de intachable conducta y probada adhesión a la causa nacional.

En Pontedeume, a seis de mayo de 1939. Año de la Victoria

Posterior á declaración temos informacións contradictorias na Acta de clasificación de 11 de novembro:

En el SIP de El Ferrol del Caudillo no constan antecedentes, así como tampoco que perteneciera al Comité del Libertad. La Guardia Civil de Pontedeume participa que es de buena conducta y antecedentes, de ideología

> *apolítico, su actitud antes del G MOVIMIENTO NACIONAL fue buena, ignorando la que haya tenido en zona roja. Jefe FETE se manifiesta igual, también Gobernador Civil de La Coruña, un aval particular visado por la FETE y otro del secretario del Pósito de Puentedeume. SIP de Cartagena manifiesta que es de ideología izquierdista, siendo gran defensor de los rojos en todas sus manifestaciones, relataba todo lo ocurrido en el Libertad, por lo que debe saber lo que pasó a bordo, buena conducta, relacionado con elementos marxistas, desafecto a la causa nacional*

Uns días despois, o 20 de novembro de 1939 Rodrigo Piñeiro deixa o campo de concentración e ingresa na cárcere. Sae de alí en liberdade con cargos e pendente de xuicio. Permíteselle volver á vila i estará na casa ata marzo de 1941, cando é detido e enviado a Cádiz para ser xulgado:

> *Comandante General del Departamento Marítimo de El Ferrol del Caudillo[sic] al Comandante General del Departamento Marítimo de Cádiz, de 15 de marzo: En atención a su escrito de 13 de enero: Rodrigo Piñeiro fue entregado con fecha 8 de marzo a la Guardia Civil para su conducción al expresado Penal Naval Militar de la Casería de Ossio donde será puesto a disposición de su autoridad*

En abril o Auto de procesamento en San Fernando o declara en prisión preventiva: *RESULTANDO: acordó procesar y procesa al mencionado fogonero al que le decreta la situación de prisión preventiva. Notifíquese al director del penal de la Casería de Osio donde se encuentra*

No auto de decembro podemos ler: *Se traslada el juzgado a la Prisión Militar Naval con objeto de tomar declaración al encartado Rodrigo Piñeiro.*

E na sua declaración de xaneiro: *En el destructor Lazaga le sorprendió la huida a Bizerta, regresando de este punto a España en el Marqués de Comillas siendo internado en Rota y más tarde pasó al Batallón de trabajadores no 210 que estaba en San Roque (Cádiz) y de este trasladado a la Prisión Militar Naval de Cartagena en el mes de noviembre.*

En febrero temos o escrito do Capitán Xuiz Instructor en Cartagena: *Causa n°76 0/1939 contra Rodrigo Piñeiro por el supuesto delito de auxilio a la rebelión en el Departamento Marítimo de Cádiz, la cual ha sido inhibida a favor de esta jurisdicción: Le ordenó un cabo radio llamado Fernández que cogiera un fusil, lo que hizo con amenazas de dicho cabo y cuando fueron detenidos los oficiales no estaba en cubierta. El 29 de julio fue requerido por el comisario politico Emilio Araújo, por si quería formar parte de la dotación de El Cano*

En outubro de 1942 Rodrigo Piñeiro foi posto en situación de prisión atenuada en Cartagena, coa obligación de presentarse regularmente no xulgado, pois ata entón continuaba recluido na Prisión Militar Naval de Cartagena.

En febreiro de 1943 é dictada sentenza, pola que se lle aplica unha pena de 14 anos de prisión como cómplice dun delito de auxilio á rebelión, séndolle de abono a totalidad de la prisión preventiva sufrida. Uns días despois é autorizado o sentenciado en continuar a situación de prisión atenuada en Pontedeume, rúa Roda, n° 8, durante a tramitación do expediente de liberdade condicional

Ao mes seguinte, o 25 de marzo concédeselle a liberdade condicional atendendo á súa boa conduta, e esíxese que o liberado fixará a súa residencia en Pontedeume. Outra lenda familiar: a viaxe de María Espada para mediar por Rodrigo.

Doze anos mais tarde, en abril de 1955 o Xefe Militar da prisión asina a Certificación de Liberdade Definitiva por deixar extinguida en devandita data a condena. Pasou entón quince anos cautivo, dende o seu regreso de Túnez ata 1955. Nos costa maxinar o que supoñía para un home e a sua famila, nos anos 40 e 50, ter enriba unha condea por auxilio á rebelión. A sua muller, Paca a Chepas, foi rapada nada mais rematar a guerra civil, a familia, que ata a guerra tiña unha boa posición coa paga de Rodrigo como militar, viviu traballando no mar: os homes nos barcos, as mulleres nas prazas. O fillo maior na División Azul, ganado 500 pesetas coas que se mantiña toda a casa[8].

Durante esas décadas da posguerra Rodrigo Piñeiro traballará de mariñerio, saíndo ao mar polas tardes, primeiro embarcado en Sada, logo en Pontedeume e ao final na Coruña, de onde volvía moi contento o día da súa morte en 1963, pois conseguira traballo.

Rodrigo Piñeiro morre no balcón de casa mirando como as campás da igrexa soan. A súa filla Nicolasa non dorme esa noite, nos Peraes, a 200 km do pobo. As súas últimas palabras: Paca, non che vexo. A súa esposa vivirá ata o 2002, non sen antes nomear ante notario herdeira universal á súa filla Nicolasa[9].

8. Todo era moi raro. Cando o meu pai aínda estaba no barco, o meu irmá Suso foi á guerra, iso que tiña soio 15 anos e colléronno case morto porque quedou xordo polo ruído das bombas. En 1941 foise a Rusia coa División Azul. Manolo dás cabras tamén foi. Iban para facer méritos diante do Movemento e tentar de favorecer aos que estaban no cárcere.

9. Miña irmá vivía nos Peares, e esa noite non puido durmir, un gato estivo toda a noite maullando i ela co medo de saber que pasaba algo; facía pouco que vira á Santa Compaña. Pola mañá chegaron có aviso da morte do noso pai.

AS SETE LENDARIAS PONTES QUE FERNÁN PÉREZ DE ANDRADE O BO MANDOU FACER NO CAMIÑO INGLÉS

José Fonte Sardiña

Á miña avoa Jesusa Fernández Barral,
a persoa máis boa que coñecín.

A orixe da peregrinación a Santiago de Compostela e o auxe do Camiño Inglés[1]

O culto ao apóstolo Santiago estendérase polos reinos da Península Ibérica e mesmo tamén por Francia, Italia, Inglaterra e toda a Europa Occidental xa antes da *inventio* ou descubrimento do seu sepulcro polo eremita Paio e o bispo Teodomiro (¿810?-847), no primeiro cuarto do século IX.

Porén, a peregrinación a Compostela recibiu o seu pulo definitivo co achado dos sagrados restos do apóstolo Santiago e a construción dunha basílica onde os cristiáns os puidesen venerar, viaxando ata o seu sartego polos diversos Camiños de Peregrinación. O templo foi mandado levantar polo rei Afonso II o Casto (791-842), no ano 829, sobre o primitivo mausoleo onde se atopara o sepulcro e, ao seu abeiro, medrou o primeiro núcleo do que pouco despois sería Compostela.

Maqueta conxectural do primitivo sepulcro do Apóstolo no Museo das Peregrinacións de Santiago

Así e todo, o impulso maior para que esta cidade se convertese nun dos centros de peregrinación principais da cristiandade, xunto con Roma e Xerusalén, produciuse no século XII. No ano 1120, o primeiro arcebispo de Santiago, Diego Xelmírez (1120-1140), deulle o empurrón que necesitaba á construción da basílica e desenvolveu á fronte da nova arquidiocese metropolitana, creada en 1120 polo papa Calisto II (1119-1124), unha

1. Un estudo máis polo miúdo sobre a peregrinación xacobea polo Camiño Inglés pode verse en Fonte Sardiña, J.: *Tradición xacobea en Pontedeume, unha vila medieval no Camiño Inglés cara a Santiago de Compostela*, en "Cátedra", XX, Pontedeume, 2013, p. 201-262.

intensa actividade a prol da promoción do culto xacobeo e das peregrinacións a Compostela. Neste sentido, cómpre destacar a súa obsesión por lograr que os máis prestixiosos clérigos e intelectuais de Europa traballasen na redacción de dous libros tan transcendentais como a *Historia Compostelá* e o *Códice Calixtino*[2] e o seu empeño en conseguir que, a través do Camiño de Peregrinación, Compostela se convertese nunha cidade santa aberta a todos os pobos de Occidente, centro espiritual e comercial de relevancia universal e nun modelo a imitar por toda a cristiandade.

Xelmírez (1120-1140) consagrou o altar maior da basílica, pero as obras para o remate do templo, co seu pasamento, tiveron un parón ata que o rei Fernando II (1157-1188) lle concedeu no ano 1168 unha pensión vitalicia ao Mestre Mateo para que as rematase, en tempos do arcebispo Pedro Gundestéiz (1168-1173).

Así e todo, a consagración da catedral non se celebrou ata 1211, sendo arcebispo de Santiago Pedro Muñiz (1207-1224) e baixo o reinado de Afonso IX (1188-1230), hoxe enterrado no Panteón dos Reis da catedral compostelá.

Aínda que a maior parte dos peregrinos que se dirixían cara a Compostela utilizaban, como acontece aínda hoxe, o chamado Camiño Francés, entre os séculos XII e XVI, moitos devotos de Santiago acudían ás cidades portuarias inglesas de Southampton, Plymouth, Brístol e outras, procedentes de Irlanda, Escocia, Islandia, Noruega, Suecia, Finlandia, Illas Feroe, Estonia, Letonia, Lituania, Polonia, Alemaña, Dinamarca, Países Baixos e mesmo do Norte de Francia, e desde alí partían, como tamén o facían os ingleses, polo océano Atlántico ata os portos galegos de Ferrol e

Santo dos Croques que representa ao Mestre Mateo ao pé do Pórtico da Gloria

2. Véxanse as edicións de FALQUE REY, E. (ed.): *Historia Compostelana*, Madrid, 1994, e LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice Calixtino. O* Codex Calixtinus *en galego*, Santiago de Compostela, 2009.



Mapa das peregrinacións marítimas chegadas polo Atlántico

A Coruña, sobre todo, e aos de Ortigueira, Cedeira, Pontedeume e outros, para logo acudir por terra –a pé ou dacabalo; na actualidade tamén en bicicleta– na procura do sepulcro do Apóstolo en Compostela polo Camiño Inglés.

No século XIII, a viaxe marítima floreceu coa expansión da economía en Europa. Os peregrinos escandinavos, flamengos, escoceses, irlandeses e, sobre todo, os ingleses aproveitaban as rutas comerciais ou de barcos de mercadorías para arribar aos portos de Galicia e, desde alí, iniciar por terra a súa peregrinación a Compostela para venerar a tumba do apóstolo Santiago.

Os anos do século XV nos que está documentada unha meirande afluencia de peregrinos que chegaban polo océano Atlántico a Galicia para facer o Camiño Inglés de Santiago foron o 1428, no que partiron de Inglaterra cincuenta e sete barcos, e o 1434 –o primeiro Ano Xubilar Compostelán da historia desde que foi instituído de xeito regular–, no que viñeron a Galicia sesenta e catro barcos ingleses. Estes datos son só os recollidos na documentación oficial, pero é indiscutible que, fóra destes controis, arribaban tamén por mar aos portos galegos, sobre todo aos da Coruña e Ferrol, moitos máis peregrinos para realizaren a pé ou dacabalo a ruta xacobea.

As peregrinacións marítimas viviron momentos de esplendor durante o século XV e nos primeiros anos do XVI ata que un acontecemento inesperado lle puxo fin a este período álxido, a ruptura matrimonial do rei Henrique VIII de Inglaterra (1509-1547) e a súa esposa, a española Catarina de Aragón (1509-1533), e o casamento do monarca con Ana Bolena (1533-1536), que fixo que o papa Clemente VII (1523-1534) excomungase en 1533 a Henrique VIII e que ao ano seguinte o Parlamento inglés confirmase ao rei como cabeza suprema da Igrexa de Inglaterra.

Fernán Pérez de Andrade, alcumado o Bo, e a lenda da construción das sete pontes en sete ríos caudalosos, sete mosteiros, sete igrexas e sete hospitais no Camiño Inglés

Consonte os datos recollidos polo seu mellor biógrafo, o profesor e investigador Correa Arias, nun magnífico traballo non superado[3], "Fernán Pérez de Andrade, fillo, neto e descendente dunha longa familia de cabaleiros, vive desde unha data próxima ó ano 1330 e ata o 1397"[4], o que lle permitiu ser testemuña e ás veces mesmo protagonista de parte da etapa na que foi o monarca de Galicia, cuxo reino estaba adscrito xa daquela á coroa de Castela, "Afonso XI [1312-1350, aínda que non foi coroado ata 1331, cando cumpriu os vinte anos], da guerra fratricida entre Pedro I e Henrique de Trastámara [1350-1369, despois da morte de Pedro I, foi coroado Henrique II, que reinou ata 1379] e dos reinados de Xoán I [1379-1390] e de Henrique III [1390-1406] [...], un período crucial

3. Correa Arias, J. F.: *Fernán Pérez de Andrade, o Bóo. Mentalidade e realidade social,* Noia, 2004.

4. *Idem*, p. 32.

tanto para a definición do tipo de monarquía que se ía impor na coroa de Castela coma do papel que a nobreza debería xogar [...]. É, por outra parte, unha época de confusión social e política que os cabaleiros, sobre todo aqueles que contan cun pequeno dominio, coma os Andrade, que lles permite pagar unha pequena hoste, aproveitan para converter a forza da súa espada e o refuxio das súas fortalezas en recursos económicos, obrigando a particulares e institucións a dobregarse ós seus impulsos"[5].

Segundo Correa Arias, o pai de Fernán Pérez de Andrade, Roi Freire de Andrade, era un "cabaleiro de fortuna máis ben pequena aínda que apreciable se o miramos a escala comarcal"[6]. Así e todo, o Bo, "partindo do contorno social no que se move, pasará de seguida de ser un 'segundón' a ser non só o estandarte da familia Andrade, senón que incluso converterá a esta familia nunha das máis importantes de Galicia, elevando a súa estirpe á altura das grandes familias nobiliarias e, polo tanto, segundo a mentalidade cabaleiresca, acadando as máis altas cotas de dignidade"[7]. Unha boa proba que representa este ascenso é a construción "do símbolo da grandeza dun cabaleiro: o castelo de Andrade"[8].

Castelo de Andrade, na pena Leboreira de Nogueirosa, en Pontedeume

5. *Idem*, p. 30 e 45.

6. *Idem*, p. 54.

7. *Idem*, p. 56.

8. *Idem*, p. 54.

Manuel Murguía pensa tamén que non saíu "esta familia da súa escuridade ata que Fernán Pérez de Andrade o Bo, xunguido con alma e vida á causa de Henrique II o das Mercedes, a sacou dela. Téñase como proba do aseverado e do moito que sorprendeu a súa fortuna, así como o real do poderío e grandeza alcanzados, o feito de que a lenda se apoderase da súa vida e tendese sobre ela a súa poética trama. Seica aínda era novo cando o Bastardo, fuxindo das iras do seu irmán don Pedro I de Castela, atopou refuxio na torre de Andrade. De alí pasou a Francia, levando na súa compañía a Fernán, a quen o pai lle dixo ao partiren: 'Sé bo, que bo compañeiro levas', e de aí que fose coñecido despois con aquel alcume"[9].

Couceiro Freijomil sitúa este acontecemento en 1356 e asegura que, despois de pasaren a noite na torre de Andrade de Pontedeume, Fernán Pérez de Andrade partira de Ferrol en barco co conde Henrique de Trastámara, "desde onde o acompañara a Asturias e de alí a Biscaia, seguindo despois por mar deica La Rochelle para se alistar alí don Henrique baixo as bandeiras do rei de Francia, que estaba en guerra con Inglaterra, recibindo soldo del"[10].

Así e todo, Martínez Santiso pensa que a frase foi pronunciada polo seu pai cando o rei Henrique II (1369-1379) lle calzara as esporas de ouro e o armara cabaleiro[11], aínda

Retratos dos reis Afonso XI (1312–1350) e Pedro I (1350–1369)

9. Tomado e traducido de MURGUÍA, M.: *Galicia*, primeira edición 1888, citado por Sálvora, t. II, Santiago de Compostela, 1985, p. 1160.

10. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia de Pontedeume e a súa comarca*, primeira edición de 1944, citado pola cuarta edición, Pontedeume, 1994, p. 119.

11. MARTÍNEZ SANTISO, M.: *Historia de la ciudad de Betanzos*, A Coruña, 1987, p. 236.

que isto é pouco probable porque este Roi Freire de Andrade morreu en 1362, antes de que Henrique II (1369-1379) fose proclamado rei.

A coroación efectiva de Afonso XI (1312-1350) en 1331, cando cumpriu os vinte anos, permitiulle á nobreza galega recuperar o importante papel que tivera na política da corte. Así e todo, desde o momento en que o seu fillo Pedro I (1350-1369) comeza a reinar, con só quince anos, unha parte da nobreza e o bastardo Henrique de Trastámara, que Afonso XI (1312-1350) tivera con Leonor de Guzmán e se postula como aspirante ao trono, conspiran contra o monarca lexítimo.

Segundo o seu biógrafo Correa Arias, "durante o tempo que dura a contenda dinástica, o de Andrade oscila entre a alianza co seu señor natural [...] e dos seus ancestros, o conde de Trastámara, e o rei, señor de tódolos cabaleiros"[12].

Desde o ano 1356, en que temos noticia do primeiro documento no que aparece citado Fernán Pérez de Andrade, polo que o daquela conde de Trastámara e futuro rei Henrique II (1369-1379) lle concede ao Bo, en Monforte de Lemos, as freguesías de Santa María de Recemel, As Somozas e a herdade do Rego da freguesía de Santa María de Oleda[13], ata 1371, no que xa ten os señoríos de Ferrol, Pontedeume e Vilalba, o noso personaxe vai consolidando un gran poder e patrimonio, que se verá tamén incrementado polo seu vantaxoso matrimonio coa filla de Aras Pardo, por cuxa mediación consegue a encomenda de Monfero e outras importantes doazóns.

A devandita doazón de don Henrique de Trastámara en Monforte de Lemos fai pensar que, polo menos en 1356, Fernán Pérez de Andrade tomara partido polo conde bastardo, aínda que o propio Correa Arias asegura que, en 1364, o Bo estaba loitando do lado de Pedro I (1350-1369) na campaña de Aragón, como o proba a doazón que o rei lle fixo por xuro de herdade do castelo de Naraío e as freguesías de Vilalba, Pontedeume e Naraío, por un privilexio dado en Murviedro o un de maio dese ano[14].

En opinión de Correa Arias, "entre 1365 e 1366, Fernán Pérez de Andrade pásase definitivamente ó lado de don Henrique, do que se converterá no máis fiel aliado en Galicia a partir de 1366"[15].

Segundo Correa Arias, "malia as reiteradas derrotas fronte ó rei lexítimo Pedro I, o apoio constante do rei de Francia, do papado, de Pedro IV de Aragón e da nobreza, permítenlle a Henrique de Trastámara gañar a guerra co asasinato de Pedro I en Montiel en circunstancias moi pouco cabaleirescas na noite do vinte e dous ó vinte e tres de marzo de 1369, instaurando así unha nova dinastía, a de Trastámara"[16].

A historia atribuíulle o asasinato de Pedro I (1350-1369) ao seu irmán e futuro rei Henrique II (1369-1379), por ese feito alcumado o Fratricida, que contara coa axuda do

12. Correa Arias, J. F.: *Fernán Pérez..., op. cit.,* p. 88.

13. Pode verse o documento de doazón en *idem*, p. 233 e 234.

14. *Idem*, p. 96 e 106.

15. *Idem*, p. 107.

16. *Idem*, p. 65.

francés Beltrán de Guesclin, consonte se pensou ata o ano 1550, en que o licenciado Bartolomé Molina na *Descripción del Reino de Galicia*, unha obra que, malia o seu pretendido rigor histórico, presenta na visión dalgúns dos episodios certa subxectividade, conta unha nova versión do acontecido en Montiel.

Unha oitava en versos dodecasílabos introduce, coma sempre, os feitos:

"La Casa de Andrade también os la digo
porque su hecho también se publique,
que un muy privado del rey don Enrique
contra don Pedro, su hermano y abrigo,
en una batalla le fue tal amigo
que viéndole estar caído le quiso
dar tal ayuda, socorro y aviso
que dando la vuelta mató su enemigo"[17].

Retrato do rei Henrique II (1369-1379)

A continuación, un parágrafo en prosa explica máis polo miúdo o que aconteceu: "Esta liñaxe dos Andrade é das honradas deste reino, e entre eles houbo aquel bo cabaleiro que chamaron Fernán Pérez de Andrade o Bo, que, sendo moi privado do rei don Henrique o Bastardo, nunha batalla e desafío que persoa por persoa tivo este rei don Henrique co rei don Pedro, o seu irmán, estando caído en terra o don Henrique e don Pedro encima del xa para o matar, atopouse alí este Fernán Pérez, o cal, dicindo: —Eu non quito rei nin poño rei, mais axudo ao meu señor, colleu do brazo ao rei don Henrique, que, dando

17. Cfr. PARRILLA, J.A. (ed.): *Descripción del Reino de Galicia por el licenciado Molina*, Santiago de Compostela, 1998, p. 150. O editor, José Antonio Parrilla, non transcribe literalmente o texto de Bartolomé Molina, senón que o adapta ao castelán actual; xa que logo, nós traduciremos ao galego os textos en prosa, pero respectaremos a versión en castelán dos versos, para non desvirtuar a súa rima e o seu cómputo silábico, malia que tampouco son transcritos fielmente do orixinal, senón que teñen leves adaptacións ao castelán de hoxe.

Miniatura do século XIV de Jean de Froissart do fratricidio de Montiel

a volta sobre o seu inimigo e irmán o rei don Pedro, o matou. E por este tan bo feito deulle o rei don Henrique as vilas de Pontedeume e Ferrol e outras moitas terras deste Reino"[18].

Así e todo, Murguía pensa que estas palabras máis "semellan propias nos seus labios[19] que nos do bretón[20], quen non podía con tanta exactitude como el chamarse vasalo de don Henrique"[21].

Pola súa parte, Correa Arias considera que o feito de non aparecer testemuño escrito ningún destes sucesos foi debido á censura dos Trastámara, que, porén, non conseguiron impedir que se transmitisen por vía oral; para el non hai dúbida de que "o de Andrade, efectivamente tivo algo que ver coa morte de don Pedro I, e que esta morte se produciu de forma nada cabaleiresca, xa que incluso se chega a afirmar que lle cortaron a cabeza e o seu corpo foi exposto para ser escarnecido"[22]. Avala esta tese, segundo o propio Correa Arias, entre outras cousas, o feito de que "non serían, por outra parte, normais as enormes concesións realizadas por Henrique II ó de Andrade, se non houbese algo moi importante que o xustificase"[23].

Así pois, como consecuencia do fratricidio e da chegada ao trono de Henrique II (1369-1379), boa parte das cidades e vilas que antes eran de reguengo pasan a ser señoríos dos nobres e cabaleiros que apoiaron ao novo rei. Entre eles estaban as terras de Ferrol e Pontedeume, que lle foron entregadas a Fernán Pérez de Andrade por un privilexio asinado polo novo rei en Burgos, o dezanove de decembro de 1371, e as de Vilalba, outorgadas así mesmo ao Bo por outro privilexio dado polo monarca en Burgos, o trece de agosto de 1373[24]. Ademais, Fernán Pérez de Andrade pasou tamén a tutelar as terras de Betanzos e A Coruña. A todas estas posesións habería que engadir as do castelo de Naraío e as freguesías de Pontedeume, Vilalba, Naraío, Mugardos, Ferreira, Vilachá e os señorío de Neda, Cedeira, Santa Marta e Viveiro. Consonte afirma Correa Arias, "como cabaleiro é protector da Igrexa, pero polo seu testamento vemos que usurpaba os seus bens, sen desprezar os recursos das vilas cunha actividade artesanal e comercial cada vez máis importante, como A Coruña, Ferrol, Betanzos e Pontedeume"[25].

18. Tomado e traducido de *ibidem*.

19. Refírese a Fernán Pérez de Andrade.

20. Fala agora de Beltrán du Guesclin.

21. Tomado e traducido de Murguía, M.: *Galicia, op. cit.*, t. II, p. 1.160.

22. Correa Arias, J. F.: *Fernán Pérez..., op. cit.,* p. 118. Talvez esta versión teña tamén un aquel de lendario, debido quizais á súa transmisión oral −que o propio Correa Arias recoñece− e xa que logo pouco fidedigna, e aos séculos transcorridos.

23. *Ibidem*.

24. Poden verse estes dous privilexios en Correa Arias, J. F.: *Fernán Pérez..., op. cit.,* p. 241-243 e García Oro, J.: *Don Fernando de Andrade, Conde de Villalba,* Santiago de Compostela, 1994, p. 207 e 208, respectivamente.

25. Correa Arias, J.F.: *Fernán Pérez..., op. cit.,* p. 54.

Só tres meses despois do magnicidio de Montiel, antes mesmo da concesión do señorío de Pontedeume polo rei en 1371, Fernán Pérez de Andrade quixo construír na pena Leboreira unha fortaleza, coa oposición dos monxes de Sobrado cos que tampouco non mostrou un comportamento moi cabaleiroso. Nun escrito presentado diante do arcebispo de Santiago, Rodrigo de Moscoso (1368-1382), en 1369, o prior do mosteiro de Sobrado dos Monxes alegaba que "Fernan Perez de Andrade escudero queria facer hum castelo et torres ena pena que chaman do leboredo que he no couto de Nogueyrosa acerca da Pontedeume, a qual pena, e couto, e lugares, e heredades, e señorio, era do dito mosteiro de Sobrado, et que o dito Fernan Perez de Andrade non temendo a deus e en gran dano e perjuicio de sua alama, por força e contra bontade do dito combento, e homes boos do dito moensteiro queria facer o dito castelo en a dita pena do Leboredo e en o dito couto, da qual cousa o dito Prior e combento decia que habian gran medo e temode seles seguir daño e perda do dito Mosteiro e de seus lugares e bees et que o dito prior e combento abian medo a gran pabor do dito Fernan Perez e de seus homes"[26].

É, pois, indiscutible que Fernán Pérez de Andrade foi un cabaleiro destro no combate e que as súas avinzas estratéxicas cos reis Pedro I (1350-1369) e Henrique II (1369-1379) lle valeron a concesión de importantes feudos señoriais e relevantes centros de poder. Ademais, tamén era un home culto e preocupado pola lingua galega, á que mandou traducir a *Crónica Troiana* no ano 1373. O seu capelán Fernán Martíns, a quen lle encargou o traballo, dicía no apéndice desta obra: "Et sabede que este Fernãn Pérez foy fillo de Rroy Freyre d'Andrade, e por mj̃ creede de çerto que a este tenpo que este liuro foy escripto, que este Fernã Pérez era o mellor home que auía entõçe en Galiza dos cõdes ou rrico homes afora. Et sabede que el a este tenpo era home de duzẽtos homes de caualo armados a todo punto. Et era señor da uila da Cruña et da uila de Betãços e da Pontedeume. Et Ferrol et a Pontedeume dérallas el rrey por sua heredade. El outrossý tãbén era señor de Neda et de Çedeyra et de Santa Marta et de Viueyro et de Uilalua"[27].

Esta defensa que fai Fernán Martíns de Fernán Pérez de Andrade está totalmente xustificada polo seu agradecemento ao señor. Ben dicía Carré Alvarellos que "a Historia está en boa parte urdida con lendas; xa que moitas veces os cronistas esaxeraban ou modificaban os sucesos reais, quer por gabar os méritos e fazañas de reis e personaxes a quen servían, quer por desprestixiar aqueles outros que eran contrarios aos seus persoais sentimentos ou ideas políticas"[28].

Sexa como for, Fernán Pérez de Andrade, cando se viu señor dunha boa parte das terras do norte de Galicia, foi plenamente consciente da necesidade de realizar importantes obras que comunicasen os seus territorios para así sacar mellor proveito das oportunidades que estes ofrecían.

26. *Idem*, p. 120.

27. Cfr. Lorenzo Vázquez, R. (ed.): *Crónica Troiana*, A Coruña, 1985, p. 747.

28. Tomado e traducido de Carré Alvarellos, L.: *Las leyendas tradicionales gallegas,* Madrid, 1977, p. 18.

Unha das páxinas da primeira *Crónica Troiana* en galego mandada facer polo Bo

Unha lenda atribúelle a Fernán Pérez de Andrade o alcume do Bo porque afirma que patrocinou e mandou construír ou rehabilitar nos territorios que se atopaban baixo o seu señorío importantes infraestruturas para o seu desenvolvemento económico, como sete pontes en sete ríos caudalosos, sete igrexas, sete mosteiros e sete hospitais. A referencia a este número máxico non quere dicir que fosen exactamente sete as pontes, igrexas, mosteiros e os hospitais realizados, senón que mandou facer un gran número de obras públicas que se traduciron en épocas de prosperidade para el, pero tamén para a xente que estaba baixo a súa xurisdición. O propio Xesús Cristo utiliza este número máxico; cando Pedro lle pregunta se cómpre que lle perdoe a quen o ten ofendido ata sete veces, contesta: "Non che digo ata sete veces, senón ata setenta veces sete", querendo explicarlle que tiña que perdoar sempre, consonte recolle san Mateo no seu Evanxeo[29].

Moitas destas obras foron realizadas no Camiño Inglés e serviron tamén para facilitar o paso dos peregrinos e darlles os servizos que precisaban ao pé da ruta xacobea. Fernán Pérez de Andrade sempre se preocupou por atender as necesidades destes piadosos viaxeiros cara ao sepulcro do apóstolo Santiago, porque era consciente, xa daquela, da importancia cultural, política, relixiosa e mesmo económica dunha ruta que facía de Compostela o corazón espiritual de Europa.

No tocante ás igrexas, cómpre destacar as de Santa María do Azougue, de San Francisco e de Santiago, nos seus dominios de Betanzos; as de San Pantaleón e Santa María de Cabanas e a de San Paulo de Río Barba, nos montes de Sor; a do Espírito Santo, na ponte de Pontedeume; ou a ermida de Chanteiro, no actual concello de Ares.

29. Cfr. *Mateo*, 18, 21-22, na magnífica edición traducida dos textos orixinais gregos á nosa lingua de Fernández Lago, X. e González García, X. A. (coord.): *O Novo Testamento,* Santiago de Compostela, 1998, p. 69.

Igrexa de San Francisco de Betanzos

Entre os sete mosteiros, estaban os dous dedicados a San Francisco, en Betanzos, en cuxa igrexa está enterrado, e en Ferrol, cuxos frades lles proporcionaban aos peregrinos do Camiño Inglés albergue, comida e axuda espiritual cando era preciso; o de Santa Catarina de Montefaro, atendido e rexentado así mesmo por franciscanos que desempeñaban alí e noutros lugares o seu caritativo labor; ou o de San Domingos da Coruña, que atendía a pobres e peregrinos a Santiago; tamén patrocinou a reconstrución do de San Salvador de Bergondo.

Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro

Escudo dos Andrade no Torreón de Pontedeume

Torreón de Pontedeume

Os principais hospitais que mandou edificar e dotou con cantidades importantes para que puidesen prestar axeitadamente os seus servizos os frades franciscanos de Santa Catarina de Montefaro foron o construído na ponte eumesa, que reservaba catro camas para os peregrinos xacobeos, ou o de San Bartolomeu de Betanzos[30].

Moitas destas edificacións incorporaron no exterior a figura do xabaril, símbolo da Casa de Andrade, ben só, ben cunha cruz encima.

Tamén realizou o Bo obras importantes para a defensa dos seus territorios, como o castelo de Andrade, na Pena Leboreira, na actual parroquia de Nogueirosa, e outros como o de Vilalba, o de Moeche ou o de Naraío; e para a súa residencia, como o pazo de Pontedeume, do que hoxe só se conserva o Torreón, ao que se lle incorporou o brasón dunha época posterior, do hoxe derruído edificio palaciano.

As sete pontes das que fala a lenda que o Bo mandou facer no Camiño Inglés

Entre as pontes que o Bo mandou levantar destacan as situadas no Camiño Inglés, que serviron tamén para que os peregrinos salvasen estes ríos que se atopaban na súa ruta cara a Santiago de Compostela.

30. Unha información moi rigorosa e polo miúdo sobre estes dous hospitais fundados por Fernán Pérez de Andrade o Bo no Camiño Inglés pode atoparse en López Calvo, A.: *Los hospitales para peregrinos del Camino Inglés a Santiago*, en "Estudios Mindonienses", XX, Ferrol, 2004, p. 750-759 e 763.

A ponte do Burgo unía os actuais concellos de Culleredo e Cambre que o río Mero separaba; a de Xuvia comunicaba os actuais municipios de Neda e Narón, preto do mosteiro de San Martiño do Couto; a da Ponte Baxoi fora levantada na parroquia homónima sobre o río Baxoi, no actual concello de Miño; sobre o Lambre edificou a que unía os actuais concellos de Miño e Paderne, na parroquia da Ponte do Porco; no lugar de Lambre levantou outra ponte sobre o río que lle daba nome, na parroquia de San Pantaleón das Viñas, no actual concello de Paderne; na ponte de Sigüeiro, que unía os actuais concellos de Oroso e Santiago de Compostela para salvar o río Tambre, engadiulle un novo arco á xa existente; e na de Pontedeume, sen dúbida a máis sobranceira que o Bo mandara construír, que unía os actuais concellos de Pontedeume e Cabanas, e chegou a ter sesenta e oito arcos, fundou unha capela e un pequeno hospital de peregrinos.

A ponte do Burgo

Para unir os actuais concellos de Culleredo e Cambre mandou construír Fernán Pérez de Andrade unha ponte onde o río Mero abraza ás augas salgadas da ría do Burgo.

A localidade, de fondas raíces xacobeas, que, desde a súa fundación polo rei Afonso VII (1111-1157), tomou como padroeiro ao Apóstolo o e nome de Santiago do Burgo, que esta parroquia dos municipios de Culleredo e Cambre aínda conserva na actualidade, así co-mo unha igrexa baixo o seu patrocinio, foi porto de acollida dos peregrinos que chegaban por mar a estas terras, sobre todo procedentes dos portos ingleses, e lugar de carga e descarga de mercadorías marítimas.

A primacía, ata o século XIII, do porto do Burgo sobre outros foi debida á seguridade que os cabaleiros da Orde do Temple lles proporcionaban tanto aos peregrinos como aos comerciantes que alí chegaban. Os templarios levantaron un castelo-fortaleza e unha igrexa, onde hoxe se atopa a ermida románica de Santa María do Temple, no municipio de Cambre. Estes cabaleiros custodios do Camiño de Santiago vixiaban desde a fortaleza a chegada dos barcos ao porto, dábanlles

Igrexa de Santiago do Burgo

Hidria das vodas de Caná, na ermida románica de Santa María do Temple en Cambre

acollida, atención e aloxamento aos peregrinos e ofrecíanlles protección coa súa presenza na ruta. Contan que un deles trouxo de Xerusalén unha das hidrias das vodas de Caná, nas que Xesús Cristo, por intercesión da Virxe María, fixo o milagre da conversión da auga en viño, que na actualidade se utiliza como pía bautismal.

Así e todo, a partir do século XIII, o da Coruña será o principal porto de acollida para os peregrinos que viñan a Galicia por vía marítima para realizar desde aquí a pé ou dacabalo a ruta que os conduciría ata a sé onde repousan os restos do apóstolo Santiago en Compostela.

Parece que a ponte de pedra medieval do Burgo puido ter algúns arcos máis cá actual, que hoxe estarían sepultados baixo as augas. Fora derruída en xaneiro de 1809 por sir John Moore para conter o ataque das tropas francesas antes da batalla de Elviña; polo seu valor, o inglés foi enterrado con honores militares na Coruña e na súa honra levantado na cidade coruñesa un monólito coa inscrición HIC OCCIDIT JOHANES MOORE DUX EXERCITUS ANGLICAE IN PUGNA JANUARI XVI 1809 CONTRA GALLOS A DUCE DALMATIAE DUCTOS.

A propia Rosalía de Castro fixo un emotivo pranto na súa honra no que dicía:

"Lonxe caíche, pobre John, da tomba
onde cos teus en descansar pensaras.
En terra allea inda os teus restos dormen
i os que te amaron e recordan inda,
mirando as ondas do velado Océano,
doridos din, desde as nativas praias:
'¡Aló está el, tras dese mar bravío;
aló quedou, quisais, quisais por sempre;
tomba onde naide vai chorar, cobexa
amadas cinzas do que nós perdemos...!'.
[...]
¡Mais que fermosa e sin igual morada
lle coupo en sorte ós teus mortales restos...!
¡Quixera Dios que para ti non fora,
nobre estranxeiro, habitación allea...!
que n'hai poeta, ensoñador espirto
non pode haber que ó contemplar no outono
o mar de seca, amarillenta folla,
que o teu mausoleo con amor cobexa"[31].

31. Castro, R. de: *Follas Novas,* primeira edición, Madrid, 1880; edición citada Xerais, Vigo, 2001, p. 153 e 154.

A ponte estivo desde aquela en ruínas ata que o dezasete de xuño de 1993 foi inaugurada, despois da súa reconstrución pola Escola Taller de Culleredo. Hoxe presenta doce arcos de medio punto, dos que seis proceden da primitiva edificación, separados por tallamares triangulares para conteren a forza da marea. É un paso seguro para os peregrinos que veñen desde A Coruña polo Camiño Inglés a Santiago de Compostela, porque ao seu carón, á dereita, foi construída unha sólida ponte de formigón destinada ao tráfico rodado.

Ponte do Burgo

Entrando por Cambre, no peitoril da dereita, ten labrado un escudo coa lenda AVE MARIA GRATIA PLENA e a cabeza dun xabaril, símbolos da Casa dos Andrade, e ao pé da ponte foi chantado un fermoso cruceiro.

Símbolos da Casa dos Andrade labrados no peitoril da ponte e cruceiro ao seu pé

A ponte de Xuvia

Consonte refire Couceiro Freijomil, a ponte de Xuvia, "primitivamente construída por Fernán Pérez, fora substituída por outra de madeira, ata remata-la actual, tamén chamada de Arce, 'reinando el Sr. D. Fernando VII, siendo protector el Sr. Martín de Hom-

breiras, el año 1831', segundo se le na inscrición dun dos peitorís. Tivera dereito de portaxe, ata que, por orde do gobernador e capitán xeneral de Galicia, don Francisco Javier Abadía, datada en Santiago o día cinco de xuño de 1832, se suspendera a exacción desde o un de xullo seguinte. É de cantería e de dous arcos, reforzados con sólidos diques, e fixa o termo da ría de Ferrol, ó pé dun pequeno peirao habilitado para unha moderna fábrica de tecidos"[32].

Ponte sobre o río Xuvia. Foto de Carmen Rodríguez Pena

Esta fermosa construción de cantaría, que une os actuais concellos de Narón e Neda, ten hoxe dous arcos de medio punto separados por un tallamar con forma semicircular, reforzado por un piar prismático, que tamén aparece nos dous estremos da ponte. Os peitorís son de ferro forxado e soporta tráfico rodado.

Rivadulla Conde, que tamén lle atribúe a súa primitiva construción a Fernán Pérez de Andrade o Bo, pensa que a ponte orixinal, polo ancho do río, debería ter tres arcos. No século XVIII atopábase nun estado ruinoso polo que fora substituída, como xa aseguraba Couceiro Freijomil, por unha de madeira. En opinión de Rivadulla Conde, a ponte de pedra fora reedificada por mandato de Fernando VII (1808 e 1813-1833) en 1831[33].

O oito de agosto de 1745, o Padre Martín Sarmiento chega a Xuvia, en cuxo priorado de San Martiño pasa a noite. Estas foron as súas anotacións: "Ponte, ría e río de Xuvia, que é o remate de toda a ría de Ferrol. Sobe a ría sobre a ponte media légoa; e a unha légoa cara ao nordés está a freguesía de Santa María de Naraío e unha torre, segundo escoitei dicir; por alí pasa o río Xuvia polo que é crible que se chamase Naraío e se refira ao Narius do que falaba Mela [...]. O río Xuvia vén entre o monte Esperón e o monte

32. Cfr. Couceiro Freijoomil, A.: *Historia..., op. cit.,* p. 136.

33. Cfr. Rivadulla Conde, I. F.: *As sete pontes de Fernán Pérez de Andrade*, "Boletín do Seminario de Estudios Mariñáns", III, Betanzos, 1987, p. 71.

Xuvia ou Ancos; e o río Neda [entre] este e o monte Marraxón. Ao saír da mesma ponte, á esquerda, hai un xabaril ou porco de pedra, como o que se atopaba na Ponte do Porco e o outro que había ao lado dun oso en Pontedeume. Á dereita, saíndo da ponte cara ao Priorado de Xuvia, está a freguesía de San Xoán de Narón [...]. Aquí en Xuvia fixen noite" (folios 60 v e 61 r do manuscrito orixinal)[34].

Conta a lenda que había nas inmediacións da ponte un lendario túnel secreto debaixo do río polo que algúns aseguran que cruzaban a Neda os frades do mosteiro de San Martiño do Couto, que se atopa ben preto, ou no que quizais se agocharon moitos anos despois os fuxidos da Guerra Civil.

Muíños do Xuvia. Foto de Carmen Rodríguez Pena

Ben pretiño de alí están os muíños do Xuvia, que foron construídos en 1775 por dous empresarios franceses. A súa moenda fornecía de fariña a Ferrol e comarca. Posteriormente foron utilizados tamén para fábricas de papel, tecidos e laminados de cobre.

A Ponte Baxoi

En pleno Camiño de Santiago, que coincidía tamén neste treito co Camiño Real, nun lugar chamado A Ponte Baxoi, na parroquia de Santa María de Castro, no actual concello de Miño, mandou construír Fernán Pérez de Andrade unha pequena ponte para salvar o río Baxoi.

Esta construción de cachotaría, moi ben conservada, presenta un só arco de medio punto e os peitorís da mesma feitura, e ao seu carón ten unha fermosa e coidada área de recreo que lles serve de lugar de descanso aos peregrinos ou á xente que busca na natureza un refuxio para pasar o seu tempo de lecer.

34. Tomado e traducido de Pensado, J. L. (ed.): *Fr. Martín Sarmiento. Viaje a Galicia (1745)*, Salamanca, 1975, p. 66 e 67.

A Ponte Baxoi

Despois de pasar pola parroquia de Santa María de Miño, o Padre Martín Sarmiento chega, o oito de agosto de 1745, á que el denomina "Ponte de Baxoi, que ten un regato e unha xunqueira detrás da punta. Dúas légoas de Betanzos" (folio 59 v do manuscrito orixinal)[35].

Na viaxe de volta, pasa de novo, "o día dez, luns, vixilia de san Lourenzo [o Padre Martín Sarmiento comete un pequeno erro na data xa que o dez de agosto é martes e non se celebra a vixilia de san Lourenzo senón a súa festividade] [...] [pola] Ponte Baxoi. Aquí, ponte, río e unha enseada de xunqueira, non difícil de comunicar coa ría da Ponte do Porco ou do río Lambre, unha légoa de Pontedeume" (folios 64 v e 65 v do manuscrito orixinal)[36].

A da Ponte do Porco

No lugar da Ponte do Porco, na parroquia de Santa María de Miño, onde se une este concello co de Paderne, mandou facer Fernán Pérez de Andrade unha ponte sobre o río Lambre para comunicar estes territorios cos de Betanzos, que estaban todos baixo a súa xurisdición.

Segundo Rivadulla Conde, esta antiga ponte tería catro arcos de medio punto con doelas que poderían ser de perpiaño ou cachotaría[37].

Conta Couceiro Freijomil que no século XX esta ponte era "unha construción de tres arcos por riba do río Lambre, á entrada da pintoresca aldea de Miño, na estrada de Betanzos a Xuvia. O nome de Ponte do Porco débese á cabeza de xabaril que aparece no arco central [hoxe está no piar que sostén o terceiro arco, xa na parte de Paderne]. A ponte

35. Tomado e traducido de Pensado, J. L. (ed.): *Fr. Fr. Martín..., op. cit.,* p. 65.

36. *Idem*, p. 69 e 70.

37. Cfr. Rivadulla Conde, I. F.: *As sete..., op. cit.,* p. 58.

actual, edificada con materiais da antiga, data, segundo unha inscrición, do ano 1862, reinando Isabel II [1833-1868]"[38].

Hai quen asegura que recibiu o nome da Ponte do Porco porque aquí foi o lugar onde o lendario Roxín Roxal matara no século XV o xabaril que lle causara a morte a Tareixa, a filla de Nuno Freire de Andrade, señor destes territorios.

Contan por estes dominios que, antigamente, nos solpores do século XIV, aínda nos tempos do Bo, chegaran a Pontedeume, polo golfo Ártabro, uns piratas que pretendían saquear a vila. Un deles, de pelo roxo e pel branca coma a neve, rouboulle ademais o corazón a unha das doncelas que servían no palacio dos Andrade e mantivo con ela unha apaixonada relación amorosa.

Retrato da raíña Isabel II (1833–1868)

Así e todo, pouco lles durou a felicidade, pois algúns días máis tarde o pirata marchou na súa embarcación cos seus compañeiros pola ría de Ares e a antes doncela pariu nove meses despois un fermoso fillo co pelo roxo e a pel branca coma o pai, do que nunca máis volveu saber nada.

A rapaza, pola súa bondade e lealdade aos señores de Andrade, seguiu servindo no palacio e o fillo, ao que lle puxo por nome Roxín Roxal e que herdara a forza e valentía do seu pai e a bondade e lealdade da súa nai, cando cumpriu os quince anos, foi chamado como paxe para servir no castelo erguido sobre a pena Leboreira, onde fixou a súa residencia.

Daquela corría o primeiro cuarto do século XV e era xa señor de Pontedeume don Nuno Freire de Andrade, que padecera os ataques dos irmandiños, contra as súas propiedades e mais a súa familia, e fora alcumado o Mao polos seus vasalos, polo que na súa sepultura, no altar maior da igrexa do mosteiro de Santa María de Monfero, o lebreiro que se aloxa aos seus pés ten o rabo entre as pernas.

38. Cfr. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia..., op. cit.,* p. 136.

Castelo de Andrade na pena Leboreira. Foto de Ángel Cendón

Can lebreiro no sartego do Mao. Foto de Ángel Cendón

Don Nuno tiña dous descendentes varóns, Pedro e Fernán, e vivía coa súa única filla Tareixa no pazo de Pontedeume, construído tamén en tempos do seu tío Fernán Pérez de Andrade, alcumado o Bo. Estas dependencias abarcaban desde a actual praza do Conde ata o peirao e no interior do recinto estaba a torre da homenaxe, chamada en Pontedeume o Torreón.

Tareixa era unha rapaza moi alegre e fermosa, e gozaba paseando a pé, dacabalo ou en barco, polo río Eume e a súa fraga, o monte de Breamo ou polas praias da bisbarra. Pero, como tamén era algo inconsciente e díscola, o seu pai decidiu encomendarlle o seu coidado e protección a Roxín Roxal, a quen tiña por un rapaz cabal, intelixente e valente, e merecente da súa total confianza e simpatía, pola lealdade que sempre lle mostrara.

O doncel, seguindo as ordes de don Nuno, acompañaba a Tareixa onde queira que fose e, paseniño, foi nacendo entre eles, primeiro, a amizade e, máis tarde, o amor. Roxín Roxal, que sempre andaba contento e feliz, empezou a sentirse tristeiro e morriñento, e mataba o tempo que non estaba con Tareixa entoando co seu laúde fermosas cancións de amor ou mirando, desde a torre do castelo de Andrade onde vivía, o palacio da súa amada en Pontedeume.

Vista de Pontedeume desde o castelo de Andrade

Roxín Roxal, pola consideración que lle tiña a don Nuno, non era quen de lle declarar o seu amor a Tareixa, pero a moza, cando viu a melancolía con que a miraba, decatouse de que devecía por ela e confesoulle que o seu sentimento era recíproco.

Así e todo, o seu noivado durou ben pouco, xa que, ao coñecer o señor de Pontedeume o que acontecía, lle prohibiu ao rapaz que volvese ver a súa filla e mesmo que se achegase á vila; debía quedar recluído nas inmediacións do castelo de Andrade.

Don Nuno, malia sentir unha grande estima por Roxín Roxal, non podía tolerar que casase coa súa filla, xa que, pola súa humilde condición, non era o home no que el pensara para a desposar. O marido que lle procurara a Tareixa era don Henrique de Osorio, que si tiña a liñaxe e a riqueza que a familia dos Andrade merecía.

Así pois, Roxín Roxal permaneceu recluído no castelo, cumprindo escrupulosamente as ordes do seu señor, e este decidiu agasallalo, como recompensa pola súa fidelidade, cunha valiosa daga de ouro, en cuxa empuñadura gravou as iniciais R. R.

Non tardou en celebrarse a voda entre Tareixa e don Henrique Osorio, e a coitada rapaza andaba moi aflixida. Botaba en falta a Roxín Roxal e subía acotío ao Torreón de Pontedeume para ver no alén o castelo onde se atopaba o seu verdadeiro amado. Malia que hai quen di que ía alí porque, por un pasadizo secreto que unía a torre e mais a fortaleza, o seu namorado a visitaba todas as tardes, non parece que isto fose factible, debido á longa distancia existente entre os dous edificios e ás condicións do terreo.

Un día chegou a oídos de don Nuno que un enorme xabaril estaba arrasando as colleitas dos seus dominios e que xa matara varios campesiños cando trataran de o abater. Como el e os seus fillos estaban ocupados en asuntos máis importantes, o señor daqueles territorios encomendoulle ao seu xenro que organizase a cacería.

Don Henrique pediulle a Tareixa, que era una experta amazona e coñecía ese territorio mellor ca el, que o acompañase e, xa case co solpor, atoparon o fero animal na ponte que Fernán Pérez de Andrade mandara construír sobre o río Lambre, para unir os seus feudos de Pontedeume e Betanzos e obter así un rendemento económico polas actividades comerciais que se chegasen a establecer por medio desta vía de comunicación.

Actual Ponte do Porco

Cando xulgou que tiña a tiro o xabaril, o de Osorio disparoulle unha frecha e o animal, enfurecido pola dor, acometeu con saña a Tareixa ata a matar e fuxiu ferido. Así e todo, o covarde don Henrique, no canto de defender a súa esposa, guindouse ao río polo peitoril para quedar a salvo da turrada da fera.

Poucos días máis tarde, na mesma ponte, apareceu morto o xabaril, que tiña cravada na súa gorxa a daga que don Nuno lle regalara a Roxín Roxal. Só o de Andrade sabía, polas iniciais que levaba na súa empuñadura, que non podía ser doutro cabaleiro ningún.

O malpocado señor de Pontedeume comprendeu que impedir o matrimonio entre a súa filla e o fiel vasalo fora un gran desatino, xa que este, aínda sendo plebeo, abofé que a tería defendido mellor có nobre don Henrique. A xeito de homenaxe mandou labrar na ponte a cabeza do xabaril sacrificado por Roxín Roxal.

Cabeza do xabaril labrada na Ponte do Porco

Cruceiro co xabaril na Ponte do Porco

Desde que aconteceron estes feitos, xa convertidos en lenda, o lugar no que apareceu morto o xabaril, polo que pasan os peregrinos que percorren o Camiño Inglés de Santiago, foi coñecido co nome da Ponte do Porco, pero do paradoiro de Roxín Roxal nunca máis se soubo.

Antes de cruzar a ponte, na alameda veciña, pertencente ao concello de Miño, está chantado un fermoso cruceiro coa imaxe do xabaril dos Andrade cunha cruz encima, que se podería considerar tamén como un sinal da vitoria sobre o mal, xa que este animal foi, decote, relacionado co Demo. No cruceiro, unha inscrición lembra a Fernán Pérez de Andrade o Bo como "benfeitor da comarca Brigantina" e aparece tamén esculpido o escudo dos Andrade co seu lema AVE MARIA GRATIA PLENA DOMINUS TECUM.

Estas representacións de xabarís coa cruz poden atoparse así mesmo noutras construcións patrocinadas por Fernán Pérez de Andrade, entre elas a do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro –hoxe acollida no Museo do Castelo de San Antón, na Coruña– e as das igrexas de San Francisco de Betanzos, Santa María de Cabanas ou San Paulo de Río Barba, no Vicedo, e sen a cruz, na ponte eumesa.

Resulta curiosa a presenza, tamén na alameda, dunha xardineira de pedra que reproduce algunhas das escenas cinexéticas do fermoso sepulcro de Fernán Pérez de Andrade, que se atopa na igrexa de San Francisco de Betanzos sobre as figuras pétreas dun oso e un xabaril, símbolos da Casa dos Andrade.

O oito de agosto de 1745, o Padre Martín Sarmiento sae de Betanzos cara a Pontedeume e pasa pola que el mesmo denomina "Ponte do Porco. Por ela sobe unha ría, parte da de Betanzos, media légoa, ata As Pinazas, e o río dela é o Lambre, a ponte é moi antiga e estreita" (folio 59 v do manuscrito orixinal)[39].

Na viaxe de regreso, non sabemos se o nove ou o dez de agosto, xa que o Padre Martín Sarmiento fala do luns dez, véspera de san Lourenzo, cando ese día dez de 1745 era martes e non a vixilia senón a festividade do santo, volve cruzar a "Ponte do Porco. Ao pasala, á esquerda, rexistrei un porco de pedra, xa fundido no chan, e que semellaba ter gravadas unhas letras ilexibles. É moi estreita e parece máis antiga que a de Pontedeume. Sobe a ría arriba cara ás Pinazas media légoa e o río chámase Lambre. Cómpre confirmar se por aquí estaría a Flavia Lambris de Ptolomeo. É pequena a ría pero moi pulida e forma parte da de Betanzos, penetra entre a punta de Miño e a de San Pantaleón (pasada a Ponte do Porco)" (folio 66 r do manuscrito orixinal)[40].

Hoxe se dispón sobre esta ponte, que divide os concellos de Miño e Paderne, outra que atravesa a Estrada Nacional e, río arriba, están a do ferrocarril e a da autopista.

Dúas pontes sobre o Lambre na Ponte do Porco

39. Tomado e traducido de PENSADO, J. L. (ed.): *Fr. Martín…, op. cit.*, p. 65.

40. *Idem*, p. 70.

A ponte actual ten, segundo Rivadulla Conde, tres arcos escarzanos ou rebaixados que descansan sobre piares de perpiaño, con tallamares circulares do mesmo material moi ben traballados, igual que as doelas dos arcos. O taboleiro foi ensanchado con formigón e os peitorís de pedra, substituídos por uns de ferro[41].



Plano da Ponte do Porco no traballo de Rivadulla Conde

Coa construción da nova ponte de formigón na Estrada Nacional, quedou liberada de boa parte do tráfico rodado.

A ponte de Lambre

No antigo Camiño Real que ía de Pontedeume a Betanzos, na parroquia de San Pantaleón das Viñas, fixo construír Fernán Pérez de Andrade unha pequena ponte que unise a aquela altura as dúas orelas do río Lambre.

Ponte de Lambre

Esta sinxela ponte presenta un único arco gótico que nos permite datala no século XIV e está feita de perpiaño, cachotaría e xisto. Segundo Rivadulla Conde, este arco oxival está formado por unha serie de doelas case todas ben traballadas que ao se achegar á clave se van estreitando ata ter as xuntas paralelas, o que lle puido orixinar unha lesión

41. Cfr. Rivadulla Conde, I. F.: *As sete..., op. cit.*, p. 58-60.

que xa foi reparada, a xulgar polo feito de que as xuntas das doelas e dos cachotes próximos ao arco están feitas con morteiro de cemento. Os peitorís son de laxes de xisto, coroados por perpiaños[42].

Hai quen sitúa nesta ponte a lenda de Roxín Roxal.



Plano da Ponte de Lambre no traballo de Rivadulla Conde

A ponte de Sigüeiro

A ponte de Sigüeiro, que une esta vila co actual concello de Santiago, en opinión de Rivadulla Conde, é moi antiga; pensa que os arcos primeiro, segundo e quinto, de medio punto, empezando a contar desde Sigüeiro, mesmo poden ser dos tempos dos romanos, e afirma con rotundidade que os dous arcos centrais, tamén de medio punto pero de maior tamaño, son sen dúbida románicos, probablemente do século XII[43].

Os tres tipos de arcos, oxival, romano e románico da ponte de Sigüeiro

42. *Idem*, p. 66-68.

43. *Idem*, p. 68.

O último arco, o máis próximo ao actual concello de Santiago, é oxival e presenta un estilo gótico que nos permite datalo no século XIV. A inscrición que aparecía nun dos arcos centrais afirmaba, segundo recolleu Antonio de la Iglesia, que "FERNAN PEREZ DE ANDRADE / ACABOU ESTA PONTE"[44], o que parece confirmar que foi o Bo quen mandou facer ese sexto arco.

Arco oxival mandado facer por Fernán Pérez de Andrade

No século XV, pretiño da ponte, Álvaro Pérez de Moscoso tentou raptar a María, a filla de Gómez Pérez das Mariñas, por unhas desavinzas que aquel tiña co seu pai, pero este, malia que os homes que o acompañaban estaban en inferioridade numérica, nunha heroica loita, conseguiu derrotar ao seu inimigo Álvaro Pérez de Moscoso e ao séquito que o acompañaba e liberar así a súa filla María; conta Vasco de Aponte que "correu tras el matando e ferindo á súa xente e tomándolles todo despoxo"[45].

O día sete de agosto de 1745 parte o Padre Martín Sarmiento desde Santiago de Compostela cara a Ferrol e fai a seguinte referencia: "Ponte Sigüeiro, de Santiago dúas légoas; río Tambre" (folio 58 r do manuscrito orixinal)[46].

44. IGLESIA, A. DE LA: *El idioma gallego, su antigüedad y vida,* t. II, A Coruña, 1886, p. 58.

45. Tomado e traducido de APONTE, V. DE: *Recuento de las Casas Antiguas del Reino de Galicia,* Santiago de Compostela, 1986, p. 159.

46. Tomado e traducido de PENSADO, J. L. (ed.): *Fr. Martín…, op. cit.,* p. 64.

Tallamares da ponte de Sigüeiro

Conta Francisco Tettamancy en *La revolución gallega de 1846*, publicada na Coruña en 1908, citando datos de Francisco Ponte y Blanco, que esta ponte de Sigüeiro é "de estilo entre románico e oxival, de 58,80 metros de longo. O ancho dos seus peitorís ten unha medida de 3,40 metros; e o que está entre os apartadoiros ten 8,35. Estes son de forma trapezoidal e triangular, que ó tempo forman os tallamares da ponte. Os triangulares están arriba e os trapezoidais augas para abaixo. Consta a ponte de cinco arcos circulares de distinto radio e un oxival con sobrecarga circular"[47].



Plano da ponte de Sigüeiro no traballo de Rivadulla Conde

47. Tomado de Couceiro Freijomil, A.: *Historia..., op. cit.*, p. 137.

Por mor do intenso tráfico rodado, leva na actualidade, sobre o antigo taboleiro de pedra, un de formigón armado, para reforzar a súa estrutura, e os seus peitorís de pedra foron substituídos por unha varanda de ferro forxado.

O seu estado de conservación é moi bo.

A chamada Ponte de Pedra de Pontedeume

Sen dúbida a ponte máis grande e sobranceira que Fernán Pérez de Andrade o Bo mandara facer foi a de Pontedeume.

Os achados romanos de Zopazos, Centroña ou Perbes, e mesmo algúns da época prerromana, dos que aínda quedan pegadas tamén na toponimia, permítenlle supoñer a Correa Arias "que xa en tempos castrexos houbera algún tipo de pasadoiro para, con marea baixa, comunicar os numerosos castros dunha a outra banda da ría. Efectivamente, as dúas ribeiras estaban bordeadas por abondosos poboados castrexos dos que aínda quedan múltiples vestixios arqueolóxicos [...]. Tamén é verosímil que no lugar que hoxe ocupa a ponte de pedra, os romanos convertesen o antigo pasadoiro nunha ponte de madeira máis estable. Así e todo, non coñecemos ningún documento onde se cite a existencia de tal ponte ata o século XII. Este documento, de 1162, é unha doazón por medio da que se transfiren fondos para manter a ponte en bo estado"[48].

Así e todo, malia que o informe, custodiado no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago, da visita realizada a Pontedeume en 1607 polo cóengo da catedral e visitador xeral da diocese compostelá Jerónimo del Hoyo fala de que a ponte fora feita polos romanos e considera que, como moito, ao atopala "algo desmoronada y desecha en algunas partes de lo superior […], Fernán Pérez las debio de reparar, y por esta raçón están en la dicha puente sus armas"[49], é indiscutible que a ponte fora mandada facer por Fernán Pérez de Andrade o Bo, segundo consta no xabaril de pedra que o primeiro señor de Pontedeume ordenara colocar fronte ao oso, símbolos da súa casa, entre os arcos segundo e terceiro cunha inscrición na que dicía, seguindo a interpretación de Antonio de la Iglesia: EN NA ERA DE MIL E CCCLXXX. ANO9 [TRESCENTOS OITENTA ANOS], / DA NACENZA DE / NOSO SENOR IESU XUO [CRISTO] / POR ABRIL COMEZADA E / ACABARONA EM SEIS AN9 [ANOS] ESTA [PONTE][50].

Ademais, tamén testemuña que a ponte de pedra fora mandada facer por Fernán Pérez de Andrade o Bo o privilexio do rei Xoán I (1379-1390)[51], dado en Segovia, o vinte

48. Véxanse Correa Arias, J. F.: *A ponte do Ume*, en "Cátedra", II, Pontedeume, 1995, p. 22, de onde está tomada a cita, e Correa Arias, J. F. e Sarmiento Calvo, F.: *A ponte do Eume*, en "Cátedra", VII, Pontedeume, 2000, p. 8.

49. Cfr. Castro Álvarez, C. de e Vázquez Arias, J. C.: *La iglesia de Santiago de Pontedeume. Historia y patrimonio artístico,* A Coruña, 2003, p. 143.

50. Véxase Iglesia, A. de la: *El idioma..., op. cit.,* p. 58.

51. Pode consultarse a transcrición completa deste privilexio en Vaamode Lores, C.: *Ferrol y Puentedeume. Escrituras referentes a propiedades adquiridas por el Monasterio de Sobrado en dichos partidos durante los siglos XII, XIII y XIV,* A Coruña, 1909, p. 77-79.

Xabaril dos Andrade coa inscrición referida á construción da ponte

de marzo de 1384, no que se afirma que se levantara esta ponte para substituír a vella, que "estaua fha de madera"[52], e no que se lle recoñece tamén ao Bo "que vos auedes fho a buestra propia costa e mesion la puente deume"[53].

Así pois, a construción da ponte de pedra, que durara seis anos, segundo a devandita inscrición, debía estar xa moi avanzada en 1384, cando Xoán I (1379-1390) asina o privilexio, e a finalización das obras podemos datala contra o ano 1386, no que se cumpre o anunciado polo monarca, "que en la dha puente auedes facer vna capilla a donde se cantase vna capillania perpettua por el anima del dho rrey nuestro padre e vn ospittal do se acoxesen los pobres que

Retrato de Xoán I (1379-1390)

52. *Idem*, p. 77.

53. *Ibidem*.

por el pasassen e que era buestra voluntad de dar e dottar para siempre yamas a la dha capillania perpettua e para manttinimientto de los pobres que se acoxiesen en el dho ospittal e para reparamentto del el diezmo de la madera de la buestra villa de la puente deume"[54].

Aquela impresionante ponte de cantaría chegou a ter sesenta e oito arcos, consonte recolle unha ordenanza de catorce de decembro de 1622, conservada no Arquivo Municipal de Pontedeume[55] e transcrita por Couceiro Freijomil[56].

Entre o segundo e o terceiro, contando desde Pontedeume, estaban, a cadansúa beira, as devanditas figuras pétreas, labradas con pouca finura, dun oso e un xabaril. García Lamas pensa que a presenza nas pontes destes animais totémicos podería delimitar o lugar onde se cobraba o pontádego que daba dereito a cruzalo, aínda que admite outras posibles interpretacións[57].

A ponte tiña tamén dúas torres, unha, entre o oitavo e noveno arcos, contando desde Pontedeume, cun oratorio dedicado a santo Antonio de Padua, cuxa advocación era moi venerada na vila e mesmo aínda hoxe conserva, na igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume, unha imaxe súa no retablo da Nosa Señora do Rosario; e outra entre os arcos corenta e un e corenta e dous, chamada de Santa María do Risco, cunha talla desta Virxe que albergaba baixo o seu teito.

Debuxo de Fernando Sarmiento da primeira parte da ponte, seguindo os traballos de Correa Arias

54. *Ibidem*.

55. Arquivo Municipal de Pontedeume, Actas Capitulares, Caixa 1, 1619-1650, folio 257.

56. Couceiro Freijomil, A.: *Historia..., op. cit.,* p. 133. Así e todo, Couceiro comete un pequeno erro e afirma que son "setenta y ocho harcos muy espaciosos", cando en realidade a ordenanza fala de "sessenta y ocho", como corrixe posteriormente o profesor De Castro Álvarez, no magnífico estudo realizado en Castro Álvarez, C. de: *Calles, Plazas y Jardines de Pontedeume. Denominación, Morfología y Actividad en el Espacio Público [1270-1970],* Pontedeume, 2007, p. 150.

57. Véxase García Lamas, M. A.: *La memoria de Fernán Pérez de Andrade O Bóo en las iglesias de Montes do Sor: San Pantaleón de Cabanas, Santa María de Cabanas y San Paulo de Riobarba*, en "Cátedra", XV, Pontedeume, 2008, p. 138.

Entre os arcos vinte e vinte e dous estaban a capela do Espírito Santo e o hospital dos que falaba o devandito privilexio do rei Xoán I (1379-1390).

Debuxo de M. Marín do hospital e a capela desta ponte, consonte os estudos realizados por Correa Arias

Por todas estas razóns, a ponte eumesa chegou a ser considerada como unha das mellores que había daquela na Península Ibérica. Bartolomé Sagrario de Molina, no século XVI, di na oitava na que fai referencia a esta obra:

"Tomada ocasión de aquello del Sil,
notad otra puente de gran maravilla
que llega a tener de largo una milla
contada por pasos que pasan de mil
sobre sus arcos de piedra y sotil
que son Puentesdeume aquesta que digo.
No siento a la prueba hallarse testigo
que diga haber visto tal cosa gentil"[58].

No texto en prosa que vén despois, explica máis polo miúdo como é, asegurando que "con moita razón cómpre facer conta e poñer en memoria esta insigne ponte, cuxa longura non penso que se poida atopar en España. Ten mil douscentos pasos e, considerando que as que noutros reinos se gaban por moi longas non chegan aos catrocentos, é de ver a excelencia e grandeza desta. Atópase nunha ría a dúas légoas do mar sobre os seus arcos de xentil edificio, é cousa de estimar. Está cabo dunha vila que toma o nome da mesma ponte […]. Esta vila das Pontes deume […] é un pobo de tanta

58. Véxase Parrilla, J.A. (ed.): *Descripción..., op. cit.,* p. 80.

Debuxo de Pontedeume e a súa ponte, realizado por Pedro Texeira en 1634 en *La descripción de España y de las costas y puntos de sus reinos*

frescura de árbores e tan deleitable asento e vista, que ben se pode chamar o verxel de Galicia"[59].

Nesas mesmas datas, o peregrino italiano polo Camiño Inglés Bartolomeo Fontana dicía que "ao entrar por Pontedeume pasei unha longa e antiquísima ponte de pedra, sustentada por moitos arcos e que cruza un porto. Na miña vida non vin unha tan longa en país ningún nin a puido ver ninguén; no medio dela hai un hospital que alberga peregrinos"[60].



Debuxo de Fernando Sarmiento da capela e o hospital da ponte, seguindo os traballos de Correa Arias

Contra o mediodía do oito de agosto de 1745, entra o Padre Martín Sarmiento en "Pontedeume, tres légoas de Betanzos. Pasei a ponte, que é estreita, case como a da Ponte do Porco, pero moi longa, pois seica ten sesenta e un arcos, e toda está feita de pedra. Ao

59. Tomado e traducido de *idem*, p. 80 e 111.

60. Tomado e traducido de MACEDO CORDAL, C.: "Las peregrinaciones italianas a Santiago. Sinopsis del relato de Bartolomeo Fontana", en BREIXO RODRÍGUEZ, C., LÓPEZ CALVO, A., MACEDO CORDAL, C. e SÁEZ TAOBADA, B.: *Pontedeume, vila e ponte no Camiño a Santiago, Pontedeume,* 2004, p. 93.

entrar nela, hai, a un lado un lobo [en realidade é un oso] de pedra. E á esquerda, un porco ou xabaril tamén de pedra cunha inscrición no lombo ben grande. Pareceume, ao pasar, que era unha inscrición romana, pero non o é. Ao pasar a ponte, a baía, que queda á esquerda, é moi semellante á de Pontevedra, mirando desde a ponte a Mourente, e, á súa imitación, aparece rodeada por montes a xeito de círculo, e neles está a Torre de Andrade. A ría de Pontedeume sobe ao nordés unha légoa e recibe o río Eume, e a outra légoa máis arriba fúndese co Eume o río Sesín e fai unha illa na que se atopa o Real Priorado de San Xoán de Caaveiro. Aquí fixen mediodía" (folios 59 v e 60 r do manuscrito orixinal)[61].

Sarmiento chega ese mesmo día a Xuvia, onde pasa dúas noites no seu priorado. "O día dez, luns, vixilia de san Lourenzo" (folio 64 r do manuscrito orixinal)[62] [aquí hai un pequeno erro na data xa que o dez de agosto daquel ano 1745 era martes e non se celebraba a vixilia de san Lourenzo senón a súa festividade] sae de Xuvia en viaxe de regreso e chega a "Pontedeume. Dúas légoas de Xuvia (pasando a ría). Fixen que se contasen os ollos da ponte; ten en total sesenta, dos cales dez están na calzada. Detívenme ao acabar de cruzar a ponte para rexistrar os animais de pedra que vira cando pasara camiño de Xuvia.

O occidental non é un lobo, senón un oso sen letras. O oriental é un xabaril ou porco montés e ten no lombo gravadas seis liñas de caracteres, que, cando máis, serán do século XIV. O contido está en lingua galega, ao parecer; lese 'ano de Jesuchristo' e que se fixo a ponte en seis anos.

A tradición di que os que a fabricaron tiñan nome alusivo aos dous animais. Así e todo, outros aseguran que o conde de Lemos [refírese a Fernán Pérez de Andrade, que non era conde de Vilalba e Andrade, e moito menos de Lemos xa que as casas de Andrade e Lemos non se funden ata 1576], afeccionado á caza, matara un xabaril e mais un oso terribles e que os mandou poñer alí en lembranza daquel feito, como tamén o fixo no seu sepulcro coa súa efixie de Pontedeume, que ten aos seus pés un can lebreiro [o sepulcro de Fernán Pérez de Andrade está na igrexa de San Francisco de Betanzos, sostido por un oso e mais un xabaril, e ten aos seus pés dous cans lebreiros]. Á esquerda, deixei a torre e o castelo de Andrade" (folios 64 v, 65 r e 65 v do manuscrito orixinal)[63].

Segundo López Calvo, o hospital deixaría de prestar os seus servizos a principios do século XIX. O superior do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro comunícalle ao alcalde da vila de Pontedeume, nunha carta que lle remite en 1820 e se conserva no Arquivo Municipal de Pontedeume[64], a imposibilidade de que este centro hospitalario seguise a cumprir as funcións para as que se fundou e que eles non podían continuar prestando estes servizos porque as cláusulas primitivas xa non estaban vixentes. Así e

61. Tomado e traducido de Pensado, J. L. (ed.): *Fr. Martín…, op. cit.,* p. 66.

62. *Idem*, p. 69.

63. *Idem*, p. 69 e 70.

64. Arquivo Municipal de Pontedeume, Expedientes de la Junta de Sanidad, Beneficencia y Asistencia Social, 283.

Sepulcro do Bo

todo, López Calvo sostén que a demolición da capela non se produciu ata 1867, cando se acordou derruír a vella ponte de pedra[65] e utilizar os seus materiais para a construción doutra máis pequena, rematada en 1870, aproveitando as obras da nova estrada que unía Xuvia e mais Betanzos. Previamente, entre febreiro de 1861 e decembro de 1862, levantárase unha provisional de madeira para non deixar incomunicados os territorios divididos polo río Eume.

65. LÓPEZ CALVO, A.: *Los hospitales..., op. cit.,* p. 758.

Ponte provisional de madeira

A nova ponte, de once arcos, "cinco de tipo carpanel e tres de medio punto en cadanseu extremo"[66], como nos conta o profesor De Castro Álvarez, perdeu os tres arcos de medio punto da beira de Pontedeume por mor dunha riada só catro anos despois de rematadas as obras, o que obrigou a construír outra provisional de madeira. Entre 1884 e 1888, fíxose unha nova ponte de quince arcos; foron reconstruídos os tres de medio punto arrasados pola enchente, mantivéronse os cinco de carpanel e engadíronselles cara a Cabanas outros catro arcos de medio punto que se sumaron aos tres xa existentes, separados todos por tallamares. Nestes traballos investiuse, segundo Couceiro Freijomil, aproximadamente un millón de pesetas[67], o que dá unha idea da grande envergadura da obra executada.

Actual ponte de pedra eumesa

Na década de 1970, foi demolido o peitoril de cantaría e substituído por un de formigón armado e, cando xa corrían os oitenta, foi reformada a parte correspondente ao concello de Cabanas e perpetrado, con dereito pero sen razón, o "tambricidio", para salvar o paso a nivel con barreira do tren e facer unha estrada que unise a ponte co piñeiral da praia da Magdalena, o que eliminou, para desgusto dos eumeses, que considerabamos

66. Tomado e traducido de Castro Álvarez, C. de: *Calles..., op. cit.,* p. 141.

67. Cfr. Couceiro Freijomil, A.: *Historia..., op. cit.*, p. 134.

Antiga praia do Tambre

noso este enclave, a popular praia do Tambre, con razón pero sen dereito, xa que oficialmente sempre pertenceu ao municipio de Cabanas.

A solución non foi boa e, despois de varias mortes, as autoridades cabanesas, coa axuda do ministerio de Transportes, mandaron facer unha ponte por debaixo da vía do tren, pola que puidesen cruzar as persoas e os coches sen perigo, e logo construíron o actual paseo marítimo, polo que veñen os peregrinos, e un xeitoso parque infantil.

Actual paseo marítimo de Cabanas

Na actualidade, a ponte está ben conservada e mantén os quince arcos.

Así e todo, as lendas contan a historia dun xeito moito máis literario. No derradeiro cuarto do século XIV, vivía en Pontedeume unha rapaza propietaria de moitas terras e inmobles nesta comarca. Un día achegouse á ribeira da vila eumesa para que un mariñeiro a levase no seu batel a Cabanas, na outra beira do río, para mercar unhas leiras.

Na caída da tardiña, seica un nubeiro que por alí vagaba provocou un gran temporal e, cando a moza quixo regresar, o mariñeiro xa volvera a Pontedeume, porque

temía que o seu barco naufragase no medio do balbordo da tempestade. A rapaza estaba moi contrariada, pois quería durmir, como fose, na súa luxosa vivenda da vila. Era de noite e desde a outra orela vía a luz acesa da súa casa tan cerca que non aceptaba ter que quedar en Cabanas.

Vendo na antolladiza rapaza unha presa fácil de enganar, o Demo, que adoita estar ao axexo preto dos ríos e non descansa, sempre disposto a sacar proveito das persoas desesperadas, achegóuselle a ela, encarnado na figura dun garrido galán, e prometeulle que, se lle asinaba un documento, el conseguiría que puidese atravesar sen perigo cara á outra orela do río. Así o fixo a insensata moza, sen se decatar de que lle estaba a vender a súa alma ao Demo, e este construíu unha fermosa ponte, decontado, pola que pasou a rapaza para chegar á súa casa de Pontedeume. Contan os vellos que mellor coñecen a lenda que o cheiro a xofre que deixa o rastro do Demo por onde pasa se estendeu por toda a bisbarra e durou varios días na vila.

Así e todo, cando o Diaño lle foi reclamar, xa ben cedo ao día seguinte, a alma á mociña, ela non sabía do que lle estaba a falar, ata que lle mostrou o documento coa súa sinatura. Arrepentida, asustada e desconsolada, dirixiuse cara á ermida de San Miguel de Breamo para que o Arcanxo, curtido en mil batallas contra o Demo, intercedese para a librar do seu compromiso.

San Miguel, que sempre vela por todos os eumeses desde a súa capela románica levantada na cima do monte de Breamo, acudiu, coa súa balanza de pesar as almas, diante da Xustiza Divina e, por mor da súa defensa, o Xuíz Supremo decidiu que o documento non era válido porque a rapaza non sabía que coa súa sinatura estaba a vender a alma.

Así e todo, a mociña foi condenada, pola súa insensatez, a construír un hospital de peregrinos e unha capela no medio da ponte, e ela, ademais, en agradecemento a san Miguel, doou unha chea de cartos para o sostemento da igrexa de Breamo e ofreceu, ata a súa morte, unha misa na honra do Arcanxo nesta ermida o día vinte e nove de cada mes; en febreiro, o vinte e oito cando o ano non fose bisesto.

Imaxe pétrea, con restos de policromía, de san Miguel coa balanza de pesar as almas na capela de Breamo

Capela de San Miguel de Breamo

Outra lenda, tamén relacionada co Demo e recollida nunha marabillosa cantiga popular polo grupo de cantareiras eumesas *Faltriqueira*, di que a ponte fora construída nunha soa noite por un acto de amor.

Así e todo, a versión que a min me contaron é un pouco distinta da relatada na cantiga. A fermosa Minla, filla do primeiro señor de Pontedeume, Fernán Pérez de Andrade, alcumado o Bo, vivía no palacio que os seus pais tiñan na vila e todos os días, co solpor, para non ser vista, acudía á ribeira a agardar por Ledán, un garrido pastor de Cabanas ao que un mariñeiro amigo atravesaba no seu barco ata o outro lado do Eume para que puidese estar coa súa amada.

Unha tarde levantouse, de socato, un gran temporal e as augas do río baixaban moi embravecidas. O mariñeiro non o quixo levar, porque xulgaba que podería ser perigoso, e Ledán, experto nadador, como sabía que na outra orela do río o agardaba Minla, decidiu cruzar a nado a Pontedeume.

Así e todo, malia a súa destreza, afogou xa en Cabanas. Minla, desde Pontedeume, viu como o seu amado morría e, desesperada, fixo un pacto co Demo. Prometeulle que lle entregaría a súa alma se construía unha ponte ata Cabanas que lle permitise cruzar para darlle o derradeiro bico de amor a Ledán, que xacía inerte na orela. Porén, como non quería que a vise ninguén, puxo como condición que tería que estar rematada esa mesma noite, antes de que o galo negro do palacio dos Andrade cantase.

Imaxe procesional de san Miguel vencendo ao Demo coa súa espada

O Demo comezou a construír a ponte, pero, cando xa só lle faltaba por facer o último arco, san Miguel, que o vira todo desde o cume do monte de Breamo, baixou á ribeira decontado coa súa espada e emprendeu unha dura loita con el. Mentres pelexaban, o Demo escoitou cantar o galo negro dos Andrade e viu enfurecido que non puidera cumprir o seu compromiso pola intervención do Arcanxo.

Así e todo, como a ponte xa case estaba rematada, Minla puido cruzar o río ata Cabanas e darlle o derradeiro bico de amor a Ledán, sen falta de lle entregar a súa alma ao Diaño.

O señor de Pontedeume, cando a súa filla lle contou o acontecido, decidiu

terminar o último arco da ponte que uniu por terra a vila cos outros pobos situados na outra beira do río, "os da banda á ponte", como dicimos os eumeses.

Hai quen afirma, retranqueiro, que o nome de Pontedeume non significa "ponte do Eume", senón "ponte do Demo".

Algúns lle atribúen o milagre das dúas lendas ao Espírito Santo e non a san Miguel e pensan que este é o motivo polo que a capela e o hospital da ponte levaban a súa advocación.

Bibliografía

Aponte, V. de: *Recuento de las Casas Antiguas del Reino de Galicia*, Santiago de Compostela, 1986.

Breixo Rodríguez, C., López Calvo, A., Macedo Cordal, C. e Sáez Taboada, B.: *Pontedeume, vila e ponte no Camiño a Santiago*, Pontedeume, 2004.

Carré Alvarellos, L.: *Las leyendas tradicionales gallegas*, Madrid, 1977.

Castro, R. de: *Follas Novas*, primeira edición, Madrid, 1880; edición citada Xerais, Vigo, 2001.

Castro Álvarez, C. de: *Calles, Plazas y Jardines de Pontedeume. Denominación, Morfología y Actividad en el Espacio Público [1270-1970]*, Pontedeume, 2007.

Castro Álvarez, C. de e Vázquez Arias, J. C.: *La iglesia de Santiago de Pontedeume. Historia y patrimonio artístico*, A Coruña, 2003.

Correa Arias, J. F.: *Fernán Pérez de Andrade, o Bóo. Mentalidade e realidade social*, Noia, 2004.

Correa Arias, J. F.: *A ponte do Ume*, en "Cátedra", II, Pontedeume, 1995, p. 15-56.

Correa Arias, J. F.: *Nuno Freire de Andrade, o Malo, e a Irmandade de 1431*, "Cadernos do Ateneo Eumés", 2, Pontedeume, 2004, p. 7-11.

Correa Arias, J. F. e Sarmiento Calvo, F.: *A ponte do Eume*, en "Cátedra", VII, Pontedeume, 2000, p. 7-44.

Couceiro Freijomil, A.: *Historia de Pontedeume e a súa comarca*, primeira edición de 1944, citado pola cuarta edición, Pontedeume, 1994.

Falque Rey, E. (ed.): *Historia Compostelana*, Madrid, 1994.

Fernández Lago, X. e González García, X. A. (coord.): *O Novo Testamento*, Santiago de Compostela, 1998.

Fonte Sardiña, J.: *Tradición xacobea en Pontedeume, unha vila medieval no Camiño Inglés cara a Santiago de Compostela*, en "Cátedra", XX, Pontedeume, 2013, p. 201-262.

García Iglesias, J. M. (dir.): *Sentimientos de Camino*, Santiago de Compostela, 2003.

García Lamas, M.A.: *La memoria de Fernán Pérez de Andrade o Bóo en las iglesias de Montes do Sor: San Pantaleón de Cabanas, Santa María de Cabanas y San Paulo de Riobarba*, "Cátedra", XV, Pontedeume, 2008, p. 123-152.

GARCÍA ORO, J.: *Don Fernando de Andrade, Conde de Villalba*, Santiago de Compostela, 1994.

IGLESIA, A. DE LA: *El idioma gallego, su antigüedad y vida*, A Coruña, 1886.

LÓPEZ CALVO, A.: *Peregrinacións, hospitalidade e pegadas xacobeas na comarca eumesa*, "Cátedra", VI, Pontedeume, 1999, p. 163-186.

LÓPEZ CALVO, A.: *Los hospitales para peregrinos del Camino Inglés a Santiago*, "Estudios Mindonienses", XX, Ferrol, 2004, p. 729-771.

LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice Calixtino. O* Codex Calixtinus *en galego*, Santiago de Compostela, 2009.

LORENZO VÁZQUEZ, R. (ed.): *Crónica Troiana*, A Coruña, 1985.

MARTÍNEZ SANTISO, M.: *Historia de la ciudad de Betanzos*, A Coruña, 1987.

MURGUÍA, M.: *Galicia*, primeira edición 1888, citado por Sálvora, Santiago de Compostela, 1985.

PARRILLA, J.A. (ed.): *Descripción del Reino de Galicia por el licenciado Molina*, Santiago de Compostela, 1998.

PENSADO, J. L. (ed.): *Fr. Martín Sarmiento. Viaje a Galicia (1745)*, Salamanca, 1975.

RIVADULLA CONDE, I. F.: *As sete pontes de Fernán Pérez de Andrade*, "Boletín do Seminario de Estudios Mariñáns", III, Betanzos, 1987, p. 57-73.

SINGUL, F. (dir.): *Os Capítulos da Irmandade. Peregrinación e conflito social na Galicia do século XV*, Santiago de Compostela, 2006.

SINGUL, F. e SUÁREZ OTERO, J. (dir.): *Até o confín do mundo: Diálogos entre Compostela e o mar*, Santiago de Compostela, 2004.

TETTAMANCY, F.: *La revolución gallega de 1846*, A Coruña, 1908.

VAAMONDE LORES, C.: *Ferrol y Puentedeume. Escrituras referentes a propiedades adquiridas por el Monasterio de Sobrado en dichos partidos durante los siglos XII, XIII y XIV*, A Coruña, 1909.

YZQUIERDO PEIRÓ, R. (ed.) e FONTE SARDIÑA, J. (trad.): *Guía do Museo da Catedral de Santiago*, Santiago de Compostela, 2011.

XOÁN ROA DÁVILA (1552-1630): UN PRIOR DE CAAVEIRO NO SÉCULO DE OURO ESPAÑOL

Xesús Andrés López Calvo

1. Introdución

A nosa achega sobre Roa Dávila é un traballo de compilación máis que de xenuína investigación. Tentamos, como principal obxectivo, facer unha rexesta de textos e datos espallados en diversas edicións, da interesante biografía –e segundo o noso criterio aínda non suficientemente divulgada– dun eclesiástico con sona na historia local eumesa por ter sido Prior da Colexiata de Caaveiro[1].

Con todo, non nos limitaremos a unha descrición diacrónica da traxectoria vital, ou a unha relación do *status quaestionis* dos estudos sobre o persoeiro, senón que presentaremos un cadro no que aparezan os elementos máis importantes e que afectaban máis directamente ao binomio institucións civís e institucións eclesiásticas, individualizadas na bio–bibliografía deste ex xesuíta que amosa facianas de riqueza poliédrica máis universal que localista, e a quen poderíamos cualificar como o representante máis significativo da teoría democrática na España do século XVI.

O Século de Ouro español constitúe un período no que, xunto a intelectuais, artistas e políticos relevantes, tamén despuntaron filósofos e teólogos dos que, salvadas as contextuais diferenzas, as súas ideas ben poderían trasladarse a modernas formas políticas e, polo mesmo, son meritorias de seren coñecidas e analizadas. "A relación poder civil e eclesiástico nesta época segue a ter valor para o historiador, pois da interpretación que se dera sobre o tema entre os detentadores dese poder, dependía a aplicación e resolución práctica de moitos e espiñentos problemas da realidade"[2].

Decididamente comprometido coa España oficial do seu tempo, Roa Dávila foi un verdadeiro polígrafo. Defendeu vehementemente por medio de longos e sisudos estudos

1. Cf. C. de Castro Álvarez – J. I. Fernández de Vieana – M. T. González Balasch, E*l Monasterio de San Juan de Caaveiro*, A Coruña, Deputación Provincial, 1999, 51-57. Tamén: A. Cepeda Fandiño, *As constitucións do cabido de San Xoán de Caaveiro*, en: "Cátedra" (1996) 3, 125-167.

2. Q. Aldea Vaqueiro, *Política y religión en los albores de la Edad Moderna*, Madrid, Real Academia de la Historia, 1999, =Clave Historial 22, 110.

todo tipo de temas: as corridas de touros, o dogma da Inmaculada Concepción da Virxe María, a vinda e predicación ata a Península do Apóstolo Santiago.. mais, segundo a nosa opinión, onde a súa traxectoria científica acadou maiores cotas foi na exposición das súas teses democráticas.

2. A PERSOA E A ÉPOCA

Segundo os catálogos que se conservan no arquivo da Casa Xeneralicia da Compañía de Xesús en Roma[3], e as informacións que achega o *Dicionario de Historia Eclesiástica de España*[4], sabemos que Xoán Roa Dávila era natural de Alcalá de Henares (Madrid) e que nacera en 1552. Entre 1566 e 1569 estudou Leis na Universidade de Salamanca. En 1569 ingresa na Compañía de Xesús e en tódalas súas obras, preséntase como Doutor en Teoloxía[5]. Dezaoito anos despois, en 1587, cando ensinaba no colexio xesuíta de Segovia, abandona a Compañía de Xesús. En 1591 é prebendado polo rei Filipe III co beneficio do Priorado de Caaveiro. Censurado polo Tribunal da Inquisición, afas-tado da Corte, acusado de delitos persoais, sometido a proceso e condenado, sae de reclusión en febreiro de 1595. A apelación que fai ao Papa e o carácter polémico das súas obras, obrígano a establecer a súa residencia en Roma, onde redacta unha importante obra teolóxica e esexética, finando na Cidade Eterna cara ao ano 1630.

A biografía de Roa Dávila, xa que logo, desenvolvese entre o apoxeo do Imperio e a crise da Guerra dos Trinta Anos; entre o proceso do Renacemento cara ao Barroco e a fráxil monarquía de Filipe IV. Como trazos característicos e paradigmáticos desta época, os historiadores sinalan: a existencia dunha acentuada diversidade entre as rexións de España por mor da falla de boas comunicacións; o exercicio do poder por parte dunha elite (o rei e alta nobreza); a existencia de dous estados (nobreza e clero); a coexistencia de tres relixións (cristiá, hebrea e musulmá); o alto prezo de mantemento do Imperio; a integración social das minorías (xudeus, mouriscos e conversos); a feudalización do agro e o marcado selo italiano do Renacemento español. Eran os tempos onde, fronte ao esforzo do clero e a nobreza por fixar a súas raíces nos estereotipos medievais (misticismo, aceptación da xerarquía e da tradición), a burguesía reivindicaba un racionalismo aberto polo empuxe decisivo do Renacemento[6].

3. Cf. *Cathalogus Societatis Ieusu 1576*, citado en: N. BELLOSO, *Poder político y democracia. La filosofía política de Juan Roa Dávila*, en: "Anuario Filosófico" 30 (1997) 689-702. Tamén: G. DÍAZ DÍAZ, *Hombres y documentos de la filosofía española*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1998, Vol. VI.

4. L. PEREÑA VICENTE, "Roa Dávila, Juan", en: Q. ALDEA – T. MARÍN – J. VIVES (EDS.), *Diccionario de Historia Eclesiástica de España*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas – Instituto Flórez, 1972, Vol. III, 2095-2096.

5. Cf. ID., *La Universidad de Salamanca, forja del pensamiento político español en el siglo XVI*, Salamanca, Universidad 1954, 77 e ss.

6. Cf. Q. ALDEA VAQUERO, *Política y religión…, O. c.*, 109-184.

Tamén é a época dunha nova espiritualidade de amplísimo espectro, cos seus temas propios, moitas veces fronteirizos, que navegan entre o ortodoxo, o *alumbrado*[7], o erasmista e o protestante. De aquí, dimanarán moitas tensións e confusións das que non será alleo Roa Dávila. Por iso, semella conveniente ofrecer un breve elenco dos mesmos, pois desta fervenza de movementos espirituais da época, especialmente os *alumbrados* e o *erasmismo*, e tamén da executoria da Inquisición, acontecerá a redacción do primeiro índice expurgatorio de libros, onde se viron especialmente afectados os dominicos e os xesuítas.

Velaquí unha lista dos principais temas conflitivos desta espiritualidade: A chamada divina á perfección sen distinción de estados nin sexos, concepto que coincide, e seguramente non de xeito casual, coa fundación do exército regular, aberto a todos, non so a nobres e cabaleiros; o rexeite á autoridade dos teólogos, porque non perciben de xeito carismático as cousas de Deus, con isto relaciónase o valor dos actos externos: xaxúns, procesións... de clara ascendencia xudía en España e de planteamento renovado por Erasmo; a maior estima pola sabedoría que pola ciencia, a teoloxía mística máis que a escolástica; o diverso concepto de liberdade, para uns a liberdade consiste na satisfacción de calquera desexo, para outros, a exclusión de toda coacción ou atadura (leis canónicas, cultuais, morais, teoloxía escolástica...). Todos afirman –menos Lutero que repite que o arbitrio humano é escravo– que os servos de Deus han de séren libres; proclamación da lei do amor, amor como expresión do cristianismo novo en reacción ao amor platónico de humanistas e novelas de cabalería; relación entre vida activa e vida contemplativa, pois unha loanza esaxerada da vida contemplativa semellaba o menosprezo da vida activa, o que animaba a controversia de afirmar que os activos non levaban unha vida santa e os contemplativos non eran partidarios dos necesarios traballos na sociedade civil, algo doado atopar nas raíces da espiritualidade da nacente Compañía de Xesús, converténdose nun auténtico campo de fricción[8].

Non se pode ocultar a relevancia que o factor relixioso tivo sobre o poder na España do Século de Ouro. E se houbo algunha minoría selecta que influíu decisivamente na configuración e no exercicio do poder foi, sen dúbida, a Igrexa católica. Innegable tamén é que, o estilo concreto dos españois, está transido por un campo magnético cuxo factor rexenerador foi o relixioso: a súa concepción total da vida persoal e colectiva, a súa expresión literaria e artística, a súas realizacións políticas, sociais e económicas, a súa actitude fronte a Deus e fronte ao mundo… todo, por acción ou reacción, leva no século XVII, o indeleble selo do relixioso.

7. Tratase dun movemento que pretendía xurdir das mesmas fontes do cristianismo, que repudiaba a relixiosidade externa e adoitaba o purismo dunha espiritualidade interior. Cf. J. Blázquez Miguel, *La Inquisición,* Madrid, Penthalon Ediciones, 1988, 101-106.

8. Cf. M. Andrés, *La teología española en el siglo XVI*, Madrid, BAC, 1977, Vol. 2, 120-124.

3. Un xesuíta na estela da Escola universitaria de Salamanca

Todos os estudosos do tema están dacordo: En España, no século XVI, asístese a un notable despregue universitario. Os así chamados *Estudos* aumentan e incrementan a súa matrícula gañando importancia, na Coroa de Castela, os de Valladolid, Alcalá de Henares e Salamanca. Tal auxe universitario explícase porque está ao compás dunha Monarquía en expansión, á que lle cómpre moitos letrados, pero tamén teólogos, dado que é unha Monarquía confesional. Estamos, pois, diante dunha Universidade prioritariamente ao servizo do Estado, aínda que tamén depare médicos, avogados e docentes para a sociedade. Por iso, a Coroa efectuará sobre dela un coidadoso control ideolóxico.

Mais, nos anos que Roa Dávila estuda en Salamanca asistindo ás leccións dos mestres Mancio de Corpus Christi (1510-1576)[9], Bertomeu de Medina (1528-1580)[10] e Xoán de Guevara (1518-1600)[11] (hai autores que suxestionan que foi tamén alumno de Frei Luis de León)[12], este control non puido evitar que se planearan, en seo universitario, os máis candentes problemas derivados do despegue do Imperio, coa súa posta ao día –por exemplo- do tema da guerra xusta ou da licitude de converter en escravo ao indio americano, dando lugar a unha escola doutrinal do Dereito de Xentes, tan admirablemente defendida e iniciada polo relixioso dominico Francisco de Vitoria (1486-1546)[13]. Baseada na orientación antropolóxica e pastoral da teoloxía, preocupada polos problemas dos homes e mulleres da época inmersos na política imperial e na economía conmocionada polos descubrimentos xeográficos, e ao método de retorno ás fontes, a pegada desta *Escola de Salamanca* estendeuse pola Europa meridional e mesmo América[14].

Abandona a Compañía de Xesús en 1587, cando ensinaba Humanidades en Segovia. Cómpre subliñar o lugar e o tempo, o onde e mailo cando, Roa Dávila deixa a Compañía de Xesús. Primeiramente reparemos no lugar: o colexio de Segovia. No tempo ao que nos cinguimos, tratábase dun colexio mediano cunha complexa fundación económica. Erixido en 1559, Segovia supoñía un grande reclamo, por ser capital de próspera activi-

9. Relixioso dominico natural de Becerril de Campos (Palencia), foi discípulo de Francisco de Vitoria e catedrático en Sevilla, Alcalá e Salamanca. Foi tamén mestre de Francisco Suárez. Cf. V. Beltrán Heredia, *El maestro Mancio de Corpus Christi*, en: "La Ciencia Tomista" (1935) 51, 7-103.

10. Tamén dominico, natural de Medina de Rioseco (Valladolid), Discípulo de Melchor Cano. Cf. I. González Menéndez-Reigada, *El pseudo probabilismo de Fray Bartolomé de Medina*, en: "La Ciencia Tomista" (1928) 37, 35-57.

11. Relixioso agostiño natural de Toledo. Cf. U. Domínguez, Juan de Guevara. *Revisión crítica de los errores de Durando de San Porciano*, en: "La Ciudad de Dios" (1953) 145-156.

12. Cf. K. Reinhardt - H. Santigo Otero (Eds.), *Estancia y predicación de Santiago Apóstol España según Juan Roa Dávila*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas-Centro de Estudios Históricos, Madrid, 1996 =Medievalia et Humanistica 6, 27. Tamén: V. Armesto, *Galicia feudal,* =Biblioteca Gallega, A Coruña, La Voz de Galicia, 1994, 79.

13. Ademais do xa citado de L. Pereña, cf. L. E. Rodríguez-San Pedro Bezares, *La Universidad salmantina del Barroco (1598-1625)*, Salamanca, Ediciones de la Universidad, 1986, 3 vol.; P. Valero García, *La Universidad de Salamanca en la época de Carlos V*, Salamanca, Ediciones de la Universidad, 1988; y M. Fernández Álvarez, *La Universidad de Salamanca*. Ocho siglos de magisterio, Salamanca, Universidad, 1994.

14. Cf. E. Vilanova, *Historia de la Teología cristiana,* Barcelona, Herder, 1989, Vol. 2., 604-605. Tamén: A. Esponera Cerdán, *La actualidad de la Escuela de Salamanca*, en: "La Ciencia Tomista" 141 (2014) 454, 353-360.

dade económica gandeira; por ser unha encrucillada xeográfica entre as provincias xesuíticas de Castela e Toledo, así como pola herdanza da presenza da Corte nela[15]. Mais tamén era, dende o século XIII, unha das primeiras sés históricas dos dominicos en España.

En segundo lugar, cómpre non esquecer que, en 1587, estaba incipiente no seo da Igrexa unha acalorada controversia teolóxica: a así coñecida polémica *De auxiliis*. A cuestión a debate era clásica: Até que punto é posible conciliar a potencia infinita de Deus e a súa omnisciencia coa liberdade humana? Para os xesuítas, existía a necesidade dunha ciencia media que conciliara a potencia divina coa liberdade humana, defendendo esta liberdade fronte ao fatalismo protestante. Porén, para os dominicos, esta visión limitaba e menosprezaba o poder divino, polo que acusaron aos xesuítas de herexes levando a disputa ao Consello da Inquisición, ao Rei Filipe II e ao papa Clemente VIII.

O Pontífice impuxo, nun primeiro momento, silencio aos litigantes, porén vendo o descontento do monarca español favorable ás teses dominicas, consentiu a censura dos textos xesuítas, especialmente as obras de Lois de Molina (1536-1600), que focalizaba tódalas críticas dominicas, especialmente as de Domingos Báñez (1528-1604), debate que non rematou até 1607, cando o papa Paulo V ditaminou liberdade para ámbalas ordes de defender a súa doutrina sen que ningunha delas supuxera herexía.

Ademais de controversia dogmática, estas polémicas xeraron liortas de poder entre ámbalas ordes relixiosas, que tiveron expresión nalgunhas cidades da Península Ibérica[16]. Se ben existía un respecto tácito entre ámbalas ordes relixiosas baseado na amizade e na cordialidade, pouco a pouco, foise diluíndo ata rachar definitivamente. Aquela convivencia idílica comezou a desaparecer cando a polémica *De auxiliis* pasou a mans da Inquisición, do Rei e do Papa. Quen se atrevería a ofrecerse como protector –e xa non digamos fundador– dunha institución que contradicía as opinións de Filipe II ou dalgún poderoso na Corte? Co marcado carácter patriótico que adoita amosar nos seus escritos, Roa Dávila entra de cheo na polémica, escribe varios informes contra as teses de Molina, escribe o tratado *De Suprema Dei Providentia* e deixa a Compañía, ao non estar de acordo coa posición que ían adoptar os xesuítas verbo da controversia *De auxiliis*.

4. Desprestixiado Prior da Colexiata de Caaveiro

En Galicia, das doce colexiatas que había a finais da Idade Moderna, tres (Xunqueira, Sar e Caaveiro) estaban sometidas ao Padroado Real, e os seus cargos priorais

15. Cf. C. García Oviedo, *Valorando la importancia de la Compañía de Jesús de Segovia en clave cortesana*, en: "Librosdelacorte.es", VI (2014) 9, 23-39.

16. Cf. R. Porres Marijuan, "Maniobras políticas y convulsión social en la aproximación de los jesuitas al País Vasco en el siglo XVI", en: J. Martínez Millán – H. Pizarro Llorente – E. Jiménez Pablo (Coords.); *Los jesuitas. Religión, política y educación (siglos XVI-XVIII)*, Madrid, 2012, Vol. II, 1074; A. Esponera Cedán, *Documentos en torno a la Disputa de auxiliis en tiempos del Patriarca (Valencia 1597)*, en: "Annales Valentinos" 37 (2011) 73, 13-52.

eran empregos da Coroa destinados para compensar servizos entre personaxes, habitualmente da Corte. Máis aló do común carácter colexial, os seus cabidos e coenxías, a provisión destas, as funcións de culto do seu clero e o seu sistema de financiamento, facían delas unhas "catedrais de segunda orde"[17]. As tres mencionadas conservaban certo carácter regular –foran de cóengos regulares agostiños–, pero a secularización da provisión de canonicatos era norma xa na etapa moderna, e os priores, ausentes polo xeral, eran os encargados á súa vez, do nomeamento de cóengos e administradores, cando non os perceptores únicos, das rendas.

En 1591, ano da morte de Frei Lois de León e de San Xoán de Ávila, Roa Dávila publicara en Madrid, na Imprenta Pedro de Madrigal, *Apologia de iuribus principalibus defendendis et moderandis iuste*, do que nos seguintes apartados faremos unha breve análise. Redactado integramente en latín, seica non foi o único volume que publicou en vida[18]. Determinado pola interpretación do Dereito Natural dos seus mestres de Salamanca, e pola espiritualidade difundida polos xesuítas, defende unha doutrina que afectaba á Coroa e ao Consello de Castela e que produciu a natural alarma no Nuncio da Súa Santidade. Segundo as teorías desenvolvidas por Roa Dávila, o Rei podía defender licitamente aos seus súbditos contra calquera abuso de poder, mesmo se este procedese da propia xerarquía católica.

A edición do libro ten dous efectos inmediatos e dispares. Dunha banda: a repulsa por regalista dos seus superiores, que axiña o incluirán no *Índice de Libros Prohibidos*. Doutra: unha prebenda do mesmo rei Filipe III. Recompensa os servizos prestados por Roa Dávila á Coroa outorgándolle o Priorado de Caaveiro[19].

Trasladado a Galicia, lonxe de gozar dunha vida sosegada e piadosa e administrar as rendas do romántico mosteiro, viuse envolto nun escabroso asunto: unha acusación de conduta moral impropia dun oficio eclesiástico, pola que pasa meses recluído sen que as acusacións puideran seren probadas. Con todo, ao quedar en liberdade, si ben permitiranlle lucrarse das rendas priorais de Caaveiro, mándano desterrado a Roma e prohíbenlle o regreso a España[20]. Ademais deste proceso, tamén converte en patética a existencia de Roa Dávila outro preito que lle pon o propio Arcebispado de Santiago, relativo ás constitucións do Cabido de San Xoán de Caaveiro redactadas por el.

As colexiatas de padroado real foron decote focos de conflito, tanto polo sistema de designación de priores, que propiciou un permanente absentismo, como pola súa

17. B. Barreiro Mallón – O. Rey Castelao, *Catedrales de segundo orden. Las Colegiatas de Galicia en la Edad Moderna,* en: "Semata" (2003) 15, 281-315.

18. Hai novas de que en 1624 publicou un libro sobre a Inmaculada Concepción *Apologia por B. Mariae Virg. Conceptione Immaculata* e tamén no 1591 publicou De suprema dei providentia et praedestinatione.

19. Fai a súa profesión o sábado 16 de maio de 1592 na capela de San Miguel do pazo dos Condes de Andrade de Pontedeume. Cf. A. Cepeda Fandiño, *A. c.*, 130.

20. As rendas foron administradas polo seu sobriño Pedro Guzmán de Roa e polo cóengo de Oviedo Martín Bara. Foi sucedido polo oidor de Valladolid Xoán de Torres. Cf. V. Armesto, *O. c.*, 80.

adscrición xurisdicional, á marxe da autoridade eclesiástica diocesana. Caaveiro, mosteiro –colexiata sometido á Regra de Santo Agostiño, nacera e se desenvolveu, nun dos seus momentos máis importantes, ligado a un bispo mindoniense: San Rosendo, procurando un lugar e un xeito de vida retirado no que tamén se pretendía reunir e organizar aos eremitas dispersos nunha zona agreste e lonxe de núcleos de poboación. Non reunía as características das colexiatas convencionais, pois non pretendía dotar de culto a lugares de poboación que os demandasen, nin tampouco as súas prebendas se converteron en opción para os fillos de burguesías ou fidalguías locais, aínda que en Caaveiro tiveran asento as encomendas da casa de Andrade. Tampouco atoparon acubillo nel moitas fundacións de misas ligadas a sepulturas para a elite local, hospitais ou mesmo escolas. Certo é que contaba co apoio de autoridades civís e con garantías para rexerse con certa autonomía económica, se ben a autonomía xurisdicional converteuse nunha das batallas máis duras e custosas que tivo que afrontar, sobre todo, diante do Arcebispo de Santiago como representante da xurisdición eclesiástica ordinaria[21].

Aínda que o enfrontamento, por mor de cuestións de xurisdición, entre Prior de Caaveiro e Mitra compostelá, xa viña de atrás[22], o desprestixio que xa tiña Roa Dávila entre a xerarquía eclesiástica fixo de acelerante incendiario. Un testemuño destas tensións aparece nunha provisión ordinaria da Audiencia de Galicia de 1592 a favor da exención de Caaveiro e en contra da capacidade de intervención xurisdicional do Arcebispo, completada nese mesmo ano, coa protesta de Roa Dávila contra os mandados do Visitador Tomás Estroge na súa visita a diversas igrexas de padroado do mosteiro. O Prior e os cóengos de Caaveiro interpretaron as visitas de Estroge como de cortesía e non como verdadeiramente canónicas, e polo tanto vinculantes. Dende a perspectiva de Roa Dávila a exención da xurisdición ordinaria estaba máis que fundada pola bula do papa Alexandre VI de 1493 e, para dar solvencia á súa actuación, decidira elaborar unhas constitucións que recuperasen a Regra de Santo Agostiño marcando distancias co Arcebispo.

As expresadas constitucións recordaban que, o Prior e os seis cóengos, dependían directamente do Papa a través do Nuncio; que o Prior era de presentación real e que o goberno competía ao Prior, podendo exercelo persoalmente ou a través dun tenente que, en caso de vacante, recaería no capítulo da institución ou na persoa nomeada por este. Á súa vez, os seis cóengos eran de provisión do Prior e poderían aumentar de número se así o permitía a evolución das rendas. Se ben nun principio, os cóengos aceptaron as constitucións, en 1596 o Vice Prior Rodrigo de Luaces e tres cóengos, Mateu de Córdoba, Alonso López e Agostiño Fernández, rebeláronse e apelaron contra a actuación do Prior

21. Remitimos á bibliografía sobre este tema. Ademais do xa citado cf.: X. M. Vidal, *Acerca da orixe e fundación do Mosteiro de San Xoán de Caaveiro*, en: "Brigantium" (1985) 135; A. Porta de la Encina, *Aportación al estudio del Monasterio de Caabeiro*, en: "Estudios Mindonienses" 2 (1986) 225-258; C. de Castro Álvarez, *San Juan de Caaveiro: estado de la cuestión, fuentes, historia y problemas*, en: "Catedra" (1996), número monográfico.

22. O primeiro enfrontamento grave tivera lugar en 1567, cando o Visitador do arcebispo Francisco Blanco tentou levar a cabo a Visita e o impediron os cóengos pechando as portas do mosteiro por orde do seu Prior Lope de Mendoza, antecesor no cargo de Roa Dávila.

con acusacións sobre abusos e agravios, para así tornar ao sometemento á xurisdición arcebispal[23].

Tamén os encomendeiros, que comprometían a súa fidelidade –ben a prol do Prior, ben ao do Arcebispo– segundo conviñese, quixeron poñer proa a este asunto. O control dos Andrade sobre os priores deixara de patrimonializarse cara o ano 1523, cando a Coroa asumiu a provisión do beneficio prioral, posibilitando a modificación dos contratos forais e a cesión e administración de rendas, na procura dunha recuperación patrimonial para superar os intereses e resistencias dos sectores que favorecían os Andrade. Mais, si o mosteiro modificaba as súas estruturas de goberno, tamén o facía nun sentido centralizador a xerarquía eclesiástica diocesana, que non asumía de bo grado a desvinculación do control episcopal que defendían as ordes relixiosas.

Destas constitucións consérvase un exemplar no Arquivo da Catedral de Santiago, unha copia do orixinal que data do 13 de xaneiro de 1593. O Informe do preito do que facemos mención, atópase no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela. Ámbolos dous foron estudados no seu día por Antonio Cepeda Fandiño, cuxas conclusións tiveron difusión nesta mesma revista[24].

Ironías da historia, o inmediato progreso de Caaveiro fundamentouse nas Constitucións de Roa e non nas modificacións e condenas do Arcebispo Pedro Carrillo Acuña. Anos máis tarde, cando Xosé de Vergara toma posesión como Prior de Caaveiro, constata que, entre os cóengos de Caaveiro, apenas había referencia ás constitucións de Carrillo e todos os seus capitulares –salvo un– tiñan un exemplar das de Roa Dávila. O propio Vergara, que foi case o único prior que mellorou o estado da colexiata durante o século XVII, informouse sobre as constitucións de Roa ignorando o outro texto[25].

5. Censurado pola Inquisición

Entre a documentación inquisitorial dos séculos XVI e XVIII que se atopa no fondo español de manuscritos existente no *Brithis Museum* de Londres, hai dous textos epistolares relativos á obra de Roa Dávila, contra o que actuou a Inquisición española nos últimos lustros do século XVI. Tratan sobre a *Apologia de iuribus* e foron estudados polo catedrático da Universidade de Salamanca Enrique Llamas Martínez[26].

As primeiras guías sistemáticas de libros prohibidos emitíronse a xeito de Índices pola Universidade de París en 1542. O primeiro que se usou en España, publicado polo inquisidor xeral Fernando de Valdés en 1551, era unha reimpresión do compilado pola

23. Cf. B. Barreiro Mallón - O. Rey Castelao, *A. c*., 305.

24. Cf. A. Cepeda Fandiño, *A. c.,* 128-129.

25. Cf. B. Barreiro Mallón - O. Rey Castelao, *A. c.,* 306.

26. Cf. E. Llamas, *Dos documentos inquisitorial sobre una obra de Juan Roa Dávila*, en el British Museum, en: "Salmanticensis" 17 (1970) 2, 425-429.

Universidade de Lovaina en 1550, cun apéndice especialmente adicado aos libros españois. Esta era unha das medidas emprendidas, na metade do século XVI, como reacción contra a ameaza da Reforma. Urxido pola aparición das primeiras manifestacións de protestantismo, o Tribunal da Inquisición redacta dous novos Índices en 1559 e 1612, que ofrecían tres categorías de condena. A primeira: as relativas á cuestión de Erasmo. Os xesuítas protestaron enerxicamente contra estas medidas. Non é que simpatizaran con Erasmo, pero tiñan a impresión de que prohibicións tan drásticas non resultaban útiles. Con todo, Erasmo, seguiu a ser un autor respectado e as súas obras eran citadas por destacados autores, tanto relixiosos como segrares. A segunda, relativa ás obras literarias, onde entre outras lecturas vedadas estaba *El Lazarillo de Tormes* e o *Cancionero General*. Unha terceira , e a máis notable, era a relativa aos títulos de carácter piadoso en lingua vernácula, onde as vítimas mais prominentes foron Xoán de Ávila, Frei Lois de Granada e Francisco de Borxa. Case todas as prohibicións viñeron polo ditame de Melchor Cano, inimigo declarado dos xesuítas, polo que os Índices de Valdés caeron coma un lóstrego sobre a Compañía[27].

Neste contexto, con data de 18 de febreiro de 1592, o Consello da Inquisición cursou aos diversos tribunais de España a orde de retirar da circulación libro *Apologia de iuribus* de Roa Dávila.

Esta orde tivo diferente eco segundo a dilixencia que os destinatarios lle quixeron dar. Polos documentos referidos sabemos que, o tribunal de Zaragoza a puxo en práctica sen maiores dilacións e, nos primeiros rexistros polas librarías da cidade levados a cabo na semana do 4 ao 11 de marzo de 1592, testifícase a recollida de cinco exemplares da obra en cuestión, anunciando novos edictos para ler nas Misas dos días de festa[28]. Este dato: que só en Zaragoza se recolleran cinco corpos de exemplares da obra, dá a entender a ampla difusión que acadara a *Apologia de iuribus*. E que se dispuxeran novos edictos, tamén fai supoñer que bastantes exemplares andaban xa en mans de particulares.

O outro documento é unha carta do Consello da Inquisición dirixida ao Tribunal de Toledo de data 3 de decembro de 1593, ordenando que se publicara nas parroquias da Vila de Madrid a prohibición do libro de Roa Dávila. Tampouco este dato non deixa de sorprender: que fose en Madrid onde non se puxera moita dilixencia por executar o decreto inquisitorial. Mesmo semella un desafío ao propio tribunal. Mais cómpre ter en conta, que Roa Dávila tiña grande predicamento como teólogo e xurista. Era ben coñecido na Corte onde contaba con amigos e seguidores, ao igual que con inimigos e detractores. Os seus lectores, de seguro, estaban sabidos da disposición inquisitorial pero, se cadra, non estaban conformes co xuízo da Inquisición e, tamén se cadra, máis dun clérigo gardaba un exemplar na súa biblioteca. Esta reiteración do Consello da Inquisición danos a idea de que o rexeite á prohibición era forte e sistemático. Mesmo Roa podería ter partidarios nos

27. Cf. H. Kamen, *La Inquisición española. Una revisión histórica,* Barcelona, Edición Crítica 199, 132-135.

28. Cf. E. Llamas, *A. c*., 427.

tribunais inquisitoriais pois xa escribira outro libro sobre teoloxía, sobre a providencia divina e a predestinación, obtendo informe favorable[29].

A última edición do *Índice* data de 1948, aínda que non foi até 1966 cando o papa Paulo VI o suprimiu. As sospeitas contra a ortodoxia das teorías de Roa Dávila aínda duraron case dous séculos, e a última edición do Índice na que aparece o seu nome é a correspondente a 1790 pois xa na de 1873, non está rexistrada[30]. Como conclúe o profesor E. Llamas: "A oposición inquisitorial á obra de Roa Dávila é un caso máis dos moitos que rexistra a historia deses anos, feita en máis dunha ocasión a base de suspicacias e inimizades"[31].

Logo da censura inquisitorial, Roa Dávila desenvolve e redacta unha importante obra. Os estudos de teoloxía fundamental veñen a completarse cos de filosofía moral e esexese bíblica. Dende esta triple perspectiva tratou sempre os problemas sociolóxicos e políticos que aborda. Conscientemente evitaba o seu tratamento estritamente xurídico. O Profesor Luciano Pereña, foi quen de clasificar en tres etapas esta abundante produción manuscrita de Roa Dávila[32]: A primeira (1595-1606) dedicada a corrixir e glosar a defensa das teses que motivaron a condena da súa *Apologia de Iuribus*[33]. A segunda (1608-1620), onde actualiza e redacta as súas obras morais e teolóxicas, que na maioría dos casos son opúsculos autógrafos[34]. E a terceira (1620-1630), as obras esexéticas de textos bíblicos onde destaca: *Commetariorum in Sacra Biblia praefatio generalis et in sacros libros historiales commetaria, cum explicatione sensus litteralis et simul phrasium Sacrae Scriturae, et spiritualis sensus oportuni*, unha esexese sobre o libro do profeta Oseas que queda inconcluso, probablemente por acontecer a morte do autor.

6. A súa filosofía do Estado

Roa Dávila é, ante todo, un teólogo. Porén, polo seu carácter polémico viuse obrigado a enfrontarse coa realidade política e social, dedicando un estudo específico á

29. J. de Roa Dávila, *De suprema dei providentia et praedestinatione. Libri tres*, Madriti, apud Petrum Madrigal, anno, MDXCI.

30. Cf. *Índice último de los Libros prohibidos y mandados expurgar para todos los Reinos y Señoríos del católico Rey de las Españas, el Señor Don Carlos IV*, Madrid, Imprenta de Don Antonio Sancha, 1790, 232-233; Índice de los Libros Prohibidos por el Santo por el Santo Oficio de la Inquisición Española, Madrid, Imprenta de Don Antonio Pérez Dubruli, 1873.

31. Cf. E. Llamas, *A. c.,* 4.

32. Cf. L. Pereña, "Roa Dávila, Juan", *A.c.*, 2096.

33. *De potestate Ecclesiae; Vera resolutio licitae vel ilicitae defensionis in causa vel pretextu violentiae ecclesiasticorum; Apologia brevis pro defensione libri mei titulo Doctoris Ioannis Roa Davila De iuribus principalis; De ecclesia Christi et de Potestate ecclesiastica et laica.* Tódolos manuscritos consérvanse na Biblioteca Vaticana.

34. Trátase de opúsculos de temática moral e filosófica: *Tractatus de symonia; De iustitia et satatu principum; Tractatus de statibus; Tractatus de sacramentis; De cambiis et contractibus nummulariis; De summa casum conscientiae; Ad Aristotelis philosophicae notationes; Resolutio vera et catholica causalitate divina; Tractatus de explicatione divinorum praecipuorum dogmatum fidei et theologiae; Tabula quinque de annis mundi; Tractatus de Inmaculata Conceptione Beata Mariae Virginis.*

filosofía política, sendo o primeiro autor que abordou o problema do control democrático do poder do Estado.

A súa xa citada obra *Apologia de iuribus principalibus* acada unha máxima importancia, tanto polo seu contido xurídico como polo contexto histórico onde se escribe. Redactada en sete tratados e dedicada a Filipe III, o único exemplar existente coñecido consérvase na Real Biblioteca do Mosteiro do Escorial[35]. En 1970 o catedrático da Universidade Pontificia de Salamanca, Luciano Pereña Vicente, elaborou unha edición crítica bilingüe[36].

A súa primeira parte (*De iusto iure principium contra vim ecclesiaticorum si quando accidat)*, ocasionou graves problemas a Roa. Aínda que a súa intención non era a de aconsellar a intromisión dos gobernantes na xurisdición eclesiástica, nin a intervención directa nos seus tribunais contra a lexítima liberdade da Igrexa, como xa indicamos, as críticas recibidas provocaron a súa censura.

No último tratado (*De regnorum iustitia*)[37], o autor parte de que é o consentimento do pobo o que lle outorga o poder da soberanía. Os reis e os gobernantes son constituídos polo pobo movido pola inspiración divina. E é precisamente a liberdade do home e a concesión divina, onde Roa sustenta o fundamenta porqué os pobos poden elixir aos seus propios reis e gobernantes. Considera que iso é o conforme ao Dereito Natural, pois os individuos non sempre se axustan ao ditame da recta razón, a non ser que os dirixa un líder respectado pola comunidade e ben dotado pola natureza. É así, cómo seremos quen de diferenciar ao gobernante xusto da xente vulgar, na que o máis frecuente é atopar cobiza e ignorancia[38].

Aínda que a día de hoxe aceptamos a democracia representativa como o mellor xeito de goberno, (cómpre aceptar que unha democracia directa só sería posible en comunidades moi pequenas), iso non exclúe que teña defectos: corrupción, enriquecemento ilícito dos gobernantes, tráfico de influencias, desinterese dos cidadáns pola cuestión pública… que xustifican a creación de mecanismos eficaces de control. Igualmente, segue a ser actual a polémica entre os partidarios dunha democracia populista (participación libre e igual de todos) e os que avogan por unha democracia elitista (só os mellores e máis preparados). En calquera caso, ámbalas dúas conflúen en admitir que a orixe do poder deriva da comunidade.

Estas ideas non son novedosas pois, como no caso de Roa Dávila, estaban xa presentes na obra de filósofos do século XVI. De feito, non é difícil atopar moitas simi-

35. Cf. N. Belloso Martín, *A. c.*, 691, nota 7.

36. L. Pereña – J.M. Pérez Prendes y Vidal Amil *De regnorum iustitita o el control democrático*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, =Corpus Hispanorum de Pace, Vol. VII, 1970.

37. Velaquí o índice de temas tratados. Na primeira parte: A vontade popular; Cambio de réxime político; A doazón do papa; A defensa do Dereito Natural; As prescricións lexítimas da Guerra Xusta. Na segunda parte: Dereito tributario do sobarano; Condicións de xustiza nos tributos; Circulación e emisión do diñeiro; Dereitos e poderes dos cidadáns; Novo sistema de impostos. Na terceira parte: remuneración dos funcionarios públicos; Qué soldos son moderados; A concesión de honores.

38. X. Roa Dávila, *De regnorum iustitia*, 8. Citado en: N. Belloso, *A. c.*, 692.

litudes das teses de Roa na obra do tamén xesuíta Francisco Suárez (1548-1617). Ámbolos dous contemporaneamente estudan en Salamanca cos mesmos mestres. Suárez publica as súas *Disputationes Metaphysicae* en 1597 onde aborda, con semellantes argumentos que Roa, os temas relativos ao suxeito da autoridade, o xeito de goberno e as limitacións do poder. A diferenza do noso autor, a influenza de Suárez deixouse sentir até mediados do século XVIII, mesmo en autores como Descartes[39]. Coidamos que sería un verdadeiro filón, investigar as concordancias, relacións e influenzas recíprocas destes dous teólogos.

Seguindo o citado estudo de Nuria Belloso Martín, investigadora da Facultade de Dereito da Universidade de Burgos, expoñemos as premisas de Roa para acadar unha democracia xusta:

> *"1º. O poder político deriva da comunidade (de tódolos cidadáns e non dunha pequena elite de poder que é a que o entrega a uns representantes –os gobernantes-; 2º) As funcións da democracia son as encamiñadas a facer realidade o ben común de toda a sociedade (e non só a tratar de beneficiar a determinados sectores da mesma); 3º) A transformación do xeito de goberno queda condicionada a que os gobernantes cumpran axeitadamente co seu cometido. Se os cidadáns consideran que non se está actuando a prol da consecución do ben común, son libres tanto para trocar ao seu goberno e aos seus gobernantes, como para controlar de qué xeito se está a desenvolver o exercicio dos seus cometidos; 4º) A resistencia ao goberno tiránico ou arbitrario, mediante a revolución, resulta un tanto máis problemática nos sistemas políticos-liberais-democraticos, onde poidan exercerse libremente e están garantidos xuridicamente os dereitos relativos á posibilidade de utilizar instrumentos para acadar un cambio na lexislación ou na política gobernativa (liberdade de expresión, medios de comunicación libres, reivindicacións e programas dos partidos políticos e, como definitivo, as furnas) sen ter que recorrer á desobediencia civil"*[40].

Respecto da orixe do poder político, Roa Dávila asume os trazos doutros característicos autores do Século de Ouro español que, co tempo, serán adoptados mesmo por teorías democráticas modernas. Roa, baseándose na doutrina tomista e no dereito natural, entende que o poder ten a súa orixe en Deus que o entrega á comunidade política ao crear a natureza social do ser humano. Considera que o consentimento xeral constitúe o cerne da xustiza dun réxime político. Un goberno será válido xuridicamente, cando estea libremente consentido polo pobo: "Consensus reipublicae est praecipuum fundamentum et omnino validum possesionis iustae regnorum et terrarum"[41]. Para Roa, neste consentimento popular –que ten as características dun pacto– é onde radica a lexitimidade do

39. Cf. G. Fraile, *Historia de la Filosofía. Madrid, BAC, 1991, Vol. III: Del Humanismo a la Ilustración (siglos XV – XVIII),* 464-469.

40. N. Belloso Martín, *A. c.,* 693-694.

41. X. Roa Dávila, *De regnorum..., O. c.*, 21. Citado en: N. Belloso, *A. c.*, 695.

poder que teñen os gobernantes. O gobernante é un delegado da comunidade que o inviste da autoridade de xurisdición para acadar o ben común. Trátase, xa que logo, dunha especie de contrato entre a comunidade e os gobernantes ao servizo do benestar xeral[42].

Outra cuestión, é a relativa á xusta e axeitada recompensa que merecen os colaboradores do goberno, o que conduce, á tamén moi debatida e actual cuestión de se os políticos han de ser tales por vocación, ou polos beneficios que poidan acadar ao longo da súa carreira. Roa fai unha advertencia ao respecto:

> *"Os nobres non poden arrogarse o mesmo dereito en virtude da delegación que teñen do soberano, polo feito que os cidadáns e o pobo son libres por natureza e non se entregaron aos gobernantes para a súa propia destrución, senón para o seu goberno e propia defensa. Así que a non seren por estas causas, o soberano non ten dereito a esixir impostos nin a delegar ese poder, seguíndose, en consecuencia, que actuaría inxusta e tiranicamente, si se esixe mais do conveniente, pois sen poder para elo se apropiaría de algo que pertence a outros"*[43].

Sinala Roa Dávila, que o sistema de tributos debe facerse distribuíndo a suma global do que se necesite para sufragar os gastos da comunidade, entre os cidadáns do reino e do Estado en cotas a pagar anualmente (tal e como funciona hoxe o actual sistema impositivo). Farase a distribución en función da capacidade económica de cada un, e tendo coidado de que non se grave aos nobres igual que aos simples[44].

Unhas últimas consideracións dedicallelas ás cuestións da sucesión da Xefatura do Estado e da resistencia ao poder político inxusto. Verbo da primeira sostén, que si o pobo tivo liberdade para fundar un réxime, tamén a ten para transformalo. E respecto da segunda: "se presentan motivos xustificados, para gloria de Deus, o interese do pobo e a evitación de males maiores, estaría permitido mudar de réxime unha vez constituído"[45].

7. Defensor da tradición xacobea

No seu desterro en Roma, Roa Dávila tamén redacta o manuscrito: *De personali praedicatione beati Iacobi Apostoli in Hispania et quibusdam memorialibus ipsius*. Unhas reflexións verbo da estadía e predicación do apóstolo Santiago a Galicia que non chegou a imprimirse en vida do autor.

Dúas son as investigacións de referencia obrigada para esta fasquía da obra do Prior de Caaveiro. As dúas desenvolvidas polos profesores Klaus Reinhardt e Horacio

42. *Ibíd*.

43. *Ibíd*., 697.

44. *Ibíd*., 698. (De Regnorum iustitia, 84).

45. *Ibíd*., 700. Tamén: Tomé de Aquino, *Summa Theologica*, II-II, 42, 2: "Praeterea, laudantur qui multitudinem a potestate tyrannica liberant".

Santiago Otero[46]. A primeira: As actas do Congreso Internacional sobre o Camiño de Santiago, a hospitalidade monástica e as peregrinacións a Compostela, celebrado en xullo de 1989 na Real Colexiata de San Isidoro de León, onde presentaron un relatorio cualificando o manuscrito coma un dos puntais da gran polémica xacobea so século XVI[47]. A segunda, de 1996, a publicación do orixinal inédito con notas e comentarios, e xa anteriormente citado.

Polo ano 1592 o papa Clemente VIII creara unha comisión para revisar o *Breviario Romano*. O presidente da mesma era o cardeal César Baronio (1538-1607), o que sempre admitira a predicación en España do apóstolo Santiago. Mais, logo de ler un libro da autoría de Pedro García Loaysa y Girón (1534-1599), cóengo toledano e preceptor do príncipe, futuro rei, Filipe III, mudou de criterio e decidiu suprimir do Breviario calquera referencia á evanxelización de España por parte do apóstolo Santiago. Dende aquela, defender a visita e a predicación do apóstolo Santiago a España converteuse na tarefa principal dos historiadores nacionais. Logo das protestas presentadas polo propio rei Filipe III a través do embaixador da Santa Sé, o novo Breviario enmascarou a cuestión nunha calculada ambigüidade.

No curso daquela polémica rexurde a personalidade do noso ex xesuíta que, aínda desterrado, tivo folgos para converterse nunha das máis apaixonadas voces entre as que defendían a tradición xacobea.

Deste tratado hai noticia de tres versións. A primeira, contida no atado 1349 da Biblioteca Nacional de Madrid, onde se atopa o manuscrito de Roa Dávila titulado: *De praecipio decore Hispanae, adventu, praedicatione et patrocinio Iacobi Zebedaei Apostoli et aliorum sanctorum et insignium splendore*[48]. A segunda, dedicada ao Cabido catedral compostelán e o seu Arcebispo Maximiliano de Austria (1555-1614), consérvase na Biblioteca Apostólica Vaticana[49]. A esta segunda redacción segue, no mesmo manuscrito, o título do que habería de ser a terceira redacción do tratado: *Apologia pro defensione veritatis adventus in Hispaniam et praedicattionis personalis sancti Jacobi apostoli, Zebedaei Maioris, in ipsa*, seguido dunha carta de presentación destinada ao rei Filipe III, pero falta o tratado propiamente dito que, segundo algúns autores, semella que non chegou a escribirse[50].

Os argumentos de Roa Dávila na defensa da tradición xacobea son de esencia puramente teolóxica. Segundo o noso autor, a gran riqueza de España era a espiritual, e as

46. Este último xa publicara sobre o tema *La predicación del apóstol Santiago en España según Juan Roa Dávila*, en: "Revista Española de Teología" 29 (1969) 505-507.

47. Cf. "Juan Roa Dávila 1552-ca. - 1630, y las controversias sobre la venida y predicación de Santiago a España", en: H. SANTIAGO-OTERO (COORD..), *El Camino de Santiago. La hospitalidad monástica y las peregrinaciones*, 1992

48. Cf. V. ARMESTO, *O. c*., 80, nota 64.

49. É o texto contido no *Manuscrito rexinenxe latino*, número 472 da Biblioteca Vaticana. Códice en papel e pastas de pergamiño de 122 folios numerados.

50. Cf. K. REINHARDT – H. SANTIAGO-OTERO, *Estancia y predicación de Santiago Apóstol…, O. c.*, 35.

súas maiores glorias os seus santos, de entre todos, en primeiro plano destacaba o apóstolo Santiago. Aínda que, a priori, semellase imposible, Roa descubre na Sagrada Escritura novos datos para revalorizar os méritos do Santo Apóstolo. Engade dous novos capítulos á vida de Santiago, un referido ao traslado do seu corpo a Compostela[51] e outro, relativo á veneración xacobea, onde aparecen tamén os santos defensores dos peregrinos, como Domingos de Guzmán e Xoán de Ortega[52]. Mesmo chega a descubrir, no Libro do profeta Abdías, signos premonitorios de que non só a conversión de España ao cristianismo, senón tamén a evanxelización do Novo Mundo serían obra do Apóstolo Santiago[53].

En certos pasaxes a obra xacobea de Roa Dávila revela a influencia de Frei Lois de León. Ao ilustrar a imaxe de Santiago mediante figuras e profecías bíblicas, o ex xesuíta copia a técnica empregada polo agostiño en *Los nombres de Cristo*. Seguindo tamén a outro dos mestres salmantinos, o xesuíta e biógrafo de Santa Tareixa de Ávila, Francisco de Ribera (1537-1591), fai unha curiosa relación entre Santiago e a pedra preciosa calcedonia. A relación establécese por mor do capítulo 21 do libro da Apocalipse[54]: Mentres un anxo revela a Xerusalén celeste, San Xoán advirte que os seus fundamentos os constitúen doce pedras preciosas, símbolos dos doce apóstolos. E, tendo en conta que Santiago ocupa o número tres na xerarquía apostólica, ao Zebedeo corres-póndelle a calcedonia, pedra pálida e opaca por fora, pero que por dentro ten o brillo do ouro. De todo isto, Roa Dávila saca as seguintes conclusións: o apóstolo Santiago que chegou a España de xeito humilde e tivo escaso éxito na súa labor evanxélica, só ao morrer revela o alcance da súa explosiva forza interior. O Santiago xinete celeste, vin-culado coa calcedonia, guía a unha multitude de fieis, tanto en Europa como nas Indias.

Outro argumento, recorrendo ao maxisterio do Concilio de Trento, é o valor da tradición na súa dobre vertente de dogmas e feitos históricos. Deste xeito, a fe na primacía da sé romana presupón o feito histórico da morte de San Pedro en Roma. Para canonizar a un santo –considera Roa– chega coa veneración constante dunha ou de varias provincias eclesiásticas, máxime se esa veneración é confirmada por milagres. Por que non se pode deducir da fe constante na estadía de Santiago en España a historicidade deste feito? Existe, nas igrexas españolas, unha tradición firme e constante verbo da vida persoal e da predicación de Santiago en España. Desta fe constante -conclúe Roa Davila- pódese deducir a autenticidade histórica da tradición xacobea[55].

Certamente, dende un punto de vista moderno, esta argumentación semella, cando menos, problemática. Para Roa non existía separación entre fe e critica histórica, pero

51. Caput septimum: De traslatione sacri corporis ab Hierolyma in Compostellam Galliciae. *Ibíd*., 49.

52. "Duorum sanctorum, sanctii Dominici Calciatensis et snacti Joannis de Ortega praeclaram, quórum sancti diez in ministeriorum apostoli et adiutorium peregrinorum insumpto sunt". *Ibíd*., 50-51.

53. Caput quartum: De declaratione prophetiae Abdiae de eodem Indos per Jacobi filios convertendos prophetatum est per Abdíam. *Ibíd*., 44.

54. Caput Tertium: De declaratione loci Apocalypsis de figura excellentiae sancti Iacobi. *Ibíd*., 42.

55. Cf. V. Armesto, O. c., 80-82.

cómpre recoñecerlle certo grao de veracidade, pois unha tradición, tal como é a da estadía e predicación de Santiago en España, semella ter vitalidade e razón aínda que non se poidan comprobar con exactitude os seus fundamentos históricos[56].

8. CONCLUSIÓN

Se en 1972 Luciano Pereña, ao redactar a voz "Roa Dávila" no *Dicionario de Historia Eclesiástica de España*, laiábase de que sobre ese autor tíñase escrito moi pouco, o certo é que a día de hoxe hai xa material dabondo como para suxestionar novas liñas de investigación.

Por iso, rematamos esta rexesta bio–bibliográfica de Xoán Roa Dávila reiterando o exposto na introdución: cómpre difundir entre un público, non necesariamente erudito, algunha mostra da súa produción. Cómpre recuperar autores, teorías e doutrinas que, estando esquecidas por causas alleas, cobran un especial auxe na actualidade.

No caso de Roa seguen a ser actuais, dunha banda, as achegas de filosofía política, pois a actitude dos gobernantes, os partidos políticos e sindicatos, debe procurar o amparo dunha filosofía política xusta. Neste senso, parécenos que o sobresaínte influxo da Escola de Salamanca de teólogos e xuristas ha der tamén punto obrigado de estudo.

Doutra, a cuestión xacobea, se ben é certo que algunhas das súas afirmacións patrióticas e inxenuas xustifícanse pola mentalidade do tempo e pola condición de exiliado do autor, porén, Roa subliña o aspecto europeo do camiño de Santiago e a misión transcontinental do culto a Santiago, distinguíndose tamén de tratados anteriores sobre o tema por propor unha argumentación más teolóxica que histórica.

56. Cf. K. REINHARDT - H. SANTIAGO-OTERO, *Estancia e predicación de Santiago Apóstol…, O. c.*, 26.

INUNDACIONES EN EL NOROESTE DE LA PENÍNSULA IBÉRICA: EL CASO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Alexandre Luis Vázquez-Rodríguez

Resumen

Las inundaciones son el fenómeno natural con un mayor número de pérdidas sociales y económicas en un breve período de tiempo. Galicia, con cientos de cauces, y un clima propicio para que estos se mantengan, presenta esta problemática en el entorno de gran parte de los ríos. Allí dónde hay agua, existe un asentamiento humano, con lo que las inmediaciones de los ríos de esta tierra siempre están pobladas. A las orillas del río Eume, sexto río más grande de la región, existen varios asentamientos, entre los que destaca la villa histórica de Pontedeume, ubicada en la parte sur de la desembocadura. Recopilando datos históricos, y de los medios actuales, se ha visto que, a lo largo de su existencia, esta villa ha experimentado, y experimenta, varios episodios, tanto por las crecidas del río como por la dinámica de las mareas del océano Atlántico. En el presente artículo se expone la situación de la villa respecto a las inundaciones en la actualidad.

Palabras clave: Inundación, Galicia, noroeste de la Península Ibérica, océano Atlántico, Río Eume, Pontedeume.

1. Introducción

Las inundaciones son el fenómeno natural con un mayor número de pérdidas sociales y económicas en un breve período de tiempo (Keller et al.,2009). Una inundación es un flujo de agua superficial mayor a su confinamiento habitual. Todos los ríos presentan irregularidades que dan lugar a pequeñas inundaciones frecuentes, ocasionales avenidas y escasas inundaciones extraordinarias, pero todas pueden ocasionar pérdidas humanas y económicas (Vázquez-Rodríguez, 2016).

Todo territorio que se articule ante un espacio fluvial antropizado es un espacio con riesgo de inundación (Olcina,2006). Si un evento natural no afecta al ser humano, no se consideraría la existencia de riesgo, por la ausencia de elementos expuestos. Los episodios de inundación responden a tres causas principales: atmosféricas, que aportan la precipitación abundante; geográficas (relieve, características geomorfológicas), que favorecen el desarrollo de las crecidas; y antrópicas, que aumentan la vulnerabilidad y exposición ante los desbordamientos de los ríos (usos del suelo) (Olcina,2006). Existen varios tipos de inundaciones, con diferentes clasificaciones. Según la FEMA (*Federal Emergency Management Agency* de Estados Unidos), uno de los organismos de referencia, existirían los siguientes grupos:

Inundaciones fluviales: Aquellas asociadas a la dinámica del cauce de los ríos y al terreno en sus inmediaciones. En áreas relativamente planas, tras una gran cantidad de precipitación o tras una crecida del río, la tierra puede quedar cubierta por una lámina de agua con poca profundidad durante horas. En las zonas montañosas, podrían darse estos eventos poco tiempo después de una fuerte lluvia (lo que tardase en bajar la gran cantidad de agua por el río hasta donde se ubicasen los pueblos cercanos).

Inundaciones asociadas al drenaje urbano: En un área no urbanizada, el sistema de escurrimiento de agua es proporcionado por la naturaleza. Parte del agua donde cae se evapora; parte es absorbida por el suelo y por la vegetación existente, parte se filtra profundamente a través del suelo y repone agua subterránea y la restante, denominada escorrentía, circula por la superficie y se acumula de forma gradual a medida que se dirige a los desagües para volver a su destino, generalmente el propio río. Cuando existe urbanización, la capacidad de los suelos para absorber y filtrar disminuye, implicando un aumento del agua en superficie. Deshacerse de esta escorrentía es uno de los motivos por los que se implementaron los drenajes urbanos (como pueden ser las alcantarillas) con el fin de que esta cantidad de agua no cause daños materiales o humanos.

Inundaciones costeras: Pueden ser problemas graves en cualquier punto de la costa gallega. La frecuencia y magnitud de estas varían considerablemente. Este tipo de inundaciones se originan habitualmente durante los temporales. Durante un temporal, la superficie del agua marina aumenta debido a la baja presión barométrica, origen de este evento, y al amontonamiento de agua en las zonas costeras debido a la acción del viento sobre mar abierto. Esta sobreelevación de la marea por las presiones y el viento se denomina *Storm surge*. Dependiendo del relieve local, una tormenta puede cubrir un área pequeña o puede inundar totalmente la costa o incluso avanzar hacia terrenos en el interior. El impacto y alcance del temporal depende de muchos factores, incluyendo fuerza, intensidad, velocidad o la dirección de este.

También existirían otros tipos, como las asociadas al deshielo de glaciares, las derivadas de la rotura de una presa o las derivadas de la erosión del suelo causada por eventos excepcionales (terremotos, deslizamientos de tierra, ...). En Pontedeume podrían darse, las asociadas a los ríos y las costeras debido a su ubicación en la desembocadura del río Eume; o también podrían deberse a algún fallo en los sistemas de drenaje de la villa.

1.1 Área de estudio

La villa de Pontedeume, se ubica en el NW de Galicia, en el NW de la Península Ibérica entre los 8º 11' 0" W y los 8º9'30" W; y los 43º25'0" N y los 43º24'0" N. Se localiza en la ría de Ares, en el Golfo Ártabro, en la parte sur de la desembocadura del río Eume (Fig. 1) frente a su vecina Cabanas. El término municipal tiene 8.011 habitantes (INE, 2015), 29.57 km^2 de superficie y una densidad de población de 270 hab/km^2. Es una villa que se funda junto a un puente de madera romano, del cual viene el topónimo. En su primer siglo de existencia se construye una muralla y se consolida como villa medieval. En el s. XIV la jurisdicción de esta es otorgada a la casa de los Andrade por el rey Enrique II de Castilla. A mediados de este siglo, realiza una serie de mejoras en la villa, entre las que figura la sustitución del puente de madera por uno de piedra (Municipio de Pontedeume, 2016). Durante la Edad Moderna experimenta un crecimiento originado por el auge de su actividad pesquera industrial y artesanal, período en

Fig. 1. Ubicación del río Eume y de Pontedeume. Fuente: Elaboración propia.MDT cedido por el United States Geological Survey

el que se derriba su muralla para facilitar la expansión del lugar, hacia el interior, la cual se ve frenada por una epidemia de peste a finales del s. XVI. La expansión hacia la ría fue menor, el embarcadero, medieval, sufrió diversas ampliaciones, datando la última de 1995 (Municipio de Pontedeume, 2016).

La villa se asienta en el estuario del río Eume, sobre esquistos de la serie geológica de Ordes, material muy poco permeable, con poca capacidad de absorción de agua, ascendiendo desde la orilla del río Eume hasta la ladera norte del monte Breamo, entre los 0 y los 90 m de altitud aprox. (Fig. 2). Presenta un clima oceánico, con temperaturas suavizadas debido a la influencia del mar, las cuales oscilan entre los 9º C de media en invierno y los 20º C de media en verano (Meteogalicia, 2015) y más de 1000 mm de precipitaciones anuales, distribuidas a lo largo del año, pero con mayor concentración durante el invierno (Fig. 2).



Fig. 2. Mapa de elevaciones y climograma correspondiente a 2015. Fuente: Elaboración propia. PNOA cedido por Instituto Geográfico Nacional (IGN)

1.2. Antecedentes de inundaciones

Según la base de datos de inundaciones históricas de Protección Civil (Protección Civil, 2014) existen registros de inundaciones en Pontedeume desde 1595. Desde el s. XVI hasta comienzos el año 2006 (S. XXI), último año listado, se han dado 11 eventos, a los que habría que sumar los ocurridos en 2008 (La Opinión, 8/10/2008) y en 2016 (La Voz de Galicia 8/01/2016) (Tabla I).

ID	FECHA	EFECTOS	PRECIPITACIÓN DIARIA (mm)	ALTURA DE LA MAREA (mínima, media y máxima , en mm)		
1	1595	–	–	–		
2	Marzo 1683	–	–	–		
3	1782	–	–	–		
4	1804	–	–	–		
5	1811	–	–	–		
6	1870	–	–	–		
A Coruña está, de media, no 8º Oeste. Ao atoparse dentro do meridiano de referencia de España, o 0º, o lóxico sería tomar este como de feito faise. Se Galicia fose independente en horario resultaría máis útil que estivese co meridiano 15º OESTE e así tería o horario de Canarias -o dunha hora menos- como piden algúns. O de referenciarlo ao 15º LESTE pódese facer igual que se pode referenciar a calquera outro, pero entón o axuste ten que ser maior. Se se fai ao 0º o axuste é de 32 minutos (8 x 4= 32), facéndoo ao 15º OESTE o axuste é de 28 minutos (7 x 4 = 28) e referenciándolo ao 15º LESTE o axuste é de 92 minutos ((15+8) x 4 = 92).

Ao abarcar Italia, máis - menos, desde o meridiano 8ºE ao 18ºE, toma de referencia o meridiano 15ºE que é o que toma toda a Europa Central.

Todos os reloxos de A. Cintio teñen a hora corrixida co que os italianos chaman o "constante local" que é a Lonxitude. Iso significa que as XII solares (A 1 no inverno e as 2 no verán), en lugar de estar na vertical como sería nun reloxo de sol do Meridiano de referencia, está 32 minutos desprazada cara á esquerda porque é o que o Sol tarda en chegar desde ese meridiano de referencia ao meridiano local.

5. Segundo indica Alberto Cintio, científico e experto italiano en gnomónica.

2. Polo efecto da variación en velocidade de xiro da terra ao redor do sol ao longo do ano (Leis de Kepler), que se acelera no inverno no perihelio e retárdase no verán no afelio (así no período primavera-verán os días son máis longos que no outro semestre). O gráfico permite corrixir só este segundo efecto; o primeiro xa está incluído nos cálculos, sendo constante todo o ano.

O eixo horizontal está dividido en 12 segmentos que corresponden aos 12 meses do ano, comezando pola parte esquerda con xaneiro.

En ordenadas están indicados os minutos que se deben engadir (positivos por encima) ou se deben restar (negativos por abaixo) ao TSV do reloxo solar para obter o TMC do noso reloxo de pulseira.

O eixo vertical corresponde aos minutos que deben sumarse (os superiores) ou restarse (os inferiores), á hora indicada no reloxo solar (TSV) para obter a hora de reloxo de pulseira (TMC).

Só en catro datas do ano o reloxo solar está de acordo co reloxo de pulseira: 15 de abril, 15 de xuño, 1 de setembro e 24 de decembro[6].

5.4 O Gnomon

É o hasta metálica, chamada gnomon estilo-axial, porque é paralelo ao eixo terrestre. Ten a punta en forma de frecha cun buraco, a través do cal pasan os raios solares.

Gnomon do reloxo solar da casa do Camiño do Castro, 4. Ares

A hora está definida por liña de sombra, xerada polo gnomon inclinado respecto da parede, paralelo ao eixo terrestre.

O mes indícase polo punto de luz, xerado polo orificio que se atopa no extremo da punta de frecha do gnomon[7].

6. Por exemplo, o sol en Ares e Mugardos (A Coruña) culmina (está no medio do arco diúrno) non ás 12:00h, senón 90 minutos máis tarde, é dicir ás 13:30h. Exemplo: nos primeiros meses do ano do reloxo solar camiña atrasado e é preciso sumar ata 14´ a mediados de febreiro para obter o horario do TMC. Igualmente nos meses de outono o TMC vai adiantado ata un máximo de 16´ entre final de outubro e primeiros de novembro, polo que é preciso restarlle 16´ para dar a hora do TMC.

7. O asta metálica do reloxo do IES Mugardos, indica o mes coa sombra da esfera.

6. Reloxos de sol en Ares

6.1 RELOXO-CALENDARIO, Casa do Camiño do Castro 4, Ares

Este reloxo atópase nunha das fachadas ao suroeste dunha vivenda unifamiliar do Camiño de Castro, nº 4, na vila de Ares, propiedade de Celsa Formoso Martínez e o seu esposo.

Vivenda unifamiliar en Camiño do Castro 4, Ares



Deseñado, calculado e doado polo profesor italiano, sacerdote e astrónomo Alberto Cintio, está construído por G. Palmieri en mármore travertino da Marca. A placa remitiuna o p. Cintio a España en xuño de 2007 e foi colocado e inaugurado o 15 de xuño de 2008.

DATOS TÉCNICOS:
Latitude: 43º 25´ 48´´ N.
Lonxitude: 008º 14´ 11´´ O.
Doado, proxectado e calculado por: Alberto Cintio - Fermo (AP) - Italia.
Construído e executado por: G Palmieri (It).
Inscrición de data: A. D. MMVII (Anno Domini 2007)**.**



Reloxo calendario solar. Casa do Camiño do Castro 4, con explicación dos seus elementos

6.2 RELOXO-CALENDARIO SOLAR, IGREXA PARROQUIAL DE SAN XOSÉ DE ARES

A igrexa parroquial de S. Xosé de Ares atópase situada no centro da vila. Está composta de tres naves e varias capelas. A nave principal consta de tres tramos enmarcados por senllos arcos faixóns e formeros que encerran no seu interior unhas amplas bóvedas de aresta. Foi edificada en 1721[8].

Panorámica da iglesia parroquial de San Xosé. Ares

8. SORALUCE BLOND, José Ramón, FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Xosé, *Arquitecturas da provincia da Coruña*, Vol.VIII, Diputación Provincial da Coruña, 2001, p 52.

No 1868 foi o cardeal arcebispo García Cuesta quen a designou igrexa matriz, quedando Santa Baia anexa a ela. O edificio foi remodelado polo arquitecto Xulio Galán Carvajal a principios do século XX. A estrutura do edificio ten planta rectangular coas tres naves citadas e un presbiterio cadrado, co corpo rectangular precedente. A sancristía sitúase no muro setentrional do presbiterio e o seu acceso realízase a través dunha porta aberta no muro do leste. A cuberta é de faldóns a dúas augas con cubrición de tella curva. No lateral esquerdo engadíuselle unha torre campanario. O reloxo de sol foi colocado na fachada sureste.

A colocación do reloxo na igrexa de S. José houbo de atrasarse por razóns burocráticas, ao requirirse informe da Dirección Xeral de Patrimonio por tratarse dun edificio protexido. Finalmente celebrouse o día de Corpus de xuño de 2009, día no que as alfombras florais adornan Ares e no que se puido contar coa presenza do seu autor, o p. Alberto Cintio[9].

Iglesia parroquial de S. Xosé, Ares.
Abaixo: Fachada sur co reloxo-calendario solar

9. Enlace co blog Parroquia de Ares ca explicación do seu funcionamiento:
http://parroquiadeares.blogspot.com.es/2008/06/explicacion-del-reloj-de-sol-que-ser.html
Vídeo:http://www.dailymotion.com/video/x5da9_explicacion-reloj-de-sol-i_people (40 seg)
http://www.dailymotion.com/video/x5d8h_explicacion-reloj-de-sol-ii_people (90 seg)



Detalle do reloxo- calendario solar colocado na súa fachada sureste

DATOS TÉCNICOS:
Latitude: 43º 25' 30''N.
Lonxitude: 008º 14' 44'' O.
Doado, proxectado e calculado por: Alberto Cintio – Fermo (AP) – Italia.
Construido por : G. Palmieri Italia.
Inscrición da data: A.D.MMVII (Anno Domini 2007).
Frase latina: *"A solis ortu ueque ad ocacasum, laudatur nomen domini"*.
Pertence ao versículo 3 do salmo 112: "Da saída do sol ata o ocaso, encomiado sexa o nome do Señor".

6.3 RELOXO MERIDIONAL "NON NATO". IGREXA DE S. VICENZO DE CAAMOUCO.

A igrexa de San Vicenzo de Caamouco é de planta de cruz latina, cunha soa nave. Esta cóbrese cunha bóveda de canón reforzada con arcos faxóns. No cruceiro desenvólvese unha cúpula sobre pendentes que, ao exterior, preséntase como un tambor octogonal. A ábsida e a nave principal delimitan os seus espazos por medio dun arco de ingreso, de medio punto, apoiado sobre pilastras, de similares características aos arcos que dan paso ás capelas laterais.

Panorámica da igrexa parroquial de S. Vicenzo de Caamouco

Exteriormente concentra a ornamentación na fachada principal, de composición e elementos moi próximos xa ao neoclásico. Ésta presenta nos seus laterais duas pilastras pareadas de orde xigante, mentres que no seu eixo vertical central superpóñense unha porta rectangular rematada na sua parte superior nun frontón partido, e un oco rectangular con decoración de orelleiras. Na esquina dereita da pilastra máis meridional, á altura do tímpano da porta de entrada, un sillar sobresae do resto, con forma de escudo, preparado para inscribir nel un reloxo de sol.



Planta da igrexa e localización do reloxo de sol[10]

10. Soraluce Blond, José Ramón, Fernández Fernández, Xosé, *Arquitecturas da provincia da Coruña*, Vol.VIII, Diputación Provincial da Coruña, 2001, p 50.

Alzado principal[11]
e alzado lateral dereito[12]

DATOS TÉCNICOS:
Latitude: 43º 25´43 ´´N.
Lonxitude: 008º 12´ 2´´ O.
Data: 27/12/2014.
Provincia: A Coruña.
Localidade: Caamouco.
Localización: Localización actual.
Forma: cúbica, é o oitavo sillar sobre a base da pilastra e é unha peza única.
Tipo: Vertical.

Pola localización e forma da peza, moi probablemente podería tratarse dun reloxo triplo (non nato) para ser gravado con posterioridade á construción da igrexa (existen outros casos similares na provincia, como, por exemplo, na igrexa de san Xurxo de Torres no municipio de Vilarmaior). No caso de que fose un reloxo ao sur, o lóxico fose colocar unha laxa e non unha peza prismática.

Numeración: Non ten.
Dimensións: 30 x 30 cm. (fronte).Ten un adorno en forma de pináculo investido de 5 cm. de altura na parte inferior. 30 x 15 cm. (lateral).
Altura do chan: 3,50 m.
Material de construción: Granito.
Orientación da parede.Suroeste.
Orientación da cara principal do reloxo: Sur.
Gnomon: non ten.
Inscricións: Sen gravar.
Funciona: Non.
Observacións: Ver a proposta de numeración neste traballo.

11. Íbidem.

12. Íbidem.

Detalles do frente e vistas laterais do sillar labrado para reloxo solar

Proposta de construcción do reloxo. Año 2016

6.4 RELOXO DE SOL HORIZONTAL. CASA RODRÍGUEZ-COUSILLAS. REDES

No centro do pobo de Redes, na avenida de Gaspar Rodríguez, antes de chegar á Praza do Pedregal, ao seu lado dereito mirando desde o porto, atópase unha casa típica de balcón corrido e ménsula de pedra na planta primeira (hoxe alterado pola construción dun cerramento de fábrica e carpintería de aluminio), con galería na segunda planta, que ten

REDES, UN POBO MARIÑEIRO CON ENCANTO

A vila mariñeira de Redes no municipio de Ares, A Coruña, constitúe un dos conxuntos mellor conservados da costa galega. As súas rúas están balizadas de construcións típicas de dúas plantas con balcón corrido e ménsulas de madeira ou pedra, así como dun conxunto de construcións etnográficas de gran valor e edificios modernistas de principios do s. XX. Algúns deles, pintados de cores vivas, non pasan desapercibidos aos ollos do visitante. Tratar de descubrir os encantos desta vila sería un atrevemento pola nosa banda. Este precioso recuncho mariñeiro foi o lugar elixido por numerosos veraneantes para as súas estancias estivais, por cineastas para as súas rodaxes: Almodóvar, a TVG; motivo de tema para escritores, etc…e obxecto de recoñecemento polo Colexio de Arquitectos de Galicia que lle dedicou en 2007 o día mundial da arquitectura en recoñecemento aos seus valores ambientais e urbanísticos e ao estado de conservación do seu patrimonio edificado.

Vista da ría de Ares dende a vila mariñeira de Redes[13]

nun dos seus laterais un reloxo solar que utilizaban os seus moradores para ler as horas diurnas.

Unha breve historia dos membros da familia que alí viviu foi descrita por Ernesto López Naveiras nun artigo da revista A Tenencia[14], polo que non nos estenderemos na súa análise, pero si é conveniente destacar algún dos seus aspectos máis representativos desta estirpe de veciños ilustres desta vila durante o s. XIX e principios do XX.

Gaspar Rodríguez Rodríguez (cabeza de familia, cuxo nome leva a avenida na que se empraza a casa) tivo unha importante participación política en Ferrol e a súa comarca, continuada por varios dos seus numerosos fillos: Patricio –avogado e deputado progresista e liberal en 1843–, membro da maxistratura española. Gaspar –significado médico titu-

13. http://www.diazydiazarquitectos.com/proyectos/dos-viviendas-redes-ares-coruna-galicia/.

14. López Naveiras, Ernesto, A Tenencia, *Revista Cultural de Estudos Locais*, nº 4, ano 2011, da Agrupación Instructiva de Caamouco. pp. 105-115.

lar da Beneficencia do concello de Ferrol á vez que deputado liberal e cunha brillante carreira literaria. Outro fillo seu, Daniel, foi tamén avogado e deputado en 1881 por Pontedeume– nomeado maxistrado da Audiencia de Madrid, participou na conspiración de 1866-e Nicolás Clemente, que foi nomeado Deán da catedral de Santiago en 1897.

A frecha señala a ubicación do reloxo de sol na casa Rodríguez-Cousillas

Ubicación do reloxo na fachada lateral da planta primeira

Debido á súa posición elevada sobre a rúa, só podían ver e ler as horas os habitantes da casa desde o balcón, hoxe transformado en galería e non os veciños do pobo. Iso puido dar lugar a que case ninguén soubese que era e para qué servía o fragmento de lousa de estraña forma que sobresaía na casa.

Detalle da placa de soporte do reloxo na esquina do edificio

O reloxo xa figuraba en 1923 antes da reforma do balcón a nivel da primeira planta

Unha vez tomada e analizada a orientación N-S da peza e dada a súa localización específica, concluímos que se trata dun reloxo de sol dos denominados "de xanela" de características similares a outros como o situado en Piedrahita, Ávila e outro nunha das xanelas do Salón de Embaixadores do Mosteiro do Escorial en Madrid.

Reloxo de sol horizontal en Piedrahita. Ávila, situado ao lado do balcón da primeira planta

Reloxo de xanela do salón de embaixadores do mosteiro do Escorial en Madrid

Posteriores xestións realizadas coa colaboración de D. Andrés Camaniel e D. Ernesto López Naveira, veciños de Redes, corroboraron esta hipótese. As súas informacións derivaron na obtención dos fragmentos do devandito reloxo, que resultou destruído, ao parecer, como resultado da caída dunha tella cando se reparou o tellado da casa. Ante isto, o dono gardou os restos, entre os que se atopa o gnomon metálico.

Gnomon metálico do reloxo horizontal da casa Rguez-Cousillas. Redes

DATOS TÉCNICOS:

Latitude: 43º 25´ 43´´ N.

Lonxitude: 008º 12´ 30´´ O.

Tipo: horizontal, escaso nesta zona.

Forma: Sensiblemente hexagonal, de 16 cm de lado segundo pódese recompoñer a partir das fotos dos seus restos, aínda que presenta dúbidas en relación á súa forma antes de romper.

Material: o material usado é lousa.

Altura: sobre o chan, duns 3 m. Só víase desde o típico balcón mariñeiro da casa antiga.

Planta de composición dos restos do reloxo co gnomon en vertical

Correccions e cálculos no reloxo da Casa Rodriguez-Cousillas

Realizouse un recálculo das li-ñas horarias do reloxo para a súa comprobación. Calculáronse liñas para un reloxo de sol horizontal para a latitude de 43 graos Norte e superpuxéronse sobre unha fotografía do reloxo. Obsérvase unha coincidencia bastante aceptable considerando as deformacións da lente da cámara e a non perfecta perpendicularidade da foto. A conclusión é que o trazado é correcto.



Correccions estimadas para o reloxo da casa Rodríguez-Cousillas en Redes e ángulo que debería ter o gnomon.

COMO LER UN RELOXO SOLAR HORIZONTAL

Reloxo horizontal da Berenguela. Catedral de Santiago. Un dos escasos reloxos horizontais que hay en Galicia[15]

Para ler un reloxo de sol horizontal, o máis aconsellable é situarse no lado Sur do reloxo que será a zona onde se xuntan as liñas horarias e nace o gnomon. Desta forma veremos o gnomon inclinado os mesmos graos que correspondan á Latitude do lugar e por tanto o seu extremo libre dirixirase cara ao Polo norte celeste (de noite, se apoiamos a cara sobre o gnomon e miramos ao longo do mesmo, veremos que nos sinala a Estrela Polar).

Á dereita do reloxo estará o Leste e ao ser por ese punto cardinal por onde sae o sol, na parte esquerda do reloxo iránsenos mostrando as horas da mañá (zona azulada no reloxo da foto).

Ao mediodía solar local, a sombra do gnomon caerá sobre a liña das 12 horas.

A partir dese momento o sol irá caendo cara ao Oeste e a sombra do gnomon irá sinalando as horas da tarde (zona avermellada) na parte dereita do reloxo ata o ocaso.

O reloxo da foto marca as 9 e media.

É intención da Asociación Instructiva de Caamouco instalar un similar na súa sede social de "A Tenencia de Redes", construída grazas á colaboración de redeños emigrados a Cuba e inaugurada en 1915. Esperamos que con esta achega e o seu novo deseño podamos ver algún día colocado este reloxo para a lectura das horas diurnas en tan emblemática edificación de Redes.

15. Foto http://campaners.com/php/quadrant.php?numer=666.



Cálculo de horas do reloxo horizontal

6.5 RELOXO DE SOL. CONVENTO DE SANTA CATARINA DE MONTEFARO

Existen fundados motivos, ao noso xuízo, para atribuír a existencia dun reloxo solar ao convento de Franciscanos Terceiros de Santa Catalina de Montefaro[16],' no municipio de Ares.

Este mosteiro, cuxos antecedentes se remontan cara a 1145 co conde Pedro de Osorio da casa dos Traba, foi fundado no s. XIV por Fernán Pérez de Andrade.

Previsible ubicación do reloxo solar do mosterio de Santa Catarina de Montefaro

16. López Picher, Mercedes, *Notas para el estudio de la desamortización del patrimonio cultural de la Iglesia en la provincia de A Coruña: El Convento de Franciscanos Terceros de Santa Catalina de Montefaro*.

A influencia do mosteiro sobre a vila e termo de Mugardos crecerá ao longo dos séculos XVI e XVII para decaer a finais do XVIII ata a desaparición dos franciscanos de Montefaro en 1837, provocada pola Desamortización de Mendizábal[17].

O conxunto monástico iniciábase cun atrio que daba acceso a un edificio en cuxa parte central inscribíase unha torre cuadrangular. Á dereita situábase o templo; celas e sancristía dispoñíanse ao leste, e cara ao norte atopábase o refectorio. Dos dous claustros que tiña, conservouse mellor o situado na parte posterior da igrexa, de estilo renacentista. Consta de cinco arcos de medio punto en cada un dos seus lados, apoiados en pilastras sobre antepeito con outros maiores e intermedios que sosteñen a cornixa da cuberta. No segundo corpo e sobre cada un dos arcos ábrese unha xanela, que permite iluminar a galería superior. A antiga igrexa conventual debeu de ter planta de cruz latina, substituída no século XVIII por unha nave única con bóveda de canón. Preside a capela maior un retablo barroco de madeira estofada e policromada, cuxas imaxes se atopan na actualidade nas igrexas ferrolás do Socorro, San Xulián e San Francisco[18].

A referencia a un reloxo de sol achéganola Antonio de la Iglesia[19] cando, despois dunha exhaustiva descrición de diferentes dependencias monacales describe desta maneira o claustro máis antigo:

> *"Tiene el claustro principal a cada lado cinco arcos de medio punto, sostenidos por pilastras sobre antepecho, con otras intermedias y mayores que suben a recibir el cornisamiento del tejado. Tantas ventanas como arcos alumbran con sus maineles las galerías superiores. Excusado parecerá decir que la arquitectura de este claustro pertenece al renacimiento y no es despreciable, antes por el contrario presenta un aspecto regular y hermoso. En treinta y cuatro varas por lado podrá graduarse la extensión.* ***Un cuadrante o reloj solar*** *muestra en una de sus paredes; pero tres cosas han de llamar la atención del curioso y son: la cruz gótica del centro del claustro, el gran jabalí en un nicho en la pared correspondiente á la iglesia y los arcos góticos del capítulo que se ven á la parte del naciente; en las galerías bajas los dos últimos objetos".*

Este extracto do estudo histórico do mosteiro parece que deixa ben claro a existencia nun momento dado dun **cuadrante ou reloxo solar**, moi probablemente meridional, no claustro renacentista. Non sabemos con seguridade a súa posición. O edificio non está orientado con respecto aos puntos cardinais. Realizamos estas fotografías pasadas as 6 da tarde, hora oficial, o que nos indica que as paredes máis iluminadas son as que están máis

17. Soraluce Blond y Fernández Fernández, X., *Arquitecturas da Provincia da Coruña. Comarca de Ferrol,* A Coruña 1997, vol. VIII, p. 54.

18. Soraluce Blond y Fernández Fernández, X., *op. cit,* vol. VIII, p. 55.

19. Iglesia, Antonio de la, "Estudios Arqueológicos. Santa Catalina de Montefaro" en *Galicia* IV (1864), pp. 41-45.

Claustro principal do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro

ao Sur e ao Poñente, (panda leste do claustro) onde se aprecian unhas marcas de tres buracos, aínda que outros documentos gráficos documentan que pode ser atribuíble ao soporte duns farois que existían non hai moito tempo.

No suposto –moi pouco probable– de que o reloxo se atopase onde se aprecian eses buracos, trataríase dun reloxo que marcaría só as horas da tarde, o que non parece lóxico ao tratarse dun único reloxo dun claustro como se di no documento de 1864. Por iso, inclinámonos a crer que debería atoparse na fachada Sur, é dicir, na panda Norte do claustro por ser esa

Marcas de tres buratos sobre o arco central da panda Leste do claustro

a que recibe máis cantidade de horas de sol ao día. Sobre a súa autoría e data non temos ningunha información que nos permita aventurar ningunha hipótese, pero si temos constancia de que o que construíu, a principios do s. XVII, o do claustro da catedral de Santiago foi frei Marcos, un frade do compostelán do convento de san Francisco, o que dá idea do coñecemento da reloxería solar polos franciscanos desta orde nesa época.

A existencia de cuadrantes solares sobre arcos de claustros non é algo infrecuente en Galicia. Temos varios exemplos deles como, o xa citado da catedral de Santiago, de 1601, con estas características:

DATOS TÉCNICOS:
Latitude: 42º 52´49´´N.
Lonxitude: 008º32´41´´O.
Declinación: 7º E.
Reloxo de sol triplo orientado: vertical a levante, vertical ao mediodía e vertical a poñente.
Autor: frei Marcos, **frade do próximo convento de San Francisco** (segundo J. L. Basanta).

Tamén aparece outro reloxo de sol no mosteiro de Poio (un de 1.600) sobre a imposta superior do arco do claustro, como se aprecia nas imaxes.

Ala Leste do claustro da catedral. O reloxo de sol a poñente sobre un dos seus arcos.

As tres placas están xiradas co fin de orientar os cuadrantes ao Leste, Sur e Oeste.

DATOS TÉCNICOS do Mosteiro de Poio:
Latitude: 42º26´47´´N.
Lonxitude: 008º41´02´´O.
Declinación: 9º O.
Reloxo de sol triplo: Vertical Meridional, Vertical a Levante e Vertical a Poñente.

O reloxo de sol triplo foi construído o ano 1600. Sobre o cuadrante vertical a levante lese gravada e repasada en vermello a palabra FACTA; sobre o meridional, a palabra ANNO, e sobre o vertical a poñente, o número correspondente ao ano, todos eles pintados de vermello. As tres inscricións conforman a data de construción do reloxo triplo: FACTA ANNO 1600 (A mesma

Situación do cuadrante vertical a levante na ala oeste. Monsteiro de Poio

fórmula que no reloxo triplo do claustro a catedral de Santiago de Compostela: "FACTA ANNO DNI 1601".

Un exemplo máis nolo achega o mosteiro benedictino de Celanova en Ourense**.**

Características:
Latitude: 42º 09´006´´N.
Lonxitude: 007º57´26´´O.
Reloxo cuádruple: Vertical Meridional, Vertical a levante, Vertical a Poñente e Vertical Septentrional (¿1757-1775?).

O mosteiro conta con dous claustros. O reloxo cuádruplo atópase no Claustro das Procesións (coñecido popularmente como Claustro Barroco), situado ao sur da igrexa e con acceso directo á nave da Epístola. No século XVIII foi ornamentado nas súas fachadas exteriores, en estilo moi barroco, por Frei Plácido Igrexas, monxe arquitecto de Celanova, natural de Terra de Montes (Pontevedra), a quen se lle atribúe a escaleira abacial que comunica os dous pisos.

As pilastras das catro fachadas do claustro prolónganse en pináculos, e sobre as catro pilastras centrais construíronse por encima da cornixa do tellado senllos frontóns idénticos que albergan os catro cuadrantes do reloxo de sol cuádruplo.

Esquerda: Alas oeste e norte. Reloxo cuádruple. Cuadrantes a levante e mediodía. M. de Celanova.
Dereita: Alas leste e sur. Reloxo cuádruple. Cuadrantes poñente e a septentrión

Pero expónsenos a dúbida sobre o destino dese reloxo de sol de Montefaro. Habemos de supoñer que a súa desaparición ou traslado produciuse a partir do abandono dos frades na Desamortización. O primeiro e minucioso inventario de bens do mosteiro realízase en 1835[20], outro o ano seguinte, e polo menos un terceiro en 1849 sen que en ningún deles reflíctase o reloxo solar[21]. Parte dos restos deste mosteiro foron levados ao

20. Extracto do inventario de obxetos litúrxicos (ARQUIVO DIOCESANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, *Fondo Xeral*, Cartapacio 400. Convento de Santa Caralina de Montefaro 1806-1858; Arquivo do Reino de Galicia, *Fondo: Vaamonde Lores*, Caixa 4, Carpeta 6, documento 15. Comisión de Arbitrios de Amortización do Partido de Ferrol.

21. CARNEIRO REY, Juan A., *O Mosteiro de Santa Catalina de Montefaro*, Diputación de A Coruña, 2016, p. 65.

Frontón central da ala norte do claustro do mosteiro de Celanova. Cuadrante vertical a mediodía

museo arqueolóxico de San Antón na Coruña, onde están depositados moitos deles, outra boa parte permanecen na sancristía-almacén do propio mosteiro e un número indeterminado foron vítimas do espolio e hoxe están en "coleccións particulares". Indagamos so-bre a procedencia dun dos que, supostamente, levou ao museo arqueolóxico a Comisión de Monumentos, sen que con certeza podamos atribuílo a Montefaro. As Comisións de Monumentos Históricos e Artísticos (CMHA) foron creadas mediante a Real Orde do 13 de xuño de 1844[22] coa subida ao poder do Partido Moderado[23] e a caída de Espartero, como consecuencia da nova estrutura da administración pública e co obxectivo de salvar a súa responsabilidade. Foran estruturadas mediante unha Comisión Cen-tral e unha por cada provincia, cuxas normas de funcionamento estaban reguladas mediante a Real Orde do 24 de xullo dese mes-mo ano. A tarefa de protexer o patrimonio artístico foi encomendada a elites intelectuais: académicos e eruditos. Só tras coñecerse os devastadores efectos da Desamortización de Mendizábal sobre os antigos bens e propiedades conventuales expropiadas, a preocupación pola conservación do patrimonio histórico deu os seus primeiros pasos.[24] Aínda que contribuíron a paliar en parte a súa deterioración, constituíronse tardíamente cando xa se produciron resultados desastrosos[25].

A súa constitución na Coruña atrasouse ata os primeiros meses do ano 1845[26]. A falta de recursos motivou que a Comisión apenas puidese culminar os seus traballos máis importantes, entre os que destacou a confección do catálogo de Monumentos Históricos da Provincia. Éste foi un dos principais lastres da súa actividade[27]. Unha vez creadas por

22. Novísima Recopilación, leyes III-VII. Título XXXI. Libro VII.

23. Areilza, José María. *Un centenario olvidado. Las Comisiones de Monumentos del reino* en "Boletín da Real Sociedad Vascongada de Amigos do País", 1945, año 1º, 2º cuatrimestre, pp.145-152.

24. Sánchez García, Jesús A., *Faustino Domínguez y la arquitectura gallega del s. XIX*, Diputación A Coruña 1997, p.198.

25. Yáñez Rodríguez, José Manuel, *San Juan de Caaveiro, Un monasterio entre la naturaleza*, Diputación A Coruña, 2015, pp 86,87.

26. Na Coruña, a primeira Comisión estivo integrada por José María Maya e Barreira, doutor, Enrique Vedía e Goznes, anterior Xefe Político, Juan Pérez Villaamil, oficial do goberno político, Calixto Montalvo, maxistrado da Audiencia, e Nicolás Fernández Bolaño, conselleiro da provincia, baixo a presidencia do Xefe Político José Martínez A.R.A.B.A.S.F. Comisión Central de Monumentos, Leg. Persoal. Organización da Comisión Provincial (47-4/2).

27. Sánchez García, Jesús Ángel, *Faustino Domínguez...op.cit.,* p. 199.

medio dun R. D. do 11 de abril dese mesmo ano, o goberno de Narváez puxo fin á venda dos edificios conventuales.

Encargáronse de inventariar e protexer os bens, con maior ou menor éxito, e constituíron os embrións dos actuais museos provinciais[28]. Desde entón as Comisións Provinciais e Central repártense esas funcións, aínda que a partir de 1865 vólvese de novo á situación anterior.

Ficha do reloxo e fotografía do mesmo no museo Arqueolóxico da Coruña

A ficha deste reloxo do Museo Arqueolóxico da Coruña describe unha peza de granito de 47 x 60 x 25 cm. que marca as horas de 6 da mañá a 5 da tarde. Sobre a súa procedencia indica: "Comisión de Monumentos ?". Este signo de interrogación podería expor dúbidas sobre se foi achegada pola devandita Comisión. Se fose achegada por ela, resulta estraño que non estivese identificada co resto de pezas inventariadas procedentes do mosteiro de Montefaro depositadas no museo. Nós limitarémonos a realizar unha análise gnomonómico que podería xustificar –ou non– a súa presenza no mosteiro.

Localización: Museo Arqueolóxico da Coruña.
Material: Granito de gran fino, moi claro.
Descrición a través das fotos achegadas: Reloxo de sol do tipo vertical que marcaría de 7 da mañá a 5 da tarde con numeración arábiga. Vese gravado parte do número "6" por esa hora da mañá e é posible que tivese tamén gravado o "6" correspondente á hora correspondente da tarde aínda que pola posición de gnomon non podía marcalas.

A colocación da numeración podería deberse a que a súa lectura fose posible tamén desde as xanelas situadas no corredor da parte superior. Que o "0" do nº "10" sexa máis

28. Na súa orixe, reflicten a asunción por parte do Goberno da necesidade de atender de maneira directa, a través dun organismo creado especialmente para iso, as cuestións relacionadas co patrimonio artístico. Ao non ir acompañada de medidas legais firmes que regulen como ha de ser a protección, as Comisións verán frustrados moitos dos seus traballos, o que, analizado o contexto en que tivo lugar, non debe restar valor á súa creación.

pequeno habería que xustificalo pola falta de espazo e a que non se prestase a confusión con "109".

Carece de gnomon que debía ser do tipo de varilla de ferro, sen outro apoio, dado que non presenta ningunha perforación sobre a liña das XII e apréciase unha soa muesca de aloxamento do gnomon no rebaixe inferior da peza que é onde converxen todas as liñas horarias. O gnomon tería unha inclinación sobre o plano do reloxo de 47 graos.

Na parte inferior apréciase tallada unha media lúa.

Ignórase a información da que dispón o museo para datalo no século XVII.

Na comparativa obsérvase que é un reloxo ben trazado e a pesar das deformacións que producen os obxectivos das cámaras de fotos, as liñas horarias coinciden con bastante precisión cun trazado para un reloxo de sol horizontal feito para a latitude da Coruña.

Comparativa con trza de horas para 43º 22' Norte

Todas estas razóns fannos ver similitudes con outros reloxos de sol galegos, polo que non se pode descartar, nin afirmar, que fose o que estivese situado no Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro. A iso sumamos que na pedra na que esta labrado o escudo do campanario, que é dun granito de gran fino e de cor moi clara, aparece a data de 1708, polo que ambos puideron situarse no citado mosteiro nunha das últimas reformas do barroco.

CONSIDERACIÓNS PARA A DATACIÓN SEGUNDO A NUMERACIÓN E OUTROS RELOXOS DA ZONA

Claustro da catedral de Santiago de Compostela

A cifra "I" en romano con rayitas arriba e abaixo utilízase ata a primeira metade do XVIII como única e a partir desa data coexiste con outras grafías do "1" actual.

A cifra "2" en "Z" (Zeta) utilízase no XVI e primeiro cuarto do XVII.

O reloxo que nos ocupa ten a mesma grafía que o reloxo de sol meridional do claustro da Catedral de Santiago e que é complementario a outros dous a Levante e Poñente datados en 1601.

A cifra "3" co trazo superior recto con ou sen rayita ao final do tramo recto utilízanse indistintamente desde o XVI ata finais do XIX.

Claustro da catedral de Santiago de Compostela

Praza da Constitución. Vigo

Igrexa de santa Columba de Rianxo

Obsérvase esa grafía no reloxo antes citado da catedral de Santiago, no reloxo da Igrexa da Universidade de Santiago de Compostela datado en 1647, no da Ermida de Santiaguiño do Monte en Padrón datado en 1731 e no da Praza da Constitución de Vigo datado en 1780.

A cifra "4" en grafía con forma de vela latina utilízase case exclusivamente nos séculos XVI, XVII e XVIII e presenta variacións na lonxitude ou forma do pé ou do brazo ou rayitas nos extremos. Pódese observar nos reloxos citados anteriormente.

A cifra "5" con forma de fouce (falciforme) investida usado desde finais do XVI ao primeiro cuarto do XIX. Igual que nos reloxos do claustro da Catedral de Santiago.

A cifra "6" e "9" en espiral aberta. Grafía utilizada durante os séculos XVI, XVII, XVIII e XIX e que se comparte cos reloxos de sol de Santiago de Compostela e da Praza da Constitución de Vigo.

A cifra "7" en dous tramos rectos. Grafía habitual nos séculos XVI, XVII, XVIII e XIX. No XVIII é frecuente a rayita nalgún dos extremos. A mesma grafía obsérvase nos reloxos das imaxes adxuntas.

A cifra "8" en bucle aberto co tramo superior recto é unha variedade rara que se pode ver durante os séculos XVI, XVII e principios do XVIII. Obsérvase nos reloxos do claustro da Catedral de Santiago de Compostela.

A cifra "0" de forma circular e menor tamaño que as restantes cifras comeza a utilizarse a partir do segundo cuarto do século XVIII. Esta circunstancia pode observarse no reloxo da Igrexa de Santa Columba en Rianxo datado en 1868[29].

29. NOVELLA, Pedro, Relojes de sol fechados. http://relojesdesol.info/files/Relojes-de-sol-fechados-Generalidades.pdf .

7. Reloxos de sol en Mugardos

7.1 Reloxo-calendario solar. Igrexa parroquial de San Xulián

Situada na rúa de San Telmo, a igrexa de San Xulián de Mugardos é un templo de estilo neoclásico levantado a mediados do século XX. A súa arquitectura está inspirada na con-catedral de San Xulián de Ferrol, aínda que de moita menor medida, e só presenta unha torre campanario a un dos lados da súa fachada principal.

Ubicación do reloxo solar na fachada lateral da igrexa

Reloxo-calendario solar na facha-da sur da igrexa parroquial de San Xulián. Casas con balcons mariñeiros típicos de Galicia

Reloxo-calendario solar colocado no lateral da igrexa de S. Xulián

As xestións realizadas por D. Casimiro Fernández, párroco de San Xulián, lograron a colaboración dun fregués –D. Arturo Martínez– que encargou a execución do reloxo ao canteiro "Fandiño" –alumno destacado do estudo-taller de Asorey en Compostela–, que o realiza nunha bela pedra calcaria procedente do Barco de Valdeorras (Ourense) con gravados en cor, de gran orixinalidade e beleza.

Foi inaugurado un chuvioso día 3 de outubro de 2010, coa presenza do seu autor, A. Cintio, o alcalde da localidade mugardesa, Sr. Barcia, autoridades e veciños.

DATOS TÉCNICOS:
Latitude: 43º 27´35´´N.
Lonxitude:008º 15´27´´O.
Proxectado e calculado: Alberto Cintio.
Construído por : Fandiño.
Inscrición de data: A. D. MMX (Anno Domini 2010).
Frase latina: "Dominus illuminatio mea" "O Señor é a miña luz."

Reloxo vertical declinante a poñente. Marca de 11 a 20 en horario de inverno (por arriba), con numeración só das horas impares, e de 12 a 21 en horario de verán (por abaixo) con numeración só dende as 14 ata as 19.

O cálculo das liñas horarias ten corrixida a lonxitude xeográfica do lugar. A curva sinusoidal do ángulo superior esquerdo chámase "Analema" e indica o adianto ou atraso horario do reloxo de sol con respecto ao horario oficial.

Gnomon polar: a sombra de todo él indica a hora e o extremo é o que indica as datas nas liñas curvas.

Leva marcadas con liñas continuas o solsticio de verán e inverno e os equinoccios e con liñas punteadas (de 15 en 15 minutos) o resto de de datas de entrada do sol nos distintos signos do zodíaco, en formato caldeo-babilónico, que leva inscritos a ambos os dous lados.

7.2 RELOXO – CALENDARIO SOLAR, I.E.S. MUGARDOS

A Dirección do Instituto de Educación Secundaria, I.E.S. Mugardos, encargou un reloxo-calendario nun precioso granito gris galego. Do mesmo xeito que o anterior, foi proxectado por D. Alberto Cintio, nunha visita que realiza ao I.E.S. Mugardos en 2007, convidado pola sua directora Dª Covadonga Rodríguez-Moldes. Proxéctase a súa inauguración o mesmo día que o da igrexa de San Xulián, pero debido á choiva posponse para o día 10 de outubro, xornada que coincide coa celebración do centenario da inauguración da escola laica "Unión Mugardesa", realizada con achegas dos emigrantes desta localidade en América.

Instituto de Educación Secundaria de Mugardos



Reloxo-calendario solar do I.E.S. de Mugardos

DATOS TÉCNICOS:
Latitude: 43º 23' 32" N.
Lonxitude : 008º 15'40" O.
Proxectado e calculado: Alberto Cintio.
Inscrición de data: A. D. MMX (Anno Domini 2010).
Frase latina: "Quod non discitur in iuventute nescitur in senectute".
"O que non se aprende na mocidade ignórase na senectude".

É iste un reloxo moi especial por dous motivos:

— Está orientado ao nacente, polo que indica as horas matutinas moi apropiadas da actividade escolar. Ten unha declinación próxima aos 90 graos a Levante. Se fose ao Leste puro (90º) as liñas horarias serían paralelas.

— Non ten gnomon polar senón un gnomon ortogonal perpendicular ao plano do reloxo polo que tanto a hora como as datas só son indicadas polo seu extremo formado por unha esfera. A hora está indicada pola liña de sombra e o mes pola sombra da esfera do extremo do gnomon.

Marca de 7 a 14 horas en horario de inverno (parte superior) e de 8 a 15 horas en horario de verán (parte inferior). A liña horizontal que nace na base do gnomon e vai cara á esquerda, representa o horizonte e indícanos as horas do orto durante o ano.

O cálculo das liñas horarias ten corrixida a lonxitude xeográfica do lugar. A curva sinusoidal do ángulo superior dereito chámase "Analema" e indica o adianto ou atraso horario do reloxo de sol con respecto ao horario oficial.

Leva marcadas con liñas continuas o solsticio de verán e inverno e os equinoccios, e con liñas punteadas (de 15 en 15 minutos) o resto de de datas de entrada do sol nos distintos signos do zodíaco, en formato caldeo-babilónico, que leva inscritos no lado dereito.

7.3 RELOXO DE SOL. CASA DE MAXIMINO PÉREZ VARELA. FRANZÁ

Na parroquia de Santiago de de Franzá, nunha vivenda unifamiliar de planta baixa e piso, propiedade de Maximino Pérez Varela, atopamos sobre a súa cuberta un reloxo meridional que, a primeira ollada, adiviñamos que foi trasladado doutro emprazamento, dada a súa antigüidade e as características da edificación na que se atopa.

Ubicación: Localización actual: Lat. 43º 26´46´´ N – Lonx. 008º 12´53´´ O

Vivenda unifamiliar de planta baixa, primeiro andar, no lugar de Franzá. Mugardos

Realizado en granito gris, está asentado sobre unha peana do mesmo material nun dos faldons da cuberta de tella, e parte do seu basamento está recuberto pola impermeabilización da cubrición.

É un reloxo de sol vertical meridional que foi traído polo propietario desde a casa dos seus avós "*A casa do carpinteiro*" no lugar do Pedrón nº 3, en Vilachá (Monfero).

A casa declina 8 graos a Levante e o reloxo é paralelo á fachada.

O bloque de granito do reloxo descansa sobre outro máis ancho que lle fai de base.

Ubicación do reloxo solar na vivenda

O reloxo está delimitado por un cadrado co lado inferior curvo que deixa unha franxa exterior para a numeración arábiga de 7 da mañá a 5 da tarde (na actualidade). A traza das liñas é meridional co mesmo número a dereita e esquerda e os mesmos ángulos. Ditas liñas comezan nun círculo de radio igual á base do gnomon e terminan no cadrado delimitador.

O gnomon é de chapa metálica, ben situado, achatado e cun corte curvo pola súa banda inferior. Parece o orixinal e fixado con chumbo, presumiblemente de chapa de cobre ou latón pola cor verdoso da pátina do seu óxido (cardenillo). Non pode ser aceiro porque o inoxidable non existía no XIX e se fóra de ferro habería un bo chorrete de óxido. O ángulo co plano do reloxo debería ser sobre os 46-47 graos, ángulo complementario ao da Latitude do lugar.

SIMULACIÓN DE LÍÑAS HORARIAS

A pesar de que o trazado das liñas horarias parece correcto, o reloxo non pode funcionar na súa localización actual pois debería estar orientado ao Sur e está paralelo á fachada da casa que declina uns 8 graos cara ao Leste. O habelo desubicado uns poucos minutos de grao cara ao Norte, por ser tan poucos, non afecta substancialmente o funcionamento do reloxo.

ANÁLISIS DAS INSCRIPCIÓNS

Coa inestimable colaboración dun especialista, observamos que a inscrición da parte superior é case ilexible e está falseada pola pintura vermella que se lle engadiu. Habería que quitar toda a pintura para ver cales eran as inscricións orixinais. O que é seguro é que non poñía o que pon na actualidade.

Detalle das inscripcions

É relevante a ausencia das 6 da mañá e as 6 da tarde como adoita ser o común noutros reloxos galegos e de fóra de Galicia. Presentamos neste exemplo, unha comparativa de diferentes reloxos galegos nos que se aprecia claramente esta circunstancia.

Comparativa das 6 da maña e da tarde en diferentes reloxos galegos

DATOS TÉCNICOS:
Data: 2/5/2015.
Localidade: Franzá. Mugardos.
Provincia: A Coruña.
Localización:
Latitude: 43º 26´46´´ N.
Lonxitude: 008º12´53´´ O.
Forma. Rectangular.
Tipo: Vertical Meridional.
Numeración: Numeración arábiga con alteracións sobre o orixinal.
Dimensións: 25 x 30 cm e o bloque 35x45.
Altura do chan: 7m de altura, aproximadamente, do chan ata o tellado.
Material de construción: Granito.
Orientación da parede.- Orientado cara a Sur pero está colocado paralelo á fachada que declina 8º ao Leste.
Gnomon- Cobre ou latón e ben graduado.
Inscricións: OJJod18801.
Observacións: Trasladado desde a súa localización primitiva.

8. Reloxos de sol en Ferrol

8.1 RELOXO DE SOL. Castelo de San Felipe. A Graña

O castelo de San Felipe constitúe unha das edificacións defensivas máis significativas da costa galega e un fermoso exemplo de fortificación representativa dos modelos académicos da Ilustración. Situado ao bordo da ría de Ferrol, a data de construción da primeira fortaleza pódese situar entre os anos 1577 e 1592, promovida polo entón Capitán Xeral de Galicia, Juan Pacheco, marqués de Cerralbo e deseñada por Pedro Rodríguez Muñiz. Chamouse San Felipe en honra ao Santo Patrón do rei Felipe II.

Vista xeral do castelo de San Felipe desde a península de Bezoucos, antes da rehabilitación da casa do Gobernador

Durante o XVIII, sufriu reformas segundo deseños dos enxeñeiros Francisco Montaigú, Juan da Ferriére e Juan Verxel. Neste século era considerado un exemplo de "batería abaluartada" concibida por unha batería de canóns dirixidos ao mar e baluartes para rexeitar tamén os ataques por terra. Comprende unha batería baixa e outra máis elevada, ademais da que tiña a antiga fortaleza, con troneras para cento cincuenta canóns. O

Vista aérea do castelo de San Felipe despois da rehabilitación da casa do Gobernador

hornabeque, de planta trapezoidal, está situado no centro do recinto, no que se inscribe a praza de armas, totalmente enlousada. Nela sitúase a "casa do gobernador"[30], no que se atopan, ademais, a capela e as dependencias da oficialidade.

Na cornixa da cuberta deste palacio atopábase, –antes da súa rehabilitación levada a cabo segundo proxecto do arquitecto Iago Seara en 2011– á beira dunha espadana central de granito, un significativo reloxo solar que pode apreciarse polo seu considerable tamaño e deseño nas fotografías previas á intervención rehabilitadora. Apartouse da cornixa, ao parecer, para evitar puntos de entrada de auga, pois alí no interior percibíase unha concentración de humidades. A intención para a segunda fase era de recolocalo na vertical da fachada supervisado por un experto para garantir a súa eficiencia funcional histórica. Hoxe en día está depositado aínda no interior do edificio, desmontadas e embaladas as súas tres pezas que o compoñen.

Estado das pezas, hoxendía depositadas nunha das dependencias do castelo

30. Tamén denominado por algúns "edificio dos mandos", aínda que nos planos históricos do Arquivo de Simancas e do Arquivo Xeral Militar aparece como "Casa do Gobernador". Véxase VIGO TRASANCOS et al. "Galicia e o século XVIII. Planos e debuxos de arquitectura e Urbanismo (1701-1800)", Fundación Barrié, pp. 524 -552

Casa do Gobernador. Reloxo solar na cornixa da cuberta ao lado da espadaña pétrea central

Imaxe das obras coa elevación da nova cuberta de zinc ausencia do reloxo

Detalles do reloxo solar no seu primitivo emprazamento. Fotografías Iago Seara

Detalle do reloxo solar antes do seu desmontaxe. Fotografía de J.J. Burgoa

DATOS TÉCNICOS:
Latitude: 43º 27' 53"N.
Lonxitude: 008º 16' 55"O.

Reloxo de sol exento que estivo sobre a cornixa, rebaixada na súa fronte, do edificio que foi casa do Gobernador dentro da fortaleza de San Felipe e cuxa visión domina o patio de armas do castelo.

O reloxo está pintado e fórmano tres bloques de granito, sendo o inferior o da base que contén os números das horas XI, XII e I. O intermedio contén o groso do reloxo e o gnomon. O superior remata o reloxo en frontón labrado en volutas en sillar independente e cun óvalo tallado no centro. Carece de liñas horarias.

A primeira vista parece un reloxo vertical meridional por ter o mesmo número de horas á dereita que á esquerda e o gnomon sobre a liña das XII, pero cunha distribución de horas moi errónea como son as VII, VI e V na parte superior.

O gnomon parece formado por un tubo oco, posiblemente de ferro ou algunha aliaxe, atornillado sobre a superficie do reloxo e coa parte pegada ao reloxo en posición inclinada.

Ao ser un reloxo situado nun edificio relevante dentro dun recinto militar, o lóxico é que fose un reloxo de calidade e cunha boa traza polo que todo indica que sufriu unha reforma que o transformou ao seu aspecto actual con serias deficiencias.

Fotomontaxe de restitución e pezas embaladas no depósito

SIMULACIÓN HORARIA SEGUNDO O TIPO DE RELOXO A CONSIDERAR

Simulacións horarias meridional e declinante

Podemos estudar dous supostos; que o trazado orixinal fose meridional, ou sexa directo ao Sur, ou que fose declinante como corresponde á orientación da fachada do edificio.

A) TRAZADO MERIDIONAL:

Calculamos e superpoñemos un trazado directo ao Sur para a latitude de 43 graos 30 minutos e observamos que non hai coincidencia entre a numeración pintada no reloxo e a correcta.

É lóxico que así sexa pois nin os números están no seu sitio nin a posición do reloxo, se fose meridional, correspóndese xa que é paralela á fachada do edifico que declina 23º ao Levante como pode apreciarse na vista aérea do conxunto defensivo.

B) TRAZADO DECLINANTE:

Calculada e superposta unha traza declinante 23 graos a Levante apreciamos que tampouco se corresponde coa numeración das horas da mañá (parte esquerda) pero non parece moi diferente nas horas da tarde (parte dereita) a excepción do "V".

Outra circunstancia que avala o trazado declinante é a posibilidade de que na pedra estivese marcada a liña subestilar -como adoitan facer algúns autores- que nos coincide coa parte do gnomon que está atornillada á superficie do reloxo.

Detalle da varilla do "gnomon". Unha peza de aluminio dunha antena, atornillada

8.2 RELOXO DE SOL. Escola Politécnica Superior do Campus de Esteiro. Rúa Mendizábal

A Escola Politécnica Superior creouse no curso 1991/1992 para impartir as titulacións de ciclo longo (5 cursos) de Enxeñería Naval e Oceánica e, no ano seguinte, de Enxeñería Industrial.

A escola ocupa o pavillón de Medicamento e un edificio de nova construción (2001) do Antigo Hospital de Mariña, recinto militar que deu lugar ao campus de Esteiro, moi preto do centro da cidade de Ferrol. Ese antigo pavillón estivo destinado a trescentas camas para suboficiais, policlínica e servizos xerais e foi construído ao redor de 1945 por "O Consello ordenador das construcións navais militares" e a súa "factoría do Ferrol do Caudillo" sobre o solar do primitivo "Hospital A nosa Sra. das Dores", que comezou a cumprir funcións sobre

Planta xeral do campus actual de Esteiro

Edificio da escola Politécnica Superior do campus de Esteiro

un antigo depósito de betuns en 1761 e que tras numerosas ampliacións, foi destruído parcialmente polo lume o seis de febreiro de 1891[31].

Estes pavillóns e a súa arquitectura foron ademais parte do patrimonio arquitectónico hospitalario de maior vangarda da súa época e poden ser considerados como un dos mellores expoñentes da arquitectura hospitalaria galega e europea do seu tempo. A importancia desta arquitectura, é se cabe aínda maior, dado que os hospitais desta tipoloxía que existiron no noso país foron escasos. Todos eles naceron a finais do século XIX e na actualidade desapareceron na súa maioría.O edificio foi rehabilitado pola Universidade da Coruña en dúas fases que se iniciaron en 1991 e 1994 respectivamente, segundo proxecto do grupo "Desga".

Desde o curso 2010-2011 a escola imparte os títulos de grao en Arquitectura Naval, Enxeñería en Propulsión e Servizos do Buque, Enxeñería en Tecnoloxías Industriais e Enxeñería Mecánica.

Na parte superior da porta principal, sobre a cornixa de cuberta, atópase un reloxo de sol de grandes dimensións nunha situación privilexiada no frontón que preside a

31. ÍNSUA CABANAS, Mercedes, *Arquitectura Hospitalaria Gallega de Pabellones*, Universidade da Coruña, 2002

portada principal do edificio e dentro dun marco en orellas en baixo relevo.

Está gravado sobre tres placas de pedra –posiblemente arenisca– de forma rectangular, co lado superior curvo a de máis arriba, superpostas a outra placa de granito que fai de marco inferior.

Latitude: 43º 28´ 52,1´´ N.
Lonxitude: 008º 13´ 21,2´´ O.
Declinación: 4º E.

Ten un trazado de liñas moi anárquico coas horas extremas moi xuntas e as centrais moi separadas cando o correcto é o contrario. Ditas liñas nacen do polo do cuadrante e morren no marco tras o que se atopa a numeración, romana, de VIII da mañá a III da tarde. Baixo a hora "IX" obsérvase que o gravador tivo un erro e gravou "XI".

O gnomon é polar de varilla metálica lixeiramente dobrada na orixe.

Erro de gravación do número "XI", co "IX" corrixido

Detalles laterais do reloxo solar

Forma e posición do gnomon polar de varilla

SIMULACIÓN HORARIA

Fixemos dúas simulacións de liñas para que se aprecie a diferenza entre unhas e outras; a primeira para un trazado meridional e a segunda para un trazado correcto con declinación da fachada de 4 graos Leste.

Simulacion horaria para reloxo meridional

Simulacion horaria para reloxo declinante

8.3 RELOXO DE SOL MERIDIONAL. IGREXA DE SAN SALVADOR DE SERANTES

A estrutura arquitectónica do templo é de planta rectangular, na que se inscriben unha única nave, o presbiterio e unha sancristía rectangular tras este.



Vista cenital da igrexia de San Salvador de Serantes e posición do reloxo solar

Os muros son de carga, e presentan cantería en esquinais e no recercado dos ocos. A fachada principal do edificio reúne o conxunto dos principais elementos ornamentais. Nela ábrense tres ocos rematados en arcos de medio punto –que dan lugar a un pórtico aberto con bóvedas de aresta– que ocupa a práctica totalidade da súa fronte e, á súa vez, outórgalle un efecto de lixeireza e mobilidade ao muro. Sobre estes ocos está situada unha xanela semicircular, que permite a iluminación natural do coro alto.



Plano de planta da igrexa

Por último, un frontón triangular pecha o conxunto, e sitúase tras el unha espadana de dous ocos, rematada nun pequeno frontón. O xogo de simetrías e elementos xeométricos, xunto co trazado simple e de gran sobriedade que compoñen a fachada fan desta un dos máis claros exemplos do neoclásico rural que se inscribe no territorio ferrolán. No seu interior, a ábsida cóbrese cunha bóveda de aresta, presidida por un retablo de madeira e elementos neogóticos que se aloxa no espazo que propicia un arco carpanel[32].

Atopamos un sinxelo reloxo de sol situado no lado sur do décimo sillar da esquina suroeste da igrexa que ten unha orientación practicamente L-O, elevado a tres metros e cincuenta e oito centímetros sobre sobre o chan.

32. Soraluce Blond, José Ramón, Fernández Fernández, Xosé, *Arquitecturas da provincia da Coruña, Ferrol, Vol.I XIV*, Diputación Provincial da Coruña, 2001, p 49.

Conxunto da igrexa e alzado principal

Situación do reloxo solar no esquinal suroeste da igrexa e o reloxo con sol

O reloxo está levemente inciso e pintado sobre un resalte cuadrangular rematado en frontón redondeado e carece de numeración horaria. As liñas terminan nun cadrado que deixa unha franxa exterior onde deberían estar os números das horas. Ten un semicírculo distribuidor das liñas horarias cuxo diámetro é a metade ao lado do cadrado. O gnomon é triangular, construído en chapa metálica, non orixinal e mal colocado.

Ao reproducir un reloxo de sol para esa latitude e orientación e superpoñelo sobre o reloxo obsérvase unha coincidencia case total polo que se ve que a traza é a correcta. Con todo, algo nos advirte dun erro: Que pasou no gnomon? Non parece o orixinal xa que pola parte da unión coa pedra aprécianse unhas zonas claras que son do pegamento usado.



Vista lateral do cuadrante meridional e posición e ángulo que debría ter o gnomon

Como está e cómo debería estar o gnomon

O máis probable é que o reloxo perdese o gnomon primitivo e quen o repuxo colocouno xusto ao revés. Para o seu correcto funcionamento debería investirse de posición formando a hipotenusa do triángulo un ángulo de 46º 30´ co plano vertical do reloxo e non 50º 46´que é o que ten agora.

9. Reloxos de sol en Fene

9.1 Reloxo canón meridiano, hoxe horizontal
Reitoral da igrexa parroquial de Santiago de Barallobre

A casa reitoral da parroquial de Santiago de Barallobre é unha edificación de xenerosas dimensións, que consta de planta baixa e piso alto, situada á beira da igrexa parroquial de Santiago, coa que forma un ángulo recto.

Panorámica da reitoral de Santiago de Barallobre

A súa construción data de 1788, levantada polo cura párroco Díaz, como indica a inscrición nun dos sillares das súas xanelas: "ANO DE 1788. DÍAZ". Posteriormente, en 1794, engadiu lonxitudinalmente un anexo do que deixou tamén constancia da súa autoría no dintel da porta de entrada "ANO DE 1794. DÍAZ".

Reloxo solar sobre unha peana de granito ao lado da porta da esquerda

O seu actual párroco, D. Elías Seoane Ramírez comentounos as vicisitudes do reloxo canón meridiano que figura á beira da porta de entrada da vivenda e a desaparición dun reloxo cuadrante meridional que existiu nun dos esquinales da vivenda, cuxas fotos achegamos.

Nun principio, o primeiro era un reloxo de sol "con canón" ou "meridiana acústica" ou "canón meridiano", que destas e outras maneiras son chamados uns reloxos que

abundaron no s. XIX e que incorporaban un pequeno canonciño e unha lupa que cando chegaba o mediodía, a lupa concentraba os raios do sol que incidían sobre o disparador do canón e o ruído do disparo anunciaba o mediodía.

Reloxo de canón disparando

Con motivo dunhas obras de reforma realizadas na reitoral no ano 2005, D. Elías recuperouno do faiado. Hoxe foi convertido en horizontal, que é un tipo de reloxo tamén escaso en Galicia, xa que o investigador José Luis Basanta, no seu libro sobre os reloxos de pedra en Galicia manifesta que dos 379 censados, só 7 son horizontais.

Inicialmente tiña unha efixie policromada de Santiago Apóstolo, con vestimenta de peregrino, portando un groso bordón, inserida nunha hornacina coa parte superior en arco semicircular peraltado con chambrana, que descansa sobre senllas columnas de fuste cilíndrico con capiteis e bases áticas e na clave do arco, unha cuncha de vieira. No extremo do seu gnomon lucía unha cruz de Santiago, esmaltada en cor vermella. A figura de Santiago peregrino, que lucía inicialmente e tamén na actualidade é oportuna por ser a advocación da parroquia o atoparse a súa igrexa no camiño inglés a Santiago.

Imaxe anterior do reloxo de sol coa efixie policromada de Santiago peregrino

Trátase dun reloxo de base de mármore rectangular coas esquinas redondeadas, pertencente a un canón meridiano calculado para 43º 50'. A base orixinal era circular. Está numerado en arábigos, de 7 da mañá a 5 da tarde.

Reloxo de sol horizontal calculado para 43º 50' de latitude norte

Peza de mármore da base primitiva do relo-xo cas perforacions do canón meridiano

Plantilla circular dun reloxo de canón similar ao de Barallobre previa ao recuadro sufrido

Actualmente o reloxo de sol encaixouse nun sillar de granito á esquerda da porta de entrada da casa reitoral, ante unha nova efixie de Santiago Apóstolo en granito labrado sen policromía que presenta a imaxe de peregrino con cabaza e zurrón e na que o estilo ou gnomon xa non ten a cruz de Santiago.

Estado actual do reloxo de sol da casa reitoral

DATOS TÉCNICOS:

Latitude: 43º27'37,53''N.

Lonxitude: 8º10'38,20''O.

Tipo: Anteriormente de canón. Hoxe , horizontal.

Forma: Foi redondo. Ao desmontar o canón, recortárono, quedando a forma actual cuadrangular coas esquinas redondeadas.

Numeración: Arábiga. Actual, de 7 da mañá a 5 da tarde.

Dimensións: 195 mm. de lado.

Altura do chan: 1,00 m. do chan sobre base de granito.

Material de construción: Mármore, sobre peana de granito.

Gnomon: Ten estilo de aceiro inoxidable con 43º de inclinación sobre a horizontal.

Funciona: Si.

Inscricións: Unha media lúa e 43º 50´.

Observacións: Inicialmente tiña outra figura e gnomon diferentes aos que mostran hoxe.

Foi fixado á base de granito con parafusos de forma firme xa que, como lembra o párroco, nos anos sesenta do pasado s. XX houbo que lamentar a desaparición doutro reloxo cuadrante meridional que se atopaba sobre unha peana no esquinal da casa reitoral, como se mostra na fotografía adxunta.

Peana do reloxo cuadrante meridional desaparecido da fachada da reitoral

10. Reloxos de sol en Narón

10.1 Reloxo de sol meridional. Pazo de Libunca

O pazo de Libunca, situado no lugar da Venda, parroquia de San Xiao –actualmente denominado tamén "*Chalé de Cabezas*"[33] polo apelido dos seus anteriores propietarios–, é un edificio de estilo modernista- rexionalista construído en 1922 polo arquitecto catalán Juan S. Roig para a familia Montenegro. Está situado nunha leira duns dez mil m2 perfectamente delimitada. Un exemplo de vila situada nunha contorna rural que recollía o mellor das exposicións universais e do espírito da burguesía da Belle Epóque. Sufriu unha importante rehabilitación integral rematada en 2002.

A súa arquitectura caracterízase pola composición das fachadas con xogos volumétricos, moi rica en elementos decorativos, preferentemente cerámica de Talavera, asinados

33. Soraluce Blond, José Ramón, Fernández Fernández, Xosé, *Arquitecturas da provincia da Coruña, Ares, Fene, Mugardos, Narón y Neda, Vol.I VIII,* Diputación Provincial da Coruña, 2001, p. 185.

polo xenial mestre ceramista Juan Ruiz de Lúa Arroio, discípulo de Sorolla, de quen tomou clases de pintura en 1919, e que deixou aquí un dos mellores programas decorativos desta cerámica polo seu realismo e calidade pictórica.

A entrada está marcada por unha torre que sobresae en altura por encima da liña de cornixa. Unha pequena escalinata leva a un soportal porticado de catro columnas de estilo corintio sobre pedestal. Na parte superior, unha xanela de triplo van con arcos de medio punto cumpre a función de miradoiro. Entre esta xanela e o balcón da planta primeira localízase un reloxo de sol de cerámica talaverana.

Fachada principal na que se aprecia o reloxo na sua parte superior

Vista aerea e ángulo de declinación do Pazo de Libunca. Google Maps

Fachada lateral do Pazo de Libunca e elementos decorativos de cerámica de Talavera do maestro Juan Ruiz de Luna Arroyo

DATOS TÉCNICOS:

Localidade: lugar da Venda. Parroquia de San Xiao.

Provincia: A Coruña.

Localización:

Latitude: 43º32´14,7´´N.

Lonxitude: 008º10´34´´O.

Forma: de escudo.

Tipo: Vertical declinante a Poñente.

Numeración: romana.

Altura do chan: aproximadamente 6,50 m.

Material de construción: cerámica de Talavera.

Declinación da parede: 9º30´´O.

Gnomon: varilla metálica fina.

Funciona: non. Hai desaxustes entre as horas calculadas e as que marca a numeración. O gnomon está mal orientado.



En negro e vermello, simulación de liñas horarias correctas

SIMULACIÓN HORARIA

Reloxo de sol vertical declinante a Poñente. Formado por 50 pezas de azulexo policromado de Talavera, delimitado por unha cenefa de azulexos que á súa vez está rodeada polo debuxo dun escudo formado con motivos vexetais: rolos, etc, e rematado cunha coroa. Marca de IX da mañá a V da tarde en numeración romana. Liñas de horas curtas e sinaladas cuns rombos de lados

curvos que rematan en cada número, intercaladas con outras liñas máis curtas que representan as medias horas. Trazado de liñas horarias que non se corresponde nin coa latitude do lugar nin coa declinación da parede en que se sitúa. O gnomon, que nace da boca dun sol antropomorfo flamíxero, non ten a inclinación correcta xa que é perpendicular ao plano do reloxo.

10.2 RELOXO DE SOL DESAPARECIDO OU "NON NATO"
IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA A MAIOR

Situada no lugar de O Val, o templo de Santa María a Maior é un edificio de planta de cruz latina, de estilo barroco, con senllas dependencias laterais na cabeceira. Os seus muros exteriores son de carga, revestidos e pintados de branco, fóra de: os esquinales, os recercados de ocos e os elementos de carácter ornamental. A cuberta é a diferentes augas, segundo os corpos, e o seu elemento de cubrición é a laxa de lousa que se intercala con tella nas cumbreras e limas.

Panorámica de Santa María a Maior con localización da repisa do reloxo

Na fachada principal concéntrase a ornamentación principal na que os diferentes xogos simétricos e a diversidade de elementos decorativos outórganlle unha vistosidade pouco característica nestes templos rurais. No eixo vertical desta fachada superpóñense unha porta rectangular con gran moldura, un oco circular e, rompendo a cornixa, un campanario con dous ocos. O seu actual aspecto é o resultado dunha profunda restauración feita a finais dos anos oitenta aproximadamente.

Ubicación da repisa que aloxaba o reloxo solar

Nun dos esquinais do corpo do presbiterio, orientado a sur- suroeste, obsérvase unha repisa de pedra que, moi probablemente, tivo como destino soportar un reloxo de sol, con probabilidade do tipo cuadrante meridional, moi utilizado neste tipo de templos da época.

Posición da repisa no esquinal da orientación sur– suroeste

A orientación da repisa e as súas dimensións parecen indicar que o reloxo que estivese colocado nela fose do tipo de placa granítica de cuadrante meridional lixeiramente

virado uns graos buscando a súa orientación ao mediodía. Fixemos unha simulación da peza para que funcionase correctamente nesa posición.

Repisa de granito encastrada nun de dos esquinais do muro





Hipótese de reloxo meridional e simulación horaria

10.3 RELOXO DE SOL MERIDIONAL. IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DO CASTRO

O templo de Santa María do Castro, documentado como outros do municipio en épocas medievais, aínda que con posteriores reformas probablemente dos séculos XVII e XVIII, é de planta sensiblemente rectangular. Está dividido en tramos segundo varios arcos faixóns que soportan unha bóveda de canón de sillería de granito. De estilo primitivamente barroco, do que mantén varios elementos, sufriu modificacións posteriores como

a torre-campanario, de estilo ecléctico, moi probablemente construída en 1844 polo cura D. Jacobo Carballos, segundo consta na súa fachada, que se superpón aos elementos doutras épocas que se manteñen na súa fachada principal e que móstrase mais como un elemento diferenciado que lle subtrae ao edificio o seu estilo e carácter orixinal.

Entre eses elementos destaca a porta rectangular alintelada, (igrexa de asilo, tal como figura na clave) , sobre a que se divisa un oco circular, ou a cornixa, ornamentada con aletons e decorada nos seus extremos con pináculos rematados en bóla, que se interrompe no seu centro para dar paso a unha base con decoración de aplacados que discorren polo espazo pertencente ao eixo central, claramente barrocos.

Vista xeral da igrexa de Santa María do Castro

No esquinal dereito da súa fachada principal, mirando cara a ela, nun dos seus sillares atópase labrado e gravado un reloxo de sol vertical meridional. A cara correspondente á fachada lateral sobresae do plano da vertical buscando a súa orientación ao sur cun ángulo de 4º. Sobre a súa datación, podería inducir a confusión a data que figura sobre a porta principal, pero o feito indubitado de estar construído como parte integrante do sillar sitúao na época barroca, á vez que se construíron os seus muros e elementos característicos do seu estilo dominante e característico.

Detalle da declinación do reloxo no sillar labrado

Vistas laterais do reloxo solar gravado no esquinal da fachada e inscrición

DATOS TÉCNICOS:
Localización: Parroquia de Santa María do Castro. Narón.
Latitude: 43º32´41´´N.
Lonxitude: 008º10´40´´O.
Tipo: Vertical meridional, que é o tipo máis utilizado nas igrexas da zona.

Forma : Sensiblemente cadrada.

Material : Gravado sobre sillar de granito.

Altura: Sobre o chan, duns 3,50 metros aproximadamente.

Gnomon: Parece o orixinal, metálico, con forma recortada curva na sua parte inferior e fixado con chumbo.

Numeración: Quedan leves restos de numeración arábiga



Facendo unha comparativa de liñas, apréciase que o trazado se achega máis a un trazado incorrecto en que todas as liñas estan separadas 15 graos que ao trazado correspondente a un reloxo de sol vertical meridional para esa latitude.

Panorámica de Santa María do Castro coa ubicación do reloxo e cemiterio anexo

10.4 RELOXO DE SOL DE PROYECCIÓN POLAR HORIZONTAL EN ALDEA NOVA. SEDES

Aldea Nova, na parroquia de Sedes, Narón, é un parque temático preparado para visitas didácticas de escolares; visitas culturais de particulares e grupos organizados e visitas lúdicas de público en xeral. Destaca especialmente a súa aposta polas enerxías renovables, a agricultura e a gandería ecolóxica. Inclúe un museo etnográfico, a reprodución dun castro que se pode visitar, aterrazados de agricultura ecolóxica, apiario e gandería autóctona. Tamén se realizan cursos e faladoiros de agricultura ecolóxica e aplicación de enerxías renovables.

O mes de agosto de 2007 foi inaugurado un reloxo de sol, obra do mariño e inventor cedeirense José Antonio Bustabad, autor doutros reloxos de sol de diferentes tipos e formatos.

Atópase na zona Norte do parque, sobre unha columna de sección cadrada dun metro de altura e no centro dun lousado.

Como o describe o propio autor, "está construído no mellor aceiro inoxidable", nunha chapa de recorte octogonal regular atornillada sobre unha peza circular pétrea. Polo lado Norte dispón dunha columna metálica que serve de apoio á parte superior do gnomon, tamén en varilla metálica.

O reloxo de sol, denominado por Bustabad como "Reloxo solar de proxección polar horizontal", ten gravacións en lingua galega e consta de catro "esferas" ou círculos concéntricos que conteñen cada un un tipo de horario a saber:

— O primeiro círculo ou máis exterior, coa inscrición "HORA DE VERAN" sinala o horario legal de verán en numeración arábiga de 7 a 22 horas.

— O segundo círculo, coa inscrición "HORA DE INVERNO" sinala o horario legal de inverno en numeración arábiga de 6 a 21 horas.

— O terceiro círculo, coa inscrición "HORA UNIVERSAL" sinala o horario do meridiano de Greenwich ou meridiano "0" de 5 a 20 horas.

— O cuarto círculo, o máis interior, coa inscrición "HORA SOLAR" sinala a hora solar local ou hora verdadeira do lugar en numeración romana de V da mañá a VII da tarde.

As catro escalas están subdivididas en períodos dunha hora, media hora e cuarto de hora, o que lle dá maior precisión ao reloxo.

Ademais das inscricións citadas, contén as inscricións do lugar, autor e data e:

— 43º 33´ 52´´ N (Correspondente á latitude xeográfica do lugar)

— 008º 07´ 53´´ W (Correspondente á lonxitude xeográfica do lugar)

— 289 m. (Correspondente á altura sobre o nivel do mar do lugar)

— 00:32:31,53 (Correspondente á distancia en lonxitude pasada a minutos e segundos que separa Aldea Nova do meridiano "0").

Na columna que fai de pé ao reloxo hai varias placas en Inox con: táboas de correccións específicas cos minutos e segundos de adianto ou atraso que rexistra o horario solar e o horario oficial durante todo o ano; táboa para o cálculo da hora oficial en diferentes nacións do mundo indicando o nome do país e o fuso horario no que está; táboa completísima indicando as horas de Orto e Ocaso de todos os días do ano para esa localización.

Foto de Ramón Pena Rego, recollida na web http://visionesdeferrolterra.blogspot.com.es/

11. Reloxos de sol en Neda

11.1 Reloxo de sol. O Roxal, 38

Atopamos un reloxo solar situado nunha vivenda unifamiliar de planta baixa e piso, recentemente reformada, con cuberta de tella a dúas augas, situada no lugar de O Roxal, 38. Un emprazamento hoxe de carácter urbano ao pé dunha estrada de gran tráfico rodado.

Trátase dun reloxo de sol vertical meridional realizado nun bloque pétreo repintado con tal exceso que se pintou tamén o gnomon. O bloque ten na sua parte superior do cuadrante un remate curvo seguido doutro prismático e culminado por outro piramidal. Descansa sobre unha ménsula de granito aparentemente nova, moldurada, e está virado uns 20 graos para compensar a desviación da parede. Aos lados do reloxo ten gravadas unhas falsas pilastras, limitadas superior e inferiormente por uns círculos concéntricos enmarcados en cadrados e no seu parte superior, tamén medio rosetón semicircular.

Situación do reloxo solar na vivenda de O Roxal, 38

Reloxo en baixorrelevo, de deseño meridional con liñas simétricas respecto das 12, excepto por unha liña de máis entre as 6 e as 7, gravada posiblemente por estar mal colocado con anterioridade. O resto de liñas parecen coincidentes e algunha das desviacións podería ser debida á incli-

Detalle do frente do reloxo sobre a sua peana e datos de orientación do compás

Vista lateral do reloxo solar e vista desde abaxio e peana

nación da foto sobre a que se realiza a simulación de liñas horarias. O gnomon é de chapa metálica pintado no mesmo cor ocre que domina na peza. Carece de numeración, aínda que parece que quedan restos dun "1" baixo a liña das 11 horas e unha "2" baixa a liña das 12.

Lamentablemente non funciona xa que, pola hora na que se fixo a foto, debería marcar sobre as 14h 45m e marca as 15h 40 m.

SIMULACIÓN DAS LIÑAS HORARIAS

Ao realizar a simulación de liñas horarias e observar con detemento a peza estímase que o reloxo debería ter numeración arábiga polos restos que parecen apreciarse e ademais porque en franxas tan estreitas non caberían os números romanos de forma lexible.

11.2 RELOXO DE SOL. CASA DOS RIVERO

A chamada casa dos Rivero é unha vivenda situada á beira da avenida de Xubia, no núcleo da vila de Neda. Trátase dunha edificación construída no s. XIX, de grandes dimensións en relación ás da contorna, de planta sensiblemente rectangular e irregular, ao engadírselle un corpo baixo destinado a garaxe. Conta cunha planta baixa e dúas altas. A fachada principal, cara á avenida, dispón de vans situados rítmicamente e de distinta tipoloxía segundo cada planta.

A fachada posterior, orientada ó xardín, ten unha galería que ocupa toda a fronte, sostida por alicerces de granito, o que dá lugar na súa planta inferior a un espazo cuberto a modo de soportal. Nunha das súas fachadas laterais destaca unha galería voada sobre o muro. Desprazado cara a un lateral neste muro hastial, sobre a cuberta do garaxe e en liña co dintel das xanelas da planta primeira, atopamos un reloxo solar meridional. Pola súa posición, parece colocado con anterioridade á construción deste novo corpo, no espazo que anteriormente debeu de ser parte do xardín da propiedade, xa que hoxe o garaxe dificulta a lectura das horas de forma significativa.

Reloxo meridional no muro pinche, sobre a cuberta do garaxe

Posición a mediodía do reloxo solar



Detalle do reloxo sobre a sua peana e datos de orientación do compás

Detalle do reloxo solar sobre o que se aprecia algunha inscrición e o gnomon metálico

Trátase dun reloxo de sol vertical meridional realizado nun bloque pétreo co gnomon metálico, probablemente de cobre. O bloque ten na súa parte superior do cuadrante un remate curvo. Descansa sobre unha ménsula prismática de granito.



Simulación de líneas horarias

12. Conclusións

Como resultado deste traballo puidemos comprobar como, desde o punto de vista da gnomónica, os reloxos de sol existentes nesta comarca homoxénea de seis municipios, –caracterizada pola súa proximidade ao mar e a súa configuración ao longo das rías de Ares e Ferrol– ten unha diversidade de reloxos non só na súa clasificación tipolóxica senón cronolóxica e de construción.

Constatamos a presenza de reloxos construídos nos últimos catro séculos. Reloxos dezaoitescos tan singulares como os emprazados na edificación militar de San Felipe (Ferrol) ou os construídos "ad hoc" nas igrexas de S. Salvador de Serantes (Ferrol) e Santa María do Castro (Narón). Outros máis modestos, xeralmente cuadrantes meridionais construídos no s. XIX, como os instalados en vivendas particulares das casas de Pérez Varela (Mugardos), os da casa de Rivero e en O Roxal (Neda) ou honrosas excepcións como o singular reloxo horizontal da casa Rodríguez- Cousillas de Redes. O século XX tamén nos deixa as súas achegas con dous exemplares destacados no Pazo de Libunca, de preciosa cerámica talaverana ou o colocado sobre a porta histórica da Politécnica de Esteiro. Pero o empeño e a afección á reloxería solar dalgunhas persoas coetáneas nosas legáronnos no s. XXI outros exemplares máis modernos e non menos interesantes como os deseñados polo P. Cintio en diversos lugares de Ares e Mugardos: reloxos- calendarios

solares de gran beleza plástica e funcionalidade como os da casa do camiño do Castro e da igrexa de San Xosé en Ares ou os do I.E.S. e igrexa de San Xiao en Mugardos ou o fabricado polo cedeirense Bustabad en Aldea Nova, Sedes, no concello de Narón.





Non é menos interesante observar que en varias ocasións atópanse reloxos "non natos" ou que desapareceron do seu primitivo emprazamento. Os primeiros e os construídos nun sillar labrado e tallado dun elemento portante estrutural (pilastra ou muro) teñen unha importancia relevante xa que nos indican que desde o mesmo momento da construción do edificio, e seica na súa fase de deseño, estaba prevista a instalación do reloxo solar. Esa circunstancia achéganos outra información tan valiosa como a de poder datalo, pois habemos de concluír que o reloxo é da data de construción do templo e, se estivese gravado desde entón, poder deducir que moi probablemente o oficial de cantería da igrexa fose o que tallou o reloxo, como no caso do canteiro cántabro Pérez do Hoyo, autor de, polo menos, catro reloxos solares en Cantabria e Valladolid a mediados do s. XVIII.

Outra conclusión final sería comprobar que, lamentablemente, o descoñecemento popular destas pezas patrimoniais históricas que tanta utilidade prestaron para a medición do tempo ao longo de séculos levou en ocasións a cometer imprudencias en restauracións ou relocalizacións que os converteron en obxectos inútiles ou en pezas decorativas que non só non cumpren a súa función principal senón que víronse alteradas con repintes as súas inscricións orixinais.





É evidente que primeiro, os reloxos mecánicos e actualmente os dispositivos dixitais deixaron na obsolescencia aos reloxos solares, pero non é menos certo que é obriga de todos conservar o noso patrimonio e recoñecer o servizo prestado por estas testemuñas mudas do pasado.

Os reloxos de sol, son unha suma de saberes, de ciencias. É necesario saber os movementos do sol e da terra, o que implica coñecementos de astronomía, das medidas das sombras e os seus ángulos. Precísanse cálculos matemáticos e moita xeometría. Os lemas escritos neles –xeralmente escritos en latín– demostran coñecementos en linguas clásicas e adoitan indicar unha "filosofía" do tempo e sobre todo do seu transcorrer. Un legado cultural de valor incalculable.

E agora, querido lector, que xa ten unha visión –aínda que sexa rápida– dos reloxos solares máis comúns nesta comarca, ofrecémoslle que constrúa vostede mesmo un reloxo horizontal. Probablemente o de menor custo do mercado. Siga as instrucións do modelo que se lle facilita e poderá ver qué ben funciona.

Os exemplos que se acompañan axudaranlle a interpretar correctamente a lectura horaria.



RELOXO HORIZONTAL RECORTABLE PARA A LATITUDE DE REDES. SAN VICENTE DE CAAMOUCO. ARES.

13. Bibliografía

AGUILAR, Miguel. *Cuadrantes solares,* Instituto Geográfico Nacional. Anuario del Observatorio Astronómico de Madrid, 1923.

ALFONSO X DE CASTILLA, *Libros del saber de Astronomia,*Madrid, 1863-6.

ARACIL, Carlos de, BURGOA, Juan J., *El convento de Santa Catalina de Montefaro. Una fundación de Fernán Pérez de Andrade*, "Nalgures", Tomo IX, 2013.

AREILZA, José María. *Un centenario olvidado. Las Comisiones de Monumentos del reino* en "Boletín de la Real Sociedad Vascongada de Amigos del País*"*, 1945, año 1º, 2º cuatrimestre.

BASANTA, José Luis, *Relojes de piedra en Galicia,* Fundación Barrié, A Coruña, 1986.

BELLO PLATAS, Ana Isabel, *Pazo Libunca*, concello de Narón, 2014.

CARNEIRO REY, Juan A. *O Mosteiro de Santa Catalina de Montefaro,* Diputación de A Coruña, 2016.

IGLESIA, Antonio de la, *Estudios Arqueológicos. Santa Catalina de Montefaro*, *Galicia* IV (1864).

INSUA CABANAS, Mercedes, *Arquitectura Hospitalaria Gallega de Pabellones*, Universidad de A Coruña, 2002.

LOPEZ NAVEIRAS, Ernesto, *A Tenencia, "*Revista Cultural de Estudos Locais", nº 4, ano 2011, da Agrupación Instructiva de Caamouco.

LÓPEZ PICHER, Mercedes, *Notas para el estudio de la desamortización del patrimonio cultural de la Iglesia en la provincia de A Coruña: El Convento de Franciscanos Terceros de Santa Catalina de Montefaro.*

NOVELLA, Pedro, *Relojes de sol fechados*. http://relojesdesol.info/files/Relojes-de-sol-fechados-Generalidades.pdf

Novísima Recopilación, leyes III-VII. Título XXXI. Libro VII.

OTERO PEDRAYO, Ramón, *Guía de Galicia*, Ed. Galaxia, S.A.1926.

PALAU, MIQUEL. *Historia y trazado de los relojes de sol al alcance de todos.* Editorial Millá. 1982

SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús A.*, Faustino Domínguez y la arquitectura gallega del s. XIX*, Diputación A Coruña 1997.

SOLER GAYA, Rafael, *Diseño y construcción de relojes de sol y de luna*, Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos. Madrid, 1997.

SORALUCE BLOND y FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X., *Arquitecturas da Provincia da Coruña. Comarca de Ferrol*, vol. VIII, A Coruña 1997.

SORALUCE BLOND, José Ramón, FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Xosé, *Arquitecturas da provincia da Coruña, Ferrol,* Vol.l XIV, Diputación Provincial da Coruña, 2001.

VIGO TRASANCOS et al. *Galicia y el siglo XVIII. Planos y dibujos de arquitectura y Urbanismo (1701-1800),* Fundación Barrié.

VITRUVIO, Marco Lucio, *Los diez libros de Arquitectura (Libro noveno)*. Editorial Iberia, 1996

YÁÑEZ RODRÍGUEZ, José Manuel, *San Juan de Caaveiro, Un monasterio entre la naturaleza*, Diputación A Coruña, 2015.

PAXS. WEB CONSULTADAS

http://www.galiciaartabradigital.com/archivos/110746
http://www.masmar.net/esl/Gu%C3%ADas/Derroteros/Galicia-Costa-Cant%C3%A1brico-y-Atl%C3%A1ntico/Golfo-Artabro.-Derrotero
https://www.udc.es/sobreUDC/localizacion/ferrol/esteiro/resena_historica/
http://parroquiadeares.blogspot.com.es/2008/06/explicacion-del-reloj-de-sol-que-ser.html
http://www.dailymotion.com/video/x5da9_explicacion-reloj-de-sol-i_people (40 seg)
http://relojesdesol.info/files/Relojes-de-sol-fechados-Generalidades.pdf
http://www.dailymotion.com/video/x5d8h_explicacion-reloj-de-sol-ii_people (90 seg)
http://www.diazydiazarquitectos.com/proyectos/dos-viviendas-redes-ares-coruna-galicia/

CÁTEDRA

ESCOLMA DA NOSA HISTORIA

Estes tres artigos titulados **Estudios Arqueolóxicos. Monasterio de Monfero (I-II-III)**, dos que é autor Antonio de la Iglesia, están publicados na revista ***GALICIA. Revista Universal de este Reino.*** Tomo III, ano IV, números 10, 11 e 12, A Coruña 1863

GALICIA.

REVISTA UNIVERSAL

DE ESTE REINO.

TOMO III.

CORUÑA:
Imp. del Hospicio provincial, á cargo de D. Mariano M. y Sancho.
1865.

tabere confirmavi.—Fiascus Alfonsus notarius Apostolicus.

ESTUDIOS ARQUEOLÓGICOS.

MONASTERIO DE MONFERO.

I.

Como á unas tres leguas hácia Nordeste de la ciudad de Betanzos y otro tanto al Sureste de la villa de Puentedeume, entre las sierras que rematan aquella á las ríos Eume y Mandeo por medio de grandiosos de afluentes del uno y otro, y allí donde nacen los del río Lambre que desagua al Occidente en el mar de Sada, después de bañar á Vizmonde y La Vila, Guimil y Ambroa, Cabolar y Vilamaía, Bermantes y San Pantayon das Viñas, yacen ocultas las ruinas de una de los mas notables monasterios cistercienses, el de Santa María de Monfero. Álzase por el Oriente la sierra de Moncoso y sus estribos vienen á dar al severo lugar de aquellas ruinas guarecidas por las montañas que con los nombres de Carozi, Coto de Montechouzo, Cota, Arilleiro, Chao do Martiño, Parrochan, Edrada y Espertillo con el Monte de Rego atravesando á Santa Julian, ocultan el monasterio de lejanas miradas; á no ser por la parte meridional donde cuyas apartadas sierras aún pueden divisarse sus mutiladas torres.

Pocas sierras pueden reconocerse de más imponente magestad que las de Monfero ni cuyo horizonte se ofrezca más extenso y variado para el que se remonte sobre aquellos picachos picos que á manera de arrimadas tablas de anchacho reflejan la luz solar sobre aquellas menos elevadas, de sabroso pasto á las cabras monteses y aquellas humildes enhadas desconocida vegetacion de moras, tojos y robles, entre los que se cobijan durante la noche de tempestad y tinieblas el toro y el caballo salvage con los ciervos y javalies.

Descuella sobre todos, el Pico de Viles, 2405 piés más alto que el nivel del mar, dominando las sierras de la Loña y de Moncoso y la del Cordal de Montouto, despreciando las fortalezas, torres, castillos y poderío de las ciudades populosas que á los piés advierte, lo mismo que el alta mar que allá en lontananza le muestra sus islas y sus faros. Nace á su pié el rio Fray Bermudo que al norte cambia atravesando á Gestoso, para aumentar el caudal del encarcelado y silencioso Eume, en tanto que al Sureste marcha otro igual á incorporarse al caudoso Mandeo, atravesando por entre lrijoa y Berines, Mástaras y Chorio, San Glao de Vigo y Corujos.

En una quiebra, pues, de tan accidentado país se asentó el monasterio cisterciense de Monfero ó de Monte fiero ó terrible, hoy enteramente solitario, sin una sola habitante que le guarde, un solo cenobita que haga respetar del impío, el lugar santo é impida con su venerable aspecto esparcir al viento las notas escritas allí depositadas.

Siguiendo de las ventas de la Viuda, se ve en el atrio del templo y de la portería del monasterio, cubriendo aquel campo con dos cubetos y frondosos frutales. El recinto monacal se ve aun circundado de murallas y torreones á trechos, entrándose al atrio por un arco coronado con la cruz. La fachada principal de la iglesia mira á Occidente y se halla constituida por un cuerpo de centro bellas columnas y dos pilastras entradas del dicho cuerpo cuyas elegantes bases apoyan en el mismo pavimento del atrio, sin otro pedestal y van á sustentar sobre los bellos capiteles de corintesamiento de flores, estrías y modillones con que termina sin frontis alguno, miéntras que en la parte central se abre la puerta y ventanas y otras colateralmente y horacinas en los intercolumnios, entrepañado todo con adornos de cuestones en que se engastan negras y brutales tablas de pizarra, flanqueando, por último, dos torres esta fachada engalanada.

Rompe la parte central inferior la puerta del templo con una cruz como la de Santo Domingo, esculpida en su clave. Ábrese encima una ventana rectangular decorada con un frontis y más arriba otra con la punta superior cortada en media luna terminando con otra ventana rectangular, de bordes marquesados. Colaterales, ábrense rectangulares y marquesadas hornacinas para las estátuas de una Reina y una monja ocupando ésta la derecha del observador. El fondo de las hornacinas, distribuido en dos arquitos y cornisa tras las estátuas, alzándose ellas sobre esbeltas ménsulas y adornándose con guarnicion las respaldas superiores cortando ángulos y así mismo cortado el frontis por el ángulo superior aunque con poco espacio. Ventanas largo más arriba como las inferiores y central, con las de arco abocinado por marco rectangular, adornando sus claves la cruz semejante á la de Santo Domingo.

La torre de la derecha eleva dos cuerpos sobre la fachada; el primero cuadrado con su pedestal, un arco á cada frente abocinando una ventana rectangular á cuyos lados se notan pilastras bajas, en número de ocho por frente, que sobre una esbelta cornisa se-

bre la cual se levanta ochavado el segundo cuerpo, de basamento y dos pilastras á cada lado del único arco de cada cara, intermediando luego otras tres pilastras por el plano de las ochavas, todo con entrepaños de florones y picos, suspendiéndose la obra ántes de empezar la cornisa de este cuerpo.

La torre de la izquierda quedó tambien en la conclusion del basamento del segundo cuerpo, y ambas torres concluidas ofrecerian un aspecto hermoso.

Entrando luego al templo, se reconoce aún aquella soberbia nave de unas setenta y siete varas de largo, por quince de ancho, con proporcional altura, de una arquitectura bien desempeñada por el órden y estilo de la fachada principal ó sea corintio y del siglo XVII, segun se ha podido vislumbrar ya, por las mencionadas indicaciones. La escultura ha padecido tanto, que sólo restos se veian tendidos por el suelo, en la mañana que con dolor examinábamos aquellas sagradas ruinas de dorados capiteles y marmóreas columnas entre el polvo, y no pudimos sofocar un estremecimiento de horror, al tropezar nuestros piés con los tendidos monges de hábito blanco y vista fija y clara, que abierto el cráneo, vertian fresca y preciosa sangre todavía que corria por su frente. Eran estátuas del tamaño natural y de mártires que traian á nuestra memoria, uno de los más afectivos, cruentos é innecesarios episodios de nuestra revolucion.

Hasta unas veinte y dos varas de la entrada, se extiende el coro suspendido en alto por una bóveda de casetones lisos y achatada, y á las treinta y ocho varas rompe el crucero del templo, sustentada la gran linterna de ocho ventanas rectangulares, por ocho pilastras, dos á cada ángulo saliente, con gran cornisamento de florones, el que recorre asimismo todo el ámbito del claro templo, que en forma de cruz, presenta á su cabeza la capilla mayor y dos colaterales en sus brazos. El espacio comprendido entre la puerta y el crucero, presenta contra el muro á cada lado cuatro pilastras y dos á cada ángulo entrante de la cruz, las cuales alzando el bello cornisamento y sobre él mismo los arcos de compartimento de las bóvedas, se presentan éstas con un aspecto tal de magnificencia con sus casetones de gran relieve á dos marcos, inserto el uno en el otro, pasando una faja desde el centro de cada lado del interior, al centro de cada lado del externo, con tal gusto en el trazado y tal maestría en la ejecucion, que dejan estas bóvedas atrás las mismas del gran templo del monasterio tambien cisterciense de Sobrado.

En cada brazo de la cruz y contra la capilla mayor, haya demás una capillita con casetones y ornato de florones por la arquivolta; pero la que más llama la atencion ahora es la capilla de la Virgen de Cela, al frente del brazo de la cruz á la parte septentrional que presenta un rico altar de granito formado su retablo por dos pedestales de cuatro casetones uno, que elevan cuatro columnas del órden corintio que es el de todo el templo, con su bella cornisa y un frontis curvo y cortado segun el gusto de la época, coincidiendo á sus lados con las columnas, cuatro pedestales y sus remates de urna, y sobre el frontis otro remate de que sale una torneada cruz. Ostenta el frontis un gran pergamino figurado con el escudo de armas del monasterio en relieve, que son un brazo con manga de cogulla sosteniendo el báculo abacial en la mano, dos flores de lis á los lados superiores, abajo la mitra y atravesado sesgadamente el escudo por una banda.

Todo este conjunto abraza una capilla con bóveda de adornos de casetones y florones, más la faja, lo mismo que la guarnicion del arco alzado por pilastras estriadas sobre su imposta, mostrando las pechinas la cruz parecida á la de Santo Domingo. Aún se ve dorado ricamente todo ese cuerpo arquitectónico que resistirá un poco más por ser de piedra berroqueña: es obra del año 1660 segun la inscripcion y aquí se veneraba la Virgen de Cela aparecida en el monte de este nombre donde mana una rica fuente.

Una capilla que denominaban del Santo Cristo, se reconoce por un arco existente bajo la galería del órgano, á la derecha como entramos despues del coro.

Tras la capilla mayor hay una pieza muy notable y de nombradía llamada *la Chirola* que viene á ser una sacristía cuadrada de unas catorce varas por lado con cuatro altares, uno en cada muro y la bóveda cincelada con profusion de relieve y casetones representando blasones, cruces, rostros, lunas, soles y estrellas y otros mil objetos; pero no ejecutado uno con aquella maestría que se reconoce en la arquitectura del templo: aunque no se hubiese grabado allí en caracteres arábigos el año 1716, lo revelaria la idea y ejecucion de aquellos relieves. Se entra á ella por dos puertas por donde al incensar se penetraba y salia cuando se celebraba el sacrificio, pues esta veneracion se guardaba en tiempo de los monges, quienes despues del altar mayor venian á dar incienso al que á la espalda tenia en la Chirola.

Existe además la llamada sacristía con su fuente donde los nombres de Jesus y María están inscriptos, de bastante extension pues tendrá diez y ocho varas de largo por quince de ancho, con tres arcos sostenidos por columnas y dividida la bóveda en seis com-

partimento; templo esta obra, según la inscripción, del año 1790.

